

Concellos da comarca critican a situación dos servizos sanitarios no rural

A veciñanza está a amosar a súa preocupación pola deriva que está a tomar a asistencia sanitaria nas distintas localidades do rural así como do estado no que se atopan varios centros de saúde chairegos. Por unha banda, están a facerse numerosas protestas pola recuperación dos servizos sanitarios como pola falta de profesionais, os peches dalgúns centros e outros moitos problemas como os que acontecen en Muras, Cospeito ou Castro de Rei. Pola contra, o Sergas anunciou obras de ampliación no PAC de Meira para resolver as necesidades de espazo nas instalacións.

Listos para o Entroido

Varios concellos da comarca volven celebrar unha das súas tradicionais festas nas que nenos e adultos disfrázanse para animar as rúas das súas localidades



Moitos dos concellos chairegos tomaron a decisión de recuperar este ano o Entroido e abriron prazos para os tradicionais concursos de disfraces, como é o caso de Vilalba, Val de Francos, Xermade ou As Pontes. Outros moitos seguen madurando unha decisión e algúns, como Abadín, xa confirmaron que non haberá desfile. A situación da covid aínda segue a ser preocupante e hai medo aos gromos. Deste xeito, asociacións e concellos aínda irán ampliando e completando, en función da evolución da situación sanitaria, as súas programacións para unha celebración que dará cozezo o 25 ata o 6 de marzo.

vilalba. A localidade acolle as Xornadas Rosalianas. **Pax. 3**

friol. Entrevista a José Ángel Santos, alcalde da localidade. **Pax. 12**

guitiriz. O Concello pide a transferencia da travesía urbana da N-VI. **Pax. 14**

outeiro de rei. Convoacan as actividades vinculadas á muller. **Pax. 16**

xermade. Abre unha nova edición de Xermade na Historia. **Pax. 17**

cospeito. A Festa da Filloa volve e a Moexmu presenta o cartel. **Pax. 21**

meira. Proxectan a ampliación do centro de saúde e do PAC. **Pax. 23**

Volve a Feira do Queixo a Friol



Celebrarase o domingo 20 de marzo. **Pax. 11**

Dous chairegos impulsan unha ONG



Alberto e Lara estiveron en Kenia. **Pax. 25**

O club de rugby Fendetestas



Carla Da Silva é a directora técnica da entidade. **Pax. 28**

Urxen á Xunta a resolver o déficit de prazas de residencia

A Deputación urxe á Xunta a resolver o déficit de 14.331 prazas en residencias públicas da terceira idade que existe na comunidade galega. A administración provincial insta a que se creen

todas estas prazas baseándose no último estudo da asociación estatal de Directoras e Xerentes de Servizos Sociais, que constata esta realidade, coas recomendación da OMS. **Pax. 26**

NOVALUX
óptica & centro auditivo

As Pontes
981 451 504

Vilalba
982 510 100

Nº R.S. E-15-000024 / E-15-001170

Nº R.S. E-27-000351 / E-27-000333



O amor comeza
con unha mirada

Comparte o noso 2x1

*Non acumulable a outras promocións

NOVAS

vilalba

Vilalba lidera a listaxe das axudas para corrixir o feísmo

O municipio de Vilalba foi un dos que máis subvencións recibiu en 2021 para obras de corrección de impactos na paisaxe, só igualado na provincia por Lugo e Palas de Rei. En total foron nove vivendas particulares do municipio nas que se realizaron traballos de renovación grazas a esta liña de axudas.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda destinou 493.100 euros a 138 actuacións en toda a provincia, baseadas nunhas axudas pioneiras o pasado ano e que na provincia impulsaron, en concreto, 126 reformas particulares -ás que se destinaron 344.000 euros- e 12 municipais -con achegas que suman 149.100 euros-. Os apoios da Consellería cobren o 70% da intervención. A Xunta vén de convocar de novo ambos programas para promover obras de reforma ou conservación



en vivendas, edificios e equipamentos públicos municipais. Os particulares terán acceso a un máximo de 3.000 euros, mentres para as entidades locais a subvención poderá chegar ata os 40.000 euros.

Entre os concellos con maior número de actuacións particulares aprobadas na provincia figuran tamén os de A Pastoriza, Abadín, Cospoito e Riotorto, con cinco en cada caso; e Becerreá e Castroverde, con catro.

Artéllase a creación dun consello municipal para a mocidade

O Concello de Vilalba está a estudar a creación dun espazo de participación para a mocidade e a infancia, unha canle directa para a implicación da veciñanza máis nova nos asuntos da localidade.

O Consello Municipal da Participación Moza e Infantil nacería como un órgano consultivo para articular e canalizar a participación de nenas, nenos e mocidade, facilitando un espazo para a proposición de ideas, o debate e a posta en práctica da cidadanía activa.

O goberno local valora positivamente a creación deste foro de participación que estaría integrado por representantes elixidos desde os propios centros educativos para actuar como interlocutores e interlocutoras ante unha institución pública como o concello. Deste xeito, tamén se fomentaría o acordo e o consenso entre os grupos, así como a autonomía e a toma de decisións.

“Debemos facilitar a implicación dos máis novos e novas, que comencen a responsabilizarse da vida en comunidade e a organizarse, porque son o futuro”, din.

O Concello abriu e un período de

Listos para o Entroido

Convocado o tradicional concurso de disfraces para o 1 de marzo

A organización ten listas as bases de participación no Entroido 2022, no que se recupera o tradicional desfile de disfraces e comparsas tras o parón obrigado pola pandemia o ano pasado.

As persoas e comparsas participantes farán un desfile pola vila o martes 1 de marzo a partir das 17.00 horas, con saída da rúa Castela, o lado da estación de autobuses de Vilalba, para pasar despois por Campo de Puente, rúa da Pravia e rematar na praza da Constitución.

Poden participar e optar aos premios e axudas, ademais dos particulares e parellas, calquera asociación ou entidade legalmente constituída, así como os “grupos ocasionais” que cumpran as condicións establecidas nestas bases.

Haberá premios para as mellores comparsas Infantil e xuvenil (de 0 a 14 anos) e para as mellores comparsas de Adultos (a partir de 15 anos)



e Mixtas (adultos e nenos). Na categoría individual e por parellas, para Infantil e Xuvenil (0 a 14 anos) e Adultos (máis de 15 anos).

O premio de maior cuantía será de 700 euros para a mellor comparsa

mixta. Haberá tamén premios para as comparsas máis orixinais e simpáticas, ademais de 1.000 euros a repartir entre todas as comparsas que participen e non obteñan premios (máximo 100 euros por comparsa).

O prazo de inscrición no desfile remata o 20 de febreiro. Todos e todas as participantes obterán un vale de chocolate con churros, e os nenos e nenas menores de 14 anos un agasallo.

No caso de que as condicións meteorolóxicas impidan a celebración do desfile, trasladarase a outra data, tendo sempre en conta as datas dos desfiles en concellos limítrofes para non coincidir.

O día seguinte, o mércores 2 de marzo, o concello organizará para rematar o Entroido o Enterro da Sardiña, ás 20:00 horas na praza da Constitución, no que tamén se repartirá chocolate con churros.

Listo o primeiro inventario de camiños municipais

Xa está listo o primeiro inventario de camiños municipais, que foi aprobado en Pleno. O goberno local destaca a importancia deste proxecto, dado que non existía con anterioridade un inventario completo das vías.

O documento, con máis de 2.800 camiños, aportará unha maior seguridade xurídica á veciñanza, cunha aclaración precisa sobre que vías son de titularidade pública e privadas.

O Concello abriu e un período de

dous meses para a consulta pública e alegacións por parte dos veciños. Instalarase un visor na web para poder ver online o inventario.

O concello remata desta maneira un intenso traballo que incluíu reunións cos veciños e veciñas de todas as parroquias, co obxectivo de aclarar dúbidas sobre a titularidade dos camiños.

O inventario recolle a impresión de planos, fichas individuais de cada un

dos bens inventariados e un listado de todos os camiños (aclarando se son de titularidade municipal, da Deputación ou doutras administracións).

“O inventario será fundamental para acometer no futuro actuacións como arranxo de vías e desbroces, eliminando as dúbidas sobre a titularidade dos camiños”, explica Luis Fernández, concelleiro de Infraestruturas de Vilalba.

ESTUFAS PELLETS

ESTUFA PELLET SUSY 7,5 KW MARFIL
970€ (IVA incluído)

ESTUFA PELLET NEW MIKRO 8,2 KW MARFIL
1.180€ (IVA incluído)

ROMPEDOR LEÑA ANOVA

ELÉCTRICO REF. RLT12VH
925€ (IVA incluído)

Características:
- Potencia: 12 Tn
- Motor: 5 HP - 3500 W
- Longitud corte: 520 mm
- Ø máx. corte: 400 mm
- Monofásico: 220 V
- Peso: 150 kg
- 2 posicións de traballo

ROMPEDOR LEÑA ANOVA

GASOLINA REF. RLT12GVH
965€ (IVA incluído)

Características:
- Potencia: 12t
- Motor: 7CV
- Longitud de corte: 520 mm
- Ø máx. de corte: 400 mm
- Peso: 106 Kg
- 3 posicións de traballo

EN CAMPAÑA SERVICIO 24H.

TENEMOS LOS MEJORES PRECIOS

RECAMBIOS Y SUMINISTROS

RECAMBIOS EN GENERAL - HIDRÁULICA - NEUMÁTICA - JARDINERÍA - VENTA DE MAQUINARIA - SERVICIO DE REPARACIONES

Rúa do Freixo, P-53 - Pol. Ind. Sete Pontes, 27800 Vilalba - Lugo. Tel.: 982 831 105 - 609 392 656 - recambios@sesacar.com

A biblioteca convoca de novo o Reto Lector

A Biblioteca Municipal convoca o concurso Reto Lector 2022, co obxectivo de fomentar a lectura e crear o hábito de visitar a biblioteca como espazo público de lecer.

O concurso está aberto a todas as usuarias e usuarios xuvenís e adultos da biblioteca e que sexan socios. No caso de non selo, a solicitude do carné da biblioteca é gratuítala e realízase no mesmo momento.

A dinámica do concurso baséase na selección dun estilo ou xénero literario diferente cada mes por parte da biblioteca. Deste modo, propórase unha mostra bibliográfica en relación co tema de cada mes.

As persoas participantes deberán recoller na biblioteca unha cuartilla na que mensualmente se verificarán as lecturas que realicen e que deben ser títulos da biblioteca. As lecturas de cada temática selaranse dentro do mes que corresponda. Entre as temáticas deste Reto Lector 2022 inclúese un libro en lingua galega, un de autoría feminina, unha banda deseñada e un clásico, entre outros. A primeira, no mes de xaneiro, corresponde a unha obra premiada.

Vilalba desenvolve as Xornadas Rosalianas cun amplo programa

As Xornadas Rosalianas chegan a Vilalba para quedarse. Así o confirmaron desde o Concello de Vilalba, a Nova Poesía Guitirica e o Instituto de Estudos Chairegos, tres entidades que veñen de organizar un programa con máis dunha decena de accións encamiñadas á distinción e recoñecemento de Rosalía de Castro.

Os actos comezarán o venres 11 de febreiro, coa inauguración na sala de exposicións do Auditorio Municipal da mostra *Rosalianas*, da pintora e escultora muxiá Viki Rivadulla. A exposición é unha antoloxía que reúne unha selección de obras de catro series distintas para conmemorar o mes de Rosalía como pioneira feminista que foi.

O sábado 12 de febreiro o presidente da Fundación Rosalía de Castro, Anxo Angueira, fará un relatorio ás 12 horas que precederá á inauguración do Parque Rosalía de Castro, situado entre as rúas Calvario e Rouco Varela, promovido polo Iescha. Nesta cita contarase cos versos de Clara



Blanco e Lois Gayoso, e cun poema musicado a cargo dunha pequena representación da A.C de Andrade.

Tamén haberá propostas para as máis pequenas e pequenos, pois o venres 18 de febreiro ás 18 horas o Auditorio acollerá *A viaxe de Rosalía*, un espectáculo de monicreques.

O sábado 19 de febreiro tomará protagonismo a palabra, co recital *As Rosalías sementan pensamentos* presentado por Pastora Veres, no que participarán un total de once mulleres poetas da NPG. Realizarase

no Parque Rosalía de Castro de Vilalba ás 12 horas e haberá un acompañamento musical da formación BMW Ensemble. O mesmo día pola noite, Corredores de Sombra darán un concerto no Auditorio.

Neste ano 2022, a Fundación Rosalía de Castro anunciou que a data de celebración do día da poeta galega mudaríase ao 23 de febreiro, día que en Vilalba se dará paso a dúas representacións traballadas polo profesorado e alumnado dos IES Santiago Basanta Silva e Lois Peña Novo, ás 18 horas no Auditorio, escenario que compartirán con Movemento Vilalba.

O programa finaliza o venres 25 de febreiro coa lectura do manifesto a cargo da escritora Beatriz Maceda, ao que sucederá un concerto do grupo lalma, que cantarán a Rosalía no Auditorio ás 20 horas.

Ademais, durante estas semanas estarán presentes os Poemas pendurados das farolas, unha iniciativa da NPG para dar voz a distintos autores, levando a poesía ás rúas.

EN BREVE

XADREZ. O Espazo Xove ten aberto o prazo para participar na actividade de xadrez que ten lugar todos os xoves de 18.00 a 20.00 horas. Nas sesións gratuítas pódese aprender a xogar e novas tácticas. Tamén está aberta a participación nos torneos. Para informarse ou anotarse poden poñerse en contacto telefónico os interesados no 982 828 340.

ESCOLA EDUCACIÓN INFANTIL. A Escola de Educación Infantil celebrará os próximos 22 e 24 de febreiros senllas xornadas de portas abertas co obxectivo de dar a coñecer o que ofrece o centro antes da apertura do prazo de matrícula. Están dirixidas ao alumnado de novo ingreso e terán lugar en dúas quendas, ás 17.00 e ás 19.00 horas. Para asistir é preciso reservar no 982 828 155.

PILATES. A asociación de mulleres de Santaballa continúa coa actividade que se reiniciou este outono e oferta novas clases, que realizarán cumprindo as normas sanitarias. O novo curso que se impartirá será de pilates e todos os mércores de 19.00 a 20.00 horas. As persoas interesadas en inscribirse poden facelo no teléfono da asociación (647 441 099) ou no da presidenta (676 351 299).

CONCURSO DE BAILE. A Escola de Movemento volveu convocar o seu concurso de baile en liña. O prazo para inscribirse para este concurso de baile no que os interesados deberán presentar un vídeo coa súa proposta, para a que poderán escoller temática, canción e escenario. Haberá distintas categorías, en función da idade. Así, estará o apartado baby, para os nados no ano 2014 e posteriores; infantil, para os de entre o 2005 e o 2013; e xuvenil, con data de nacemento anterior a 2014. Creouse tamén a categoría familia, para aqueles nenos que participan cos seus proxenitores ou avós.

Feijóo visitou as instalacións de Entrepinares de Vilalba

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, avanzou unha nova convocatoria de axudas para apoiar a transformación e comercialización de produtos agrarios que contará cun orzamento de 30 millóns de euros, un 15% máis que na última convocatoria. Este anunciou fíxoo durante unha visita ás instalacións que a empresa Entrepinares.

Feijóo destacou o compromiso da Queixería Entrepinares con Galicia, unha fábrica que recolle máis do 6%

do leite galego e que tan só en Vilalba dá emprego a 250 persoas.

Logo de subliñar que entre 2016 e 2020, preto de 400 proxectos recibiron estas achegas, que contaron cun investimento de máis de 100 millóns de euros, Feijóo aseverou que o Goberno galego seguirá comprometido co sector: defendendo os seus intereses na negociación da futura PAC; fomentando a súa profesionalización, a través da formación empresarial.



COMERCIO LOCAL. A Asociación de Empresarios Sete Pontes de Vilalba fixo entrega aos gañadores da campaña Merca e Gaña no Comercio Local dos seus premios. Trátase de Juana Eusebia López Paz, Mar Castro García, Dolores M^a Durán Roca e Nerea Martín Bello. Cada unha delas leva como premio un vale de 500 euros para consumir nos establecementos que elixan, entre os que participaron na Campaña.

OFERTA
Válida ata o 31/03/2022

Pack Familia
Por **59€** ao mes
Prezo fixo para sempre.

Fibra 600 megas
2 liñas móbil 20GB
teléfono FIXO
pack TV

PACK FAMILIA: Internet Fibra 600 megas / Fijo con chamadas / 2 Móviles con chamadas ilimitadas e 20GB / Pack TV. **Todo por 59€ e para sempre.** Liña móbil adicional dende 9,90€/mes.

INTERNET **MÓBIL** **FIXO** **TV**

INFOPAR, Distribuidor Autorizado ITS
C/ Calvario, 52-54 Baixo. 27800 Vilalba (Lugo). Tel.: 982 887 421
info@infopar.es / www.its.gal

Prezos fraís con IVE incluído. Chamadas limitadas con uso razoable, máximo 3000 minutos ou 150 destinos distintos. O servizo de teléfono fijo inclúe 500 minutos de chamadas a fijos e 60 minutos a móbiles. pack TV inclúe 80 canais en aberto, pódense vincular ata 3 dispositivos e dispón de 60 horas de gravacións en 30 días. Alta gratis suxeita a permanencia de 12 meses. Se o cliente solicita a rescisión dos servizos ou se dá de baixa antes dos 12 meses de permanencia, terá unha penalización máxima por incumprimento de 120€ (IVE incluído).

EN BREVE

MANUALIDADES. A Asociación cultural e deportiva de Árbol organiza un curso de manualidades e pintura que impartirá a especialista María Folgueira. O curso comezará no mes de febreiro e terá lugar os mércores de 11.00 a 13.00 horas no centro social. As persoas interesadas en apuntarse poden facelo a través de Paula (655 582 171) e Bea (617 626 003).

RECOLLIDA DE PLÁSTICOS. Continúa a campaña de retirada dos plásticos de uso agrícola e gandeira. A vindeira recollida será a terceira semana de marzo e a de maio.

XOVES DE TAPEO. A asociación empresarial Sete Pontes continúa en Vilalba coa súa campaña orientada a impulsar a hostalaría do termo municipal. Polo tanto, continúa en marcha a iniciativa que se desenvolve todos os xoves e que leva o nome Todos os xoves Xatapeo e Xacopeo en Vilalba e consiste en repartir entre os consumidores da hostalaría local diferentes premios. En febreiro os participantes entrarán no sorteo dunha estancia para dúas persoas dunha noite nunha casa rural, dous botellóns de Ribeira del Duero Tamiz, unha entrada para dúas persoas para ver ao CD Lugo na xornada 32 co Oviedo e un bono de 25 horas no Minds Ocio Educativo.

CONTRA AS VIOLENCIAS. O Concello organiza diferentes obradoiros en materia de igualdade e contra as violencias machistas para os nenos e nenas dos centros educativos do municipio. En concreto, a formación vai dirixida ao alumnado de 6º de Infantil, 5º de Primaria e 1º de ESO dos CEIP Manuel Mato Vizoso, Antonio Insua Bermúdez, CEIP Terra Chá e CEIP Monseivane, así como o IES Santiago Basanta Silva. Estes obradoiros educativos finalizarán no mes de marzo, pero a intención do concello é mantelos no tempo.

O pleno centrouse na mobilidade e a xestión da auga

Vilalba pechou un pleno de máis de catro horas no que ademais dos temas recollidos polo Goberno e a oposición en forma de mocións, presentáronse ata un total de 16 rogos e preguntas.

No apartado de asuntos presentados polo Goberno, o tema da xestión da auga levouse unha parte importante do debate. O Pleno aprobou a prórroga, por terceira vez, do contrato sobre esta materia a Espina e Delfín cun canon de 913.000 euros, partida que irá para actuacións e obras na rede de abastecemento. Deste modo o contrato terá vixencia ata 2027, pechando 30 anos de servizo. Tamén voutouse por unanimidade a aprobación do convenio coa CHMS para distintas actuacións no ciclo da auga e que inclúen a construción dun tanque de tormentas e outras

actuacións de mellora do pretratamento na propia EDAR. O investimento necesario para as actuacións estímase en 3.250.000 euros.

Malia votar a favor, a voceira popular, Sandra Vázquez, engadiu que a construción dun pozo de tormentas fora unha proposta do anterior goberno que os socialistas non aceptaron naquel momento. Vilalba Aberta aportou ao debate que o goberno da Xunta tiña o compromiso de facer un pozo de tormentas dende hai dez anos do que non se soubo máis.

MOCIÓN. O Partido Popular levaba varias mocións a este pleno. A relativa a crear un plan de axudas para mellorar as instalacións deportivas rurais saíu adiante polo apoio de Vilalba Aberta.

O resto, estaban relacionadas co

O Concello acusa á Xunta de incumprimento en investimentos

O Concello de Vilalba lamenta “a deslealdade e o esquecemento da Xunta de Galicia e do seu presidente, Alberto Núñez Feijóo, hacia o noso municipio”.

“A Xunta leva dez anos sen facer obras comprometidas e sen atender as peticións prioritarias do concello, como o tan necesario centro de día ou o mantemento da estación de autobuses”, afirma o concelleiro Luis Fernández.

Lembran que da Xunta só achegou 97.000 euros derivados dos conve-

nios co Agader.

“Por outra parte, a Xunta asinou un convenio hai dez anos para darlle unha solución ás beirarrúas das rúas Cidade de Lugo e Guadalupe, pero a día de hoxe seguen nun estado lamentable”, afirma Fernández.

O concello engade que os únicos investimentos que recibe do goberno galego proceden do Fondo de Compensación Ambiental e lle corresponden a Vilalba polos parques eólicos que ten.



Vilalba Aberta mobilizouse na feira contra os recortes en sanidade

novo plan de mobilidade e a nova zona azul, sobre a que informaron dende o Concello que hai en marcha un plan de sinalización da rede viaria e que a zona azul comezará a funcionar unha vez finalizados os prazos administrativos. Tampouco precisou moito máis o concelleiro que emplazou todas as preguntas ao futuro documento de mobilidade, que recollerá todas as accións previstas. Esta mesma resposta foi a que recibiu a iniciativa de Vilalba Aberta de peonalizar a praza de Santa María. Este grupo tamén logrou que fose aprobada, co apoio do PSOE, a súa proposta de reclamar á Xunta melloras no centro de saúde. Non foi aceptada a que pedía a compensa-

ción municipal aos afectados polos problemas na traída de augas.

Nas preguntas tratáronse temas que xa veñen de vello, como as relativas á ampliación do polígono, o estado da RPT e o PXOM.

Tamén se pediu o arranxo das zonas de aparcamento público nas zonas rurais, a actuación da páxina web do Concello, a solicitude de subvencións a outras administracións e a zona de acceso ao auditorio para carga e descarga e de aparcamento na rúa das Pedreiras, por parte do Partido Popular.

Vilalba Aberta fixo referencia ás protestas dos veciños da Avenida Terra Chá Primeira e dos de Pígarra en Goiriz.



MICRORRELATOS. A Casa da Cultura de Vilalba acolleu a entrega de premios do III Certame de Microrrelatos Día do Libro 2021. Na categoría infantil os premios foron para Mencía Naz Martín; seguida da vilalbesa Paula Pérez Cendán. En categoría xuvenil gañou Abril Viqueira Pose, Lucía Martínez Lago e Mariña Maceiras Segovia. Na categoría de adultos, o primeiro premio foi para Jose Ángel Corral Suárez. O segundo para José Manuel Souto Lema e pechou a listaxe Patricia Torrado Queiruga.






Medinformática
SERVICIOS INFORMÁTICOS PROFESIONALES

Empresa líder en el mercado informático en la provincia de Lugo especializada en equipos portátiles y de sobremesa

RÚA SANTIAGO 1, BAJO C (FRENTE AL COLEGIO) - 27002 LUGO
T.982 254 813 - 982 241 601 / tienda@medinformatica.es

www.medinformatica.es

SISTEMAS DE IMPRESIÓN | EQUIPOS INFORMÁTICOS | SERVICIO TÉCNICO

SOLUCIONES DE IMPRESIÓN A LA MEDIDA DE TUS NECESIDADES

“Coas nosas marcas ofrecemos un bo produto a un prezo asequible”

Antía Naveiras González é a fundadora e xerente de Carapuchiña Vermella

Dende hai cinco anos, unha tenda da céntrica rúa Plácido Peña de Vilalba fai as delicias dos pequenos da vila e tamén das súas nais, que atopan neste recuncho con nome de conto roupa de todos os estilos e para todas as idades. Ao seu fronte está a vilalbesa Antía Naveiras González.

Cando abriu Carapuchiña Vermella e como xurdiu a idea?

Abrimos a tenda en setembro do ano 2017. Inagurámola unha tía miña e máis eu. A idea xurdiu porque ao dar a luz botáronme da empresa na que estaba e gustoume a idea da tenda. Logo veu a pandemia e decidín quedarme eu soa co negocio.

Están situados na rúa Plácido Peña, escolleron este local por algo en especial?

Escollímolos pola situación. Estaba nun lugar de tránsito, cómodo para os clientes e ademais o local estaba sen acondicionar polo que empezamos coa reforma de cero e así puídemos poñelo ao noso gusto. Pasamos como preto de medio ano reformándoo.

Como definiría o seu produto?

No día 2017 abrimos Carapuchiña con roupa máis orientada a vestir

e para eventos e tamén cun pouco de sport, pero agora fomos evolucionando e centrámonos máis no sport. Temos para todas as idades, dende as primeiras postas, desde 0 meses, ata 16 anos. A verdade é que foi unha evolución que veu condicionada pola pandemia, que a nós colleunos coma a todos no medio. Si que é certo que o vestir aquí véndese moito pero non deixa de venderse tamén moito o sport. Ademais, notamos un cambio nos costumes xa que cada ano que pasa óptase máis polo sport para as grandes ocasións para que o neno poda reutilizar esa prenda. O vestir que tiñamos non era un vestir sobrecargado, sempre gustáronnos máis as liñas sinxelas, porque está ben vestir elegante ao pequeno, pero darlle outro uso tamén a esa roupa, igual non para ir ao colexio, pero si para saír polas tardes a dar un paseo, por exemplo.

Que fai diferente a Carapuchiña do resto de tendas de roupa de pequenos?

A día de hoxe intentamos mezclar un pouco de todo. Introducimos algo de puericultura, xoguetes de madeira e tamén complementos, como mochi-

las, botellas, un pouquiño de todo. O que intentamos é que nun pequeno espazo podamos ofrecer unha gama ampla de produtos, non só roupa. Así podemos vestilo, darlle xoguetes e mesmo ofrecerlle alternativas ao seu ocio como libros, que tamén temos. Intentamos dar un trato personalizado e sempre facilitando as cousas ao cliente, gústanos tratar á xente de ti a ti porque sin eles non estaríamos aquí. O bo trato e darlle cariño á xente é unha máxima.

Con que firmas traballan?

De roupa a día de hoxe traballamos Canada House, é unha cadena a nivel España que ten tendas propias tamén pero que vende aos puntos de venda. Tamén temos Zippy, que vai na mesma liña que Canada House, tamén ten tendas propias, neste caso por Portugal, aínda que antes tiña tamén por España, pero agora só se quedaron cos puntos de venda. Son marcas que teñen máis nome que a xente adoita coñecer e que nos permite ofrecer boa roupa pero a un prezo máis asequible.

Teñen previsto ampliar ata algún outro lado?

A día de hoxe estamos ben así, as



Antía Naveiras, na súa tenda de Plácido Peña

marcas que temos estamos moi contentas con elas. Ímolos manter pero non se descarta ampliar nun futuro segundo vaíamos vendo como evolucione todo, porque temos que adaptarnos.

Ofrecen tamén servizo de tenda dixital. Como funciona?

Cando abrimos no 2017 creamos unha páxina web pero non se empezou a mover ata a pandemia porque unha vez encerrados na casa, todos acudimos a internet. Así comezamos a subir produtos para ofrecer á xente que te demandaba, incluso veciños da zona, que precisaban cousas básicas e que lles vendimos por aí. De feito, dímolles un impulso á web daquela. En Nadal funcionounos moi ben. De feito, recibimos unha subvención para mellorar a web e

incorporamos un programa TPV que nos permite sincronizar coa tenda para evitar a rotura de stock. É certo que na nosa web o que máis se pode ver son os produtos de puericultura ou os xoguetes porque a roupa rota máis e cóstamos máis actualizar o stock.

Participan ou realizan campañas do comercio?

Si, estamos dentro da asociación Sete Pontes e gústanos participar nas súas campañas porque hai que deixarse ver e facer cousas para estar en primeira liña e a verdade é que fan cousas moi interesantes e iniciativas ás que nos gusta sumarnos. Para nós é importante que o stock saia, por eso utilizamos a estratexia da liquidación e temos feito sorteos, sobre todo de cara ás redes sociais.

Inviste en Friol

CONCELLO DE FRIOL

Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol

EN BREVE

A XANELA. A Asociación de discapacitados activos das Pontes, A Xanela, organiza unha charla sobre a reforma da Lei en materia de capacidade xurídica das persoas. Esta será o 11 de febreiro ás 11.00 horas na casa Dopeso. Para inscribirse pódese contactar co departamento de servizos sociais dos diferentes concellos ou ben directamente coa Asociación a través dos seguintes teléfonos 981 45 24 16 ou 607 23 02 49.

XOVES DE BIBLIO. A biblioteca das Pontes retomou este mes os Xoves na Biblio. O xoves 17 será a vez de Iseo a moura cun espectáculo orientado a pequenos de 4 a 10 anos que leva por título *Se as árbores falaran*. Finalizarán o mes coa representación Rosalía, de Cultura Activa, para a rapazada de 7 a 10 anos. Todas estas actuacións terán lugar ás 18.00. horas.

Unha fábrica de pneumáticos podería instalarse na vila

Unha fábrica de pneumáticos podería instalarse no Concello das Pontes e xerar arredor duns 700 postos de traballo. Así, a empresa de orixe asiático anunciou a súa intención de construír unha planta na que fabricar rodas para automóviles e camións lixeiros e cun investimento previsto supera os 520 millóns de euros.

A multinacional chinesa amosa na súa páxina web que o pasado 20 de decembro o seu consello de administración deu luz verde a unha proposta para un proxecto de "lamias radiais para automóviles e camións" mediante o que fabricará uns 12 millóns de pneumáticos de alto rendemento ao ano.

Aínda que a compañía non especifica a localización exacta da ubicación



da factoría o estudo de viabilidade do proxecto consultado recolle unha fotografía aérea das Pontes.

O alcalde pontés e presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, manifestou fai uns días que "se está traballando nunha

proposta para a zona e que podería ser a instalación dunha planta de pneumáticos". Un proxecto, indicou, "que se realizará en conxunto cun fabricante de Hong Kong" e que xa estaría oficializado ante a Xunta e a propia administración local.

O persoal desprazado a Endesa seguirá ata maio

Endesa comunicou ao comité de empresa que manterá a eléctrica en funcionamento ata o 31 de maio polo que queda prolongada a estancia do persoal desprazado ás Pontes desde o mes de novembro, cando se reactivou un dos grupos da planta.

Unha vintena de traballadores están afectados por esta medida, traballadores que volveron ás Pontes despois de ser trasladados a outros lugares ante o peche previsto da planta. Esta decisión tomouse xa que Endesa necesita a autorización para clausurar a térmica polo que mentres non reciba esta orde terá que tela en funcionamento, con persoal e combustible. Está previsto que en marzo chegue un novo envío de carbón, continuación dos dous barcos que atracaron en Ferrol en outubro e o outro de principios de decembro.

Un taller mostra como medir a concentración de covid no aire

O colectivo Amigus Labs das Pontes organiza un obradoiro sobre *Sensores CO2 maker para combater a pandemia covid-19*, dirixido a mozos e adultos.

Terá lugar o día 12 de febreiro, sábado, entre as 10.30 e as 13.30 horas na praza do Hospital.

Neste obradoiro abordarase o proxecto de deseño e creación de aparatos de fabricación propia para medir a concentración de CO2 e medir o nivel de ventilación dun espazo.

Con esta medida indirecta pódese determinar o risco de contaxio en

caso de compartilo con persoas infectadas: unha ventilación suficiente reduce de forma dramática o risco (menos do 1%).

Traballaranse diversos aspectos, dende unha pequena parte teórica e técnica, ata o uso práctico dos propios sensores empregando Arduino/ESP-8266. Falarase tamén do sentido e valor da autofabricación fronte a produtos comerciais.

O obxectivo do obradoiro é adquirir coñecementos e vagaxe suficiente para poder abordar despois a creación de candanseu propio aparato e saber como empregalo.

Adxudicado o servizo para obter as bases topográficas do Concello

O Instituto de Estudos do Territorio (IET), organismo dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, acaba de adxudicar por 179.080 euros, IVE incluído, o servizo para a obtención de bases topográficas nos concellos de Ames, As Pontes, Cee e Coirós.

O contrato forma parte do Programa de apoio cartográfico a concellos (PACC), un proxecto pioneiro que se enmarca na liña de colaboración que manteñen aberta desde hai anos o IET e as entidades locais galegas co fin de avanzar na elaboración da in-

formación territorial e cartográfica e mellorar a xestión da xa existente, un material cada vez máis demandado a nivel municipal.

O obxectivo principal desta iniciativa —impulsada o pasado verán a través da sinatura dun convenio de colaboración entre o IET, a Federación galega de municipios e provincias (Fegamp) e os catro concellos mencionados— é acadar a realización de bases topográficas nestes municipios a tres escalas diferentes: 1/5.000, 1/2.000 e 1/1.000.

A cartografía existente non está ac-

tualizada ou carece de definición e escala suficientes como para obter unha imaxe real dos seus territorios en canto a edificacións, estradas, rede hidrográfica ou equipamentos e dotacións.

A cartografía a 1/5.000 xerarase para todo o concello, mentres que as zonas a cartografar nas outras dúas escalas virán definidas polos propios concellos, tendo en conta que a cartografía a escala 1/1.000 só será posible obtela naqueles concellos que foron sobrevoados para obter ortofotos no marco do PNOA10_Galicia.



VA

VEIGUELA ABOGADOS

TARJETAS REVOLVING ¿ESTÁS AFECTADO?

SI TIENES UNA TARJETA DE CRÉDITO CON PAGOS APLAZADOS,
CONSULTA CON NOSOTROS SI PUEDES RECLAMAR LA CANCELACIÓN
DEL CONTRATO Y RECUPERAR LO PAGADO DE MÁS

1ª CONSULTA GRATUITA
Llámanos: 982 228 606

📍 Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. ☎ 982 228 606

📍 veiguelabogados 📱 veiguela abogados

8.500 persoas, na vida cultural de 2021

O Concello consolidou a súa aposta cultural durante o ano 2021, con máis de 70 actividades que lograron congrega a máis de 8.500 persoas espectadoras.

O concelleiro de Cultura, Vicente Roca, amosa a súa satisfacción co balance do ano 2021 "a pesar da incerteza dun ano marcado pola pandemia da Covid19 e as restrición dos aforos que nos levou a apostar por outros formatos e outros espazos para seguir garantindo o acceso a unha programación cultural de calidade a toda a veciñanza"

Así mesmo, o edil de Cultura quixo agradecer "a cada unha das persoas que asistiron aos espectáculos programados o seu compromiso, a súa responsabilidade e o seu respecto polas normas facendo que a cultura fose segura e amosando que ademais é esencial e fonte de desenvolvemento económico".

A oferta cultural incluíu un amplo programa de actividades entre as que destacaron as representacións teatrais, os concertos, os espectáculos de maxia e de danza, axustadas a todos os gustos, pensadas para o público de todas as idades con prezos alcanzables co obxectivo de facilitar á veciñanza o acceso a unha programación de calidade, estable e variada.

O espectáculo Magic Dreams da compañía Producciones Teatrales Algoquín foi a actividade que logrou atraer a un maior número de persoas espectadoras. Foron 694 as persoas que acudiron ás dúas sesións programadas polo departamento de cultura no mes de decembro de 2021.

Outro espectáculo que gozou do favor do público, con 459 espectadores enchendo o patio do Colexio Santa María, foi Orballo Cultural, un ciclo de concertos de recoñecidos artistas galegos e nacionais, pero con oco tamén para a música

local, a través do que o Concello das Pontes fixo unha aposta decidida polas novas propostas que están a xurdir tanto na escena musical co obxectivo de achegar a cultura ás xeracións máis mozas, facilitándolle unha ampla oferta de ocio.

A estrea do espectáculo de danza, Credo, da compañía Nova Galega de Danza liderada por Jaime Pablo Díaz, director da escola municipal de baile de As Pontes, congregou a máis de 400 persoas.

O Concello de As Pontes durante o ano 2021 continuou apostando polo teatro galego coa representación das obras Despois das Ondas, Dreaming Juliet, a Lingua das Bolboretas ou Curva España, dirixidas e interpretadas por figuras destacadas do panorama teatral da nosa comunidade autónoma.

O teatro dirixido ao público infantil ocupou un lugar destacado dentro



da programación cultural do ano 2021, con obras como *Ris Ras*, *Os tres porquiños* ou *Carapuchiña Vermella* que lograron atraer a 475 persoas.

Os concertos tiveron un importante poder de convocatoria. Preto de 4.600 persoas espectadoras asistiron ás 30 actuacións musicais programadas durante o ano 2021, entre as que destacaron as de Leilía, Malevaje,

María José Llergo, De Vacas, Pedro Pastor, Mr. Kilombo Carmen Boza, León Benavente, La Portaña Tango, Técnala ou as orquestras Marbella e Los Satélites con Sito Sedes.

Por outra banda, o espectáculo de maxia de Jorge Blass e de Dani Polo foron dous dos grandes triunfadores da tempada con máis de 338 espectadores e 250 asistentes, respectivamente.

Volve o Entroido

Tras un ano cun entroido virtual, o Concello anunciou xa que este ano recuperarase a tradicional cabalgata e o concurso de disfraces, que terá lugar o 1 de marzo con máis de 7.000 euros e premios.

A cabalgata de Entroido partirá ás 17:00 horas da rúa Monte Caxado para realizar, a continuación, un percorrido que discorrerá polas avenidas máis céntricas, previsiblemente polas de Ortigueira, Vilalba e Celso Emilio Ferreiro para finalizar no pavillón polideportivo municipal, lugar onde se efectuará a entrega de premios.

Todas as persoas interesadas en participar no desfile de disfraces deberán inscribirse previamente como todos os anos cando o Concello así o dispoña e se publiquen



as bases. O concurso establecerá dúas modalidades para os grupos, en función do número de integrantes, ademais da posibilidade de concursar de forma individual ou en parellas. Habrá tres categorías en función da idade, adultos, infantil e meniños para os máis pequerechos da casa.

Tres obras de teatro da Rede Galega

A Xunta ofrece ata xuño 50 actuacións teatrais na área de Ferrolterra a través da Rede Galega de Teatros e Auditorios, das que nas Pontes terán lugar 3. A primeira xa tivo lugar o 5 de febreiro o Auditorio Cine Alovi coa obra de teatro *A Lúa vai encuberta*, espectáculo de teatro contemporáneo que xurde da colaboración entre as compañías A Quinta do cuadrante e Incendiaria.

Continuarán o 4 de marzo, no mesmo lugar, ás 21.00 horas, con *As que limpan*, espectáculo a cargo da compañía A Panadaría.

O ciclo chegará ao final con *Pinnocchio* o día 23 de abril, ás 18.00 horas, tamén no Cine Alovi, un traballo de teatro infantil a cargo de Ghazafellos.

Actuación de Pica-Pica o día 12

O grupo infantil Pica Pica celebrará coas familias das Pontes o seu décimo aniversario, presentando o espectáculo *10 años de Pica-Pica*, con temas novos e tamén os seus grandes éxitos aclamados polos nenos e nenas. A representación terá lugar o sábado 12 de febreiro ás 17.00 e ás 19.00 horas no auditorio municipal Cine Alovi. As entradas xa están á venda nas plataformas habituais.

Clases maxistras de instrumentos

As Pontes ofrece clases maxistras de clarinete, saxofón e percusión a cargo de especialistas, organizadas pola Escola de Música da localidade. A sesión de clarinete terá lugar os días 18 e 19 de febreiro, a cargo do vilalbés Daniel Veiga Roca, e a de saxofón e percusión, o 12 de marzo. Estarán ao cargo de Jorge García Rojo, saxofonista de Zas; e Pablo do Valle Prieto, percusionista de Vilalba,

Nos tres casos ofértanse dez prazas para alumnos activos, cun custo de 20 euros para os que estudan na Escola de Música das Pontes e de 40 para os que se forman noutros centros. Tamén se permite a asistencia como alumno oínte, que custa dez euros. O alumnado activo recibirá unha clase individual de 45 minutos, podendo acudir de oínte ás outras clases, ademais dunha sesión colectiva doutros 45 minutos.

No acto de clausura interpretaranse unha ou varias obras de forma colectiva e os participantes recibirán o diploma acreditativo das horas de clase maxistral realizadas.

O prazo de inscrición nestas xornadas pode resalizarse a través do perfil de Facebook Banda-escola As Pontes ou chamando ao número de teléfono 696 264 627.



CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

Parking gratuito



clínica **TEST** dental

Un concurso busca na vila o recuncho favorito

Arrancou na localidade o concurso O meu recuncho favorito das Pontes, un certame na rede social Instagram que convida á cidadanía a subir fotografías do municipio para mostrar e descubrir os elementos máis destacados da vila.

Elena López, concelleira de Turismo, apunta que “o obxecto desta convocatoria é aproveitar a capacidade creativa da cidadanía no terreo da fotografía dixital, á vez que se busca xerar contido enriquecedor nas redes sociais, facendo que sexa a veciñanza a que promocióne e dea a coñecer os recursos turísticos da vila, amosando os aspectos que consideran máis relevantes da localidade e aproveitando a viralidade de Instagram”.

As persoas interesadas en participar

neste concurso deberán facer unha fotografía, con teléfono móbil ou outro dispositivo fotográfico, e publicala en Instagram cos cancelos do certame (#mirinconfavorito e #mirinconfavoritodeaspontes) e cubrir un formulario de inscrición.

Cada unha das persoas que participen neste concurso poderán presentar tantas fotografías como o desexen, sendo obrigatorio encher o formulario de inscrición para cada unha das imaxes presentadas.

Neste concurso poderán participar todas as persoas que o desexen sen importar idade ou lugar de nacemento. O único requisito é que a obra presentada estea realizada no municipio das Pontes. O prazo para inscribirse e presentar as fotografías remata o 11 de marzo de 2022.

Ultiman a ordenanza de construción e edificacións

O Goberno local traballa na posta en marcha dunha ordenanza reguladora das construcións, edificacións e instalacións existentes que se atopan fora do ordenamento urbanístico municipal en vigor.

A ordenanza, en palabras do concelleiro Antonio Alonso, “permitiranos contar cunha normativa, que atende ao interese xeral dos veciños e veciñas, e que aporta unha solución a problemas urbanísticos con trinta ou corenta anos de antigüidade”.

A nova ordenanza Municipal, que se incorporará ao plan municipal e suporá unha modificación puntual das vixentes Normas Subsidiarias das Pontes, establece as distintas situacións que se dan no chan urbano así como os trámites administrativos

necesarios para a súa adaptación co obxectivo de situalas dentro da orde urbanística.

A ordenanza será de aplicación aos edificios que proveñen de plans anteriores, e que por diferentes motivos quedaron inacabados, ou non se axustaban ás determinacións das normas publicadas con posterioridade ao comezo das obras.

Tamén será de aplicación a edificacións que carecen de licenza, ou foron executadas sen respectala e, por tanto, atópanse en situación irregular. Así mesmo regulará as edificacións que obtiveron licenza, e cuxas obras foron iniciadas, pero que por diferentes motivos paralizáronse, caducando as licenzas e facendo inviable a súa adaptación á normativa.

As Pontes adxudica as obras de mellora da avenida da Habana

O Concello adxudicou os traballos dunha nova fase de reposición de servizos e pavimentos na Avenida da Habana, nun tramo de 100 metros, á empresa local TYC Canosa S.L. O proxecto, cun orzamento de 92.880 euros e financiado pola Deputación, permitirá mellorar os actuais servizos de iluminación e saneamento e por outro lado a reposición dos pavimentos da beirarrúas.

Así, executarase unha nova rede de recollida de augas pluviais separativa, nas dúas marxes do viario, que irá dotada dos correspondentes sumidoiros e arquetas. As dúas liñas de augas pluviais conectaranse ás redes existentes, executadas na fase anterior, á altura da rúa Monfero. Por outra banda, sobre a rede de saneamento existente colocaranse arquetas de rexistro nas acometidas dos edificios nas dúas marxes da rúa. Proxéctase igualmente o cambio do alumeadado público, coa instalación de novos puntos de iluminación con tecnoloxía LED, sobre novos báculos dobres de 7 metros de altura.

As obras completaranse coa execución de novas beirarrúas, con bordo prefabricado de formigón e pavimento con baldosas de formigón granallado e os pasos de peóns con baldosa regulamentaria de botóns e direccional, e a pendente axeitada. Os traballos rematarán coa dotación de mobiliario urbano e a reposición da sinalización.

COUCE E CASTRO. A Xunta de Goberno Local adxudicou á empresa Canarga S.L as obras de mellora dos viarios do Couce e do Castro.

O proxecto, cun orzamento de 30.000 euros, permitirá mellorar a actual capa de rodadura de ambos camiños coa extensión dunha capa de aglomerado bituminoso en quen-




te en toda a plataforma.

Entre os traballos tamén se contempla a reparación das fochancas e o perfilado dos mordentes con grava e tratamento asfáltico así como a execución de sobreanchos nas zonas dos viarios que sexan precisas para garantir a seguridade e a mobilidade do tráfico rodado e peonil.

CEMITERIO. As obras de mellora da accesibilidade e humanización da contorna do cemiterio dos Alimpañoiros, financiadas pola Deputación

cun orzamento de 122.465 euros, destinadas a facilitar a mobilidade na zona e a mellorar o acceso principal á instalación de titularidade municipal, avanza a bo ritmo.

Entre os traballos, iniciados no mes de outubro ocupa un lugar prioritario a mellora da accesibilidade coa eliminación dos desniveis existentes na fachada principal mediante a construción dun conxunto de rampas. Entre os traballos postos xa en marcha está a reparación do firme da calzada.



INVENTARIO AMBIENTAL. Comezaron os traballos de elaboración do inventario ambiental do lago co obxectivo de coñecer, conservar e protexer a biodiversidade existente na zona e a súa contorna. O fin último deste traballo é concienciar á cidadanía e á poboación local sobre a riqueza natural do Lago das Pontes, amosándoo como unha paraxe natural e de lecer, onde é compatible o uso público coa conservación dunha biodiversidade.

RESTAURANTE PARRILLADA

O'Adro

COMIDA PARA LEVAR
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...

Ven a probar os nosos cocidos

O Adro, Lanzós 27816
VILALBA - LUGO
982 52 58 65 - 626 23 71 56

PULL&BEAR

79€

lentes incluídas

marca exclusiva

OPTICALJA

CALLAO

LUGO | FERROL | AS PONTES | NARON | ORTIGUEIRA
Avda. de Galicia, 49 - As Pontes (A CORUÑA) · Tel. 981 452 270
www.opticaliacallao.com

Promoción válida dal 1 de Febrro al 31 de Marzo de 2022. Las gafas promocionadas llevarán siempre lentes monocolor-ópticas básicas, 1,50 Hércules, sin ningún tratamiento. Graduaciones comprendidas en los rangos de Stock de los proveedores de la línea Visual de Opticalja. Los rangos son: Tallas: +/- 4,00 dioptrías. Cilindros: +/- 2,00 dioptrías. La selección de monturas será de la marca Pull and Bear, modelo seleccionado para esta promoción. Los productos sustitutos objeto de esta promoción son aquellos a los regulaciones legales IEC 3011745 y RD 1596/2009

Activado un sistema de xeolocalización para os servizos de emerxencia

O termo municipal conta xa cun sistema de xeolocalización de vivendas e outros puntos de interese do municipio, dispoñible para os servizos de emerxencias, que permitirá axilizar os tempos de resposta ante calquera incidencia e contribuir a facer máis eficientes destes servizos, mellorando a seguridade e a calidade de vida da veciñanza.

“Cando falamos de emerxencias, unha das principais problemáticas é a localización de casas e lugares, as novas tecnoloxías ofrécennos a posibilidade de solucionar esta situación. Este sistema que hoxe entra en funcionamento permitirá xeolocalizar calquera casa do rural nun poucos segundos ademais indicará a ruta máis curta e axeitada para chegar ata ela tendo en conta o tipo de emerxencia” indica Tania Pardo, responsable de Benestar Social.

O sistema, que foi presentado onte á Garda Civil, á Policía Local, á Agrupación de Protección Civil das Pon-



Reunión dos servizos de emerxencia

tes, aos Bombeiros do Eume e aos técnicos de emerxencias sanitarias da localidade, conta cunha base de datos, conformada por 1.500 rexistros, na que se indican as coordenadas de todas as casas das parroquias pontesas, tanto nas que residen veciños e veciñas como nas baleiras que reúnen condicións de habitabilidade, o nome polo que son coñecidas e o código postal. Ademais inclúe as edificacións singulares, outros lugares de interese e os puntos de carga

de auga.

As Pontes é o primeiro Concello da provincia da Coruña en contar con este sistema que responde á singularidade da zona rural do municipio onde existe unha maior dispersión de vivendas, ausencia de rúas con nome e vivendas sen numeración ademais da particularidade do costume da veciñanza de referirse ás vivendas por un alcume, circunstancia que dificulta a localización das vivendas cando se produce a emerxencia.

Unhas 20 familias pontesas participan no programa de Educación Familiar

O programa de educación familiar do Concello das Pontes atende, por segundo ano consecutivo, a máis dunha vintena de familias da localidade co obxectivo de mellorar a súa situación sociofamiliar.

Trátase de familias que se atopan en situación de vulnerabilidade ou unidades familiares que precisan dun apoio para mellorar as súas capacidades parentais, reducir ou eliminar carencias e conflitos familiares.

“A través deste programa tratamos de facilitarlles os medios precisos para lograr o desenvolvemento in-


tegral das súas funcións e das súas habilidades, fortalecendo os vínculos do sistema familiar, prestándolles axuda persoal, emocional e de acompañamento na toma de decisións, na resolución de conflitos e na mobilización de recursos propios e da contorna” apunta Tania Pardo, concelleira responsable da área de Benestar Social.

O programa, que forma parte da estratexia de inclusión social de Galicia, cofinanciada pola Unión Europea a través do programa FSE Galicia 2014-2020 para promover a igualdade,

a saúde e a inclusión social, atende na actualidade a medio centenar de persoas e presta asesoramento, información e orientación sobre recursos, formación ou emprego aos rapaces e rapazas da vila.

Entre as diferentes actividades que se levan a cabo no programa de educación familiar destacan a atención individualizada para a detección de necesidades e un plan de visitas domiciliarias orientadas a mellorar as capacidades e habilidades parentais, acompañado do seguimento periódico e personalizado das familias.

Duplicase o número de familias no servizo de Atención Temperá



Persoal do servizo de Atención Temperá

O programa de atención temperá, posto en marcha no ano 2019 polo Concello das Pontes, duplica, no ano 2022, o número de familias atendidas. Un total de corenta crianzas reciben atención logopédica, terapéutica e psicolóxica co obxectivo de facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e promover a súa inclusión social.

O servizo ofrece un total de 75 horas semanais de atención individualizada e está dirixido a familias das Pontes, con nenos e nenas de 0 a 6 anos que, durante período pre, perí ou postnatal, estiveran sometidos a situacións que puidesen alterar o seu proceso madurativo, como pode ser a prematuridade, baixo peso, a anoxia ao nacer, ou calquera outro factor ou signo biolóxico de risco, así como a menores que presentan retardo ou calquera factor ou signo biolóxico de risco ou discapacidade física, psíquica ou sensorial e menores en situación de risco ou desamparo, sempre que alteren o proceso madurativo.

Tania Pardo, concelleira de Benestar Social, incide na importancia dun “servizo esencial para todas aquelas familias que se enfrontan a unha situación non esperada no desenvolvemento do bebé. A través do programa de atención temperá, desde o Concello das Pontes tratamos de ofrecerlles ás familias un recurso co fin de mellorar a calidade de vida dos seus fillos e fillas, contribuír a que as crianzas teñan maiores oportunidades de futuro, buscando que cada neno e nena teña o mellor comezo da súa historia persoal”.

A través deste programa, que inclúe os servizos de logopedia, terapia ocupacional e psicoloxía, os nenos e nenas que presentan trastornos no desenvolvemento ou teñen riscos de padecelos, reciben, segundo un modelo que considera aspectos biopsicosociais, unha atención que, desde a vertente preventiva e asistencial, potencia a súa capacidade de desenvolvemento e benestar, posibilitando a súa integración no medio familiar, escolar, social así como a súa autonomía.

¡OFERTAS!

HONDA **Motolugo** CONCESIONARIO OFICIAL HONDA

ECHO

836€ P.V.R. IVA inc.

Generador HONDA X 30

- Motor GP 200
- Arranque Manual
- Salida máxima monofásica 3.000VA
- Nivel sonoro [directiva 2000/14/CEE] 96 Lwa
- Regulación de voltaje AVR
- Peso en seco 49kg

219€ P.V.R. IVA inc.

Motosierra ECHO CS-310ES

- Cilindrada: 30.5cm³
- Longitud espada: 35cm
- Potencia: 1.10kW (1.50cv)
- EUST5
- Peso 4.0kg

Camino Real, 125. 27004 Lugo
Telf: 982 21 57 31 / Movil: 698 17 91 81

charanga

DESDE 0 A 12 AÑOS

NUEVA

COLECCION

AVD DE LA CORUÑA 39, LLUGO
648.739.473
982.25.64.84

O Concello solicita o investimento necesario para o centro de saúde

O alcalde de Muras, Manuel Requeijo, fíxose eco das protestas veciñais polo estado no que se atopa o centro de saúde da localidade. Segundo explicou, fíxose na década nos 90 baixo un compromiso escrito de que o Concello encargaríase do mantemento en asuntos menores pero que a Xunta sería a responsable das obras maiores.

O Concello presentou ao Sergas un proxecto para rehabilitar o centro de saúde con traballos entre os que figuran o cambio do tellado, do peche, portas, ventás e pintado do edificio, por un importe de 250.000 euros. “A resposta do Goberno do PP é que non hai cartos. Nós ofrecímonos a asumir a metade do proxecto pero aínda así din que non hai”, explica.

As queixas veciñais fundaméntanse principalmente no continuo filtrado de aire porque as ventás pechan mal e as goteiras que se palian con cubos para recoller a auga cando chove.

“En Muras recádase moito dos eólicos pero a Xunta non está polo labor de dotar aos concellos do rural dos servizos básicos. Nós non temos competencias pero non queremos perder os sevizos”, di Requeijo.



Afalu estrea Unidade

O pasado 3 de decembro Afalu puxo en marcha a Unidade Preventiva no Concello de Muras seguindo así co seu compromiso “de achegar os recursos dos que dispón ás áreas máis rurais e, deste xeito, traballar na prevención das demencias neurodegenerativas, evitar a soidade non desexada e, en definitiva, mellorar a calidade de vida das persoas maiores”.

O equipo técnico da asociación desprázase a este Concello todos os venres en horario de 17.00 a 18.30 horas para levar a cabo estas sesións que teñen lugar na Casa do Médico. Este servizo, que se desenvolverá durante todo o ano 2022, é posible grazas á colaboración do Concello de Muras. Desde Afalu agradecen a confianza depositada na entidade para levar a cabo esta actividade.

Piden o desbloqueo do proxecto do polígono



O Bloque Nacionalista Galego vén de rexistrar no Parlamento Galego unha proposición non lei para o seu debate en Pleno sobre a necesidade de desenvolver e acelerar os procesos da creación do polígono industrial do Concello de Muras.

No ano 2016 o Concello de Muras iniciou os procesos para poder contar cun polígono industrial debido ao interese de diversas empresas para afincar as súas naves e centros laborais nesta localidade. “Despois de dar todos os pasos necesarios e presentando todos os informes positivos é incomprendible que seis anos máis tarde a Xunta de Galiza

siga solicitando máis informes, entorpecendo a súa posta en marcha”, din.

Desde o BNG consideran crucial o desenvolvemento dun polígono industrial en Muras, “máxime tratándose dun Concello do rural, coas dificultades que xa padecen de por si para poder asentarse poboación” e tachan o comportamento da Xunta “de pouco comprensible, tendo en conta que estaríamos diante dunha ocasión para poder dotar Muras de oportunidades laborais e ofrecer os mesmos servizos ás empresas que calquera outra vila ou cidade galega”.

Eugenia Requeijo seguirá á fronte do PP

Eugenia Requeijo Chao, portavoz popular no Concello, foi elixida presidenta do PP de Muras, cun apoio do 100%. Con ela, están na directiva do partido Julio Díaz Díaz, como secretario xeral, e Fernando Carballido Amor, como vocal. O congreso celebrouse no Bar Santi, con participación da presidenta provincial do PP, Elena Candia; o coordinador xeral e portavoz, José Manuel Balseiro, e o secretario xeral, Javier Nodal.

A nova presidenta do PP local, Eugenia Requeijo, sinalou os seus obxectivos e os principais retos que se fixa.

Xa está aberto o prazo para solicitar as axudas da luz

O día 1 de febreiro abriu o prazo para solicitar, un ano máis, as axudas ao pago da factura da luz, que foron aprobadas no mes de xullo polo Pleno. O Concello destina a este capítulo 90.000 euros.

Nesta ocasión, ofrecen unha liña continuísta coas axudas outorgadas o ano anterior. Así haberá de novo dúas liñas de axudas, unha destinada aos autónomos, pequenas empresas ou explotacións agropecuarias radicadas no municio,

para subvencionarlles tamén o pago da factura da luz, cunha contía fixa de ata 1.500 euros.

Ademais, manterase a liña de sempre dirixida a subvencionar os gastos domésticos con unha subvención de ata 600 euros para cada familia. Para chegar á máxima cuantía o tope en fogares será con rentas inferiores a 15.000 euros. Estas novas axudas, que se convocan todos os anos en febreiro, cubren os gastos do ano 2021.

Está en exposición pública o proxecto mineiro Ampliación San Acisclo de Muras

Dende o pasado 21 de xaneiro do 2022 está no Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Empresa e Innovación de Lugo, e no portal web da dita Consellería, a disposición pública o proxecto de Explotación Mineira e Plan de Restauración da mina denominada Ampliación a San Acisclo, número 4076 que se pretende abrir na parroquia de Silán, no Concello de

Muras.

Existe o prazo dun mes para a súa revisión e posibles alegacións ao mesmo, prazo que remata o 4 de marzo.

O presente proxecto trata de definir as condicións técnicas necesarias para a explotación da concesión citada, mediante a actualización das actividades extractivas xa comezadas no seu día, e a súa adaptación ao momento actual.

ATA TABERNA

DISFRUTA CON TUS AMIGOS
OLVIDATE DE TODO Y SABOREA
NUESTRA CARTA

HAMBURGUESAS
REVUELTOS
FRESAS DE VERDAD
ENSALADAS
PASTAS
CON SALSAS VARIADAS
ALGO PARA COMPARTIR

TORTILLAS
SABOREAR
PATATAS
RAXO
PATATAS
NUESTROS DELICIOSOS

T: 982 510 061
facebook/ataberna.vilalba
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com

Asesoría Enerxética
Terra Chá

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓN
SUBVENCIONS - AUDITORIAS
ILUMINACIÓN LED
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA
INSTALACIÓN FOTOVOLTAICAS

Praza da Constitución, 3 - Baixo. 27800 Vilalba (Lugo)
Tel.: 982 512 233 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

Friol recuperará en marzo a Feira do Queixo e Pan de Ousá

O próximo día 20 de marzo celebrarase a XXVIII Edición da Feira do Queixo e Pan de Ousá no Concello de Friol, onde as queixeira de todo o municipio e as panaderías de Ousá poderán expoñer e vender os seus exquisitos produtos.

O Concello leva xa dous anos sen poder celebrar esta sonada feira, que cumpre xa 28 anos de vida. O motivo de non levala a cabo nin no 2020 nin no 2021 foron as restricións motivadas pola covid.

En este ano por fin poden retomala, pero por suposto, extremando as precaucións, polo que será nun formato totalmente distinto aos das edicións anteriores, para poder garantir a seguridade sanitaria de todas as persoas que queiran asistir, tanto as que participarán vendendo os seus produtos como todas aqueles visitantes que queiran achegarse a Friol en ese día. Estas precaucións a tomar non deslucirán unha festa tan importante, así que se espera unha gran afluencia de vendedoras e vendedores e de público en xeral, que se acerquen a Friol a pasar un día alegre



e de festa.

Aínda que está previsto que o formato de como se coñece a Feira do Queixo e Pan de Ousá mude para garantir en todo momento a seguridade sanitaria e o protocolo, para nada vai deslucir un dos eventos mais importantes que ten a provincia de Lugo, nesta edición por parte do Equipo de Goberno, están ultimando todo tipo de detalles na organización do evento que case seguro manterá en liñas xerais o programa de anos anteriores aínda que con pequenas puntualizacións que se darán

a coñecer na súa presentación e que para nada repercutirán nun dos días mais importantes de Friol.

A feira foi a plataforma perfecta a través da súa difusión chegando a toda Galicia e nos últimos anos incluso a parte do noroeste de España, a feira foi o escaparte perfecto para difundir e impulsar estes dous produtos no exterior, renovando instalacións tanto de panaderías como queixerías, adaptándoas aos novos tempos, modernizando toda a maquinaria necesaria para produción e incluso aumentándoa.

O Concello atendeu a 250 maiores con recursos e prestacións

Dende os Servizos Sociais do Concello de Friol foron atendidas algo máis de mil persoas, realizando unhas 250 solicitudes para acceder a distintos recursos e prestacións. Cabe destacar unhas 60 solicitudes de valoración de dependencia e 18 solicitudes de valoración de discapacidade realizadas por este servizo.

Durante o 2021 foron atendidas un total de 150 familias a través do Servizo de Axuda no Fogar, con 33.898 horas recibidas nos domicilios das persoas usuarias. Estes datos reflexan que foron prestadas 3.000 horas máis que no ano 2020 e case 4.000 horas máis que no 2019.

Foron 110 as persoas usuarias recoñecidas con distinto grao de dependencia. Destacar que máis dunha terceira parte das persoas beneficiarias superaban os 90 anos de idade e 24 das atendidas eran persoas que vivían soas.

Este servizo é prestado polo Concello de Friol a través de unha empresa externa, con case 40 auxiliares de axuda no fogar, todas elas mulleres, sendo este equipo o encargado de executar este programa, tanto na modalidade de Dependencia como de Libre Concorrenncia.

O alcalde, José Á. Santos quere ter unhas palabras de agradecemento a esas 40 profesionais, "sendo consciente de que ser auxiliar na atención ás persoas maiores vai máis aló da formación e da experiencia, o factor clave destas grandes profesionais é a súa vocación de axuda aos demais e a súa capacidade de adaptación para darlle a cada paciente no seu fogar o que precisa en cada momento, polo tanto, dende O Concello de Friol queremos agradecer a todas as auxiliares e coidadoras, que durante estes dous anos especialmente puxeron todo o seu esforzo para afrontar esta grave crise sanitaria. Isto non sería posible sen todas elas".

HR
Hijos de
Ramón Rubal

COMPRAMOS
MADERA
PINO Y EUCALIPTO

982 55 86 00

ASERRADERO Y APROVECHAMIENTO FORESTAL

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

www.hijosderamonrubal.es
alfoz@hijosderamonrubal.es

“Traballar para atraer investimentos é unha das nosas prioridades”

José Ángel Santos, alcalde de Friol e presidente do GDR Comarca de Lugo

Pode facernos un balance do ano que terminou para o Concello? Cales serían as principais actuacións que se levaron a cabo?

O 2021 foi un ano marcado novamente pola pandemia, no relativo a non poder celebrar un ano máis a Feira do Queixo e do Pan de Ousá, o Friulio, a Festa da Xuventude, etc. Pero con respecto a conseguir investimentos, tanto públicos como privados que axuden a que o noso pobo siga mellorando, foi algo no que tanto eu como o Equipo de Goberno estivemos traballando durante todo o ano. Houbo proxectos que saíron adiante e outros que aínda están por confirmar, pero todos son importantes para conseguir o que buscamos, que é que Friol sexa un concello con servizos, un municipio con oportunidades de traballo e unhas boas comunicacións, que fagan del un municipio atractivo para investir e para vivir.

Un dos proxectos mais importantes que se levaron a cabo durante o ano que rematou foi o proxecto piloto en Galicia para a reorganización da propiedade a través de permutas agrícolas voluntarias entre particulares. Comezou como algo pequeno entre catro ou cinco propietarios, pero durante o ano fóronse sumando máis, ata acadar uns 24 propietarios, cunha superficie de mais de 250 hectáreas.

Conseguimos que Friol sexa a sede do Grupo de Emerxencia Supramunicipal (GES), que dará cobertura a este municipio e aos de Begonte, Guitiriz, Palas de Rei e Outeiro de Rei. O emprazamento de esta base será no polígono industrial, en unha das naves do edificio multiusos de propiedade municipal.

Durante o pasado ano aprobáronse axudas directas para os establecementos hostaleiros, e tamén para subvencionar as taxas municipais, como tamén se bonifican as taxas a todas aquelas empresas que decidan implantarse no noso municipio. Iniciouse un novo servizo, o de madrugadores, que axuda na conciliación familiar e laboral das familias que o precisen. Abriuse un centro de día con prazas concertadas coa Xunta, que xestiona AFALU, un servizo básico para os nosos maiores.

O Concello de Friol adheriuse ás Escolas Mancomunadas de Música de Rábade, Begonte e Outeiro de Rei. Tamén se adheriu á plataforma de venta online de Ruralsell, o denominado “Amazon Rural”.

Realizáronse tamén obras de mantemento de camiños e vías municipais. Ademais de outras obras que se foron realizando durante todo o ano. Sendo unha realidade a execución

por parte da Xunta de Galicia a mellora da estrada Friol – Palas de Rei.

Que quedaría por facer de cara a este ano?

Queda moito por facer, seguir traballando para atraer investimentos tanto públicos como privados, e unha das nosas prioridades, sobre todo estes últimos, posto que o tecido industrial é o que xera novos recursos, emprego e asenta poboación.

O ano 2022 será un exercicio moi interesante, no que se pode concretar a instalación de empresas que contribuirán a que Friol dea un salto importante nese sentido, e posible que sexa un dos mellores anos que marcará un antes e un despois para Friol e incluso para a comarca.

No ámbito público tamén teremos importantes investimentos por parte da Xunta de Galicia que asentaremos un proxecto de carácter social, será un proxecto asistencial e innovador.

E de cara xa a o futuro?

Pois un pouco do mesmo, seguir traballando para conseguir atraer tecido empresarial e tamén investimento público, para que os nosos veciños e veciñas teñan mais e mellores oportunidades e servizos, e tamén para intentar conseguir que xente que non é de aquí vexan a Friol como un concello no que poder vivir e investir, con unha boa calidade de vida, e decidan asentarse aquí.

Que necesidades ten o Concello a día de hoxe?

Friol precisa que o Goberno da Deputación Provincial tome en serio o seu cometido e fagan o seu traballo, nestes últimos tres anos non se lles viu, os concellos necesitamos de maneira urxente que a administración provincial arranxe as estradas da súa titularidade, dado que unha gran maioría da rede viaria provincial están nun estado deplorable, xerando perigo para os que a miúdo circulamos por elas, e sobre todo a que une o noso concello co veciño municipio de Begonte, pola que circulan un gran número de vehículos todos os días, sendo unha estrada vital para varios concellos da comarca de Lugo.

Estase a dar un importante impulso ao polígono industrial. Nos últimos meses Friol acolleu implantacións importantes. Que aporta isto ao Concello?

Que en Friol se asenten novas empresas é bo para o municipio e para toda a comarca. Este feito fai que os nosos veciños e veciñas teñan máis oportunidades de poder traballar no pobo, sen ter que desprazarse a outros lugares, co que se reduce o tempo e o gasto en desprazamentos. Ademais pode atraer a familias, interesadas en traballar aquí, co que a poboación increméntase e o pobo

medra. Se o pobo medra, todos saímos ganando.

Como presidente do GDR, que aporta este organismo aos concellos e a súa xestión?

O GDR axuda aos emprendedores que queren sacar adiante un negocio, en calquera dos concellos que forman parte do GDR-4, tanto se son beneficiarios de unha das súas axudas como se non. Posto que é un organismo que asesora ás persoas que queren montar un negocio, informándoas de todas as axudas ás que poden optar, e tamén dos pasos que teñen que seguir para poder sacar adiante o seu proxecto. E se ademais resultan ser adxudicatarias de algunha das subvencións de AGADER, pois irían da man da xerente e das técnicas do GDR, que os guiarían en cada paso e proceso que teñen que dar ata poñer a andar o seu negocio. É unha ferramenta fundamental para que esas persoas que queren emprender en un concello rural,

“O meu desexo dentro do partido pasa por conseguir o goberno da Deputación de Lugo, e para iso é fundamental ter unha estratexia a nivel provincial”

poidan facelo coñecendo todas as posibilidades que teñen ao seu alcance, e tamén coa tranquilidade e a seguridade que lles proporcionan os consellos e indicacións das profesionais que xestionan o noso GDR. Se hai mais inversións e mais negocios abertos nos concellos rurais que forman este GDR, todos nos beneficiamos, Administracións e veciños.

Que outras medidas se poden tomar para impulsar o rural?

Para impulsar o rural e imprescindible que existan unhas boas comunicacións, en todos os sentidos. Que se poida dispoñer de unha serie de servizos que faciliten a conciliación familiar e laboral. Que se instalen empresas privadas que xeren postos de traballo, riqueza e movemento económico no municipio. En todo isto é no que traballamos cada día dende o Equipo de Goberno.

O sector agrogandeiro segue a ter moitas necesidades. Cales serían as máis urxentes?

Pois que o Goberno central busque a fórmula legal para frear a suba da materia prima, que vai en beneficio de grandes fondos de investimento,



José Ángel Santos é o alcalde de Friol

e utilizar a Lei da Cadea Alimentaria para fixar un prezo digno para o leite e a carne. Con estas medidas as explotacións existentes terían unha maior marxe de beneficio, polo que se evitaría a desaparición de un gran número delas, e tamén serviría de incentivo para novas incorporacións. Regular os prezos da enerxía tamén sería outra medida aplaudida por este sector, algo que me temo que por desgraza con este goberno en Madrid non vai ocorrer.

Tamén vén de ser reelegido presidente do PP de Friol por abrumadora maioría. Síntese respaldado polo partido?

Por suposto, síntome protexido tanto pola dirección provincial coa nosa Presidenta Elena Candia o fronte como polo Presidente Feijóo, ambos sempre están preto das demandas ou necesidades que ten Friol.

Vostede soou moi forte para ter un cargo importante dentro do comité executivo provincial, de feito, si forma parte do autonómico co presidente Alberto Núñez, moita xente e compañeiros do seu partido vótano en falta, que pasou para que non dera ese paso?

Non pasou nada, desde o meu punto de vista non era o momento de entrar no organigrama por falta de dispoñibilidade, actualmente, entre o Concello, o GDR e a explotación xa non me quedan horas do día para mais, debido a miña forma de ser, si estou ocupando un cargo debo de traballar e defendelo da mellor maneira posible, para iso necesítase tempo, algo que neste momento non teño.

Hai un comité executivo formado por compañeiros que estou de seguro que traballarán da mellor maneira para lograr as metas marcadas para o vindeiro ano, non me cabe ningunha dúbida de que teñen a capacidade e a experiencia para conseguilo, e desde Friol aportaremos o mellor de nos mesmos, cos mellores resul-

tados posibles.

Que proxectos de futuro ten dentro do partido, cando dispoñerá dese tempo para formar parte da dirección? E que previsións ten para os próximos comicios?

O meu desexo dentro do partido pasa por conseguir o goberno da Deputación de Lugo, e para iso é fundamental ter unha estratexia a nivel provincial, formar equipos potentes que xeren ilusión entre a poboación, sobre todo nos municipios onde o PP non goberna, marcar unha liña de traballo xa e seguila ata o final.

De momento ese tempo do que vostede me pregunta non o teño, por tanto, imos ir avanzando e vendo como vai trascorrendo a vida, neste momento non toca falar de postos, toca traballar, para dar resposta aos veciños e veciñas da provincia e non defraudalos, eses veciños que nos demandan constantemente que debemos de contribuir a un cambio de goberno tanto na cidade como na Deputación de Lugo, aí e onde deben ir dirixidas as forzas do partido popular de Lugo.

Un bo resultado no partido xudicial de Lugo sería vital para conseguir ese obxectivo, así como obter os mellores resultados posibles na cidade de Lugo. Temos que conseguir que os lucenses vexan todo o que poden conseguir e mellorar con un cambio no goberno local, que ata o de agora foi nefasto para Lugo. Con equipos, con estratexia e con unha liña de traballo e posible conseguir uns bos resultados a nivel provincial.

Un desexo para este ano?

Que en este 2022 poidamos confirmar e sexan unha realidade a implantación deses proxectos que temos entre mans, e coas xestións ben encamiñadas, agardemos que neste ano se vexan realizados, sempre redundando no beneficio dos nosos veciños e veciñas e en definitiva sirvan para ese gran impulso que lle agarda a Friol.

Adxudicado un módulo do viveiro de empresas municipal

O Concello acordou a adxudicación dun novo módulo do seu viveiro de empresas. Esta adxudicación foi para a empresa Talleres Agruñá – Chapa e Pintura, a cargo de Eduardo Agruñá López. Dará servizo de taller, especializado en chapa e pintura de todo tipo de vehículos. Este veciño emprendedor de Friol, ten unha ampla experiencia como empregado en outros talleres nos que traballou ata o de agora do mesmo sector.

Agora decidiu dar o paso de montar o seu propio negocio escollendo Friol como localización. Para iso conta con gran apoio do Concello e do seu alcalde, Jose Á. Santos, o que sinala que “sempre estaremos ao carón das persoas que queiran emprender e traballar no pobo, e intentaremos axudalas en todo o que estea nas nosas mans” e tamén resalta que “é moi importante que novas empresas opten por Friol para emprender a súa andadura, e se podemos facilitarles unha nave do noso viveiro de empresas, pois mellor”.

O novo empresario Eduardo Agruñá móstrase ilusionado nesta nova etapa da súa vida laboral, “e un paso que sempre quixen dar, montar a miña propia empresa era algo que




non me deixaba durmir, unha vez que nos últimos anos vía que aquí no polígono se estaban montando empresas novas, informeime no Concello a través do alcalde de que posibilidades dispoñía para instalarme en Friol, cando saín da primeira reunión xa estaba convencido e tiña moi claro que asentaría a empresa no polígono”.

A nave do viveiro adxudicada en este caso é a número dous, que estaba baleira en estes momentos, dado que a empresa que dispoñía das mesmas instalacións rematou o contrato de aluguer, os outros dous módulos dos que dispón este Concello están sendo empregadas por outras empresas, e a cuarta que está baleira,

será a que albergue a sede do GES (Grupo de Emerxencias Supra-municipal) que ten nova sede en Friol.

O equipo de Goberno capitaneado por Jose Á. Santos insiste en seguir potenciando o Polígono Industrial e en particular o seu Viveiro de Empresas xa que “o impulso de captar tecido empresarial mediante o noso viveiro está rompendo as previsións iniciais, dado que se converteu na plataforma idónea para o nacemento de novas empresas, isto supón que empresas de nova creación se decanten por asentarse no noso Concello, con todos os beneficios que isto supón, pola riqueza e postos de traballo que pode xerar para a nosa veciñanza” engade o alcalde.



Unha das pezas atopada por Patrimonio dos Ancares

Patrimonio dos Ancares atopa dous xacementos

Integrantes do Colectivo Patrimonio dos Ancares fixeron pública a documentación de dous novos xacementos arqueolóxicos que estaban sen catalogar no concello de Friol, ambos situados preto da aldea do Carballeda, na parroquia de Vilalva.

Un deses achados é unha mámoa situada a 480 metros de altitude, con medidas de 18 metros de diámetro e 1,2 de altura. No centro do túmulo vese un cráter de violación aberto para buscar inexistentes tesouros. A súa antigüidade foi datada en 6.000 anos, pertencente ao período Neolítico.

A 200 metros da anterior atoparon un castro da Idade do Ferro que aín-

da conserva o topónimo de A Castrovela. Erixido a 476 metros de altitude, presenta forma ovalada, cunhas medidas de 90 por 75 metros. Conserva parte do sistema defensivo en todo o seu perímetro.

Este colectivo púxose en contacto tanto co Concello de Friol como coa Área de Medio Rural da Deputación Provincial de Lugo para facerlles coñecedores destes restos arqueolóxicos debido ao anuncio conxunto de que se ía acondicionar unha área recreativa situada entre a mámoa e o castro. Considera o colectivo, que estes achados “serían un valor engadido para a zona” e solicitan que os sinalicen.



POEMAS PENDURADOS DAS FAROLAS
UNHA INICIATIVA DA NPG CON VERSOS DEDICADOS A ROSALÍA DE CASTRO
(TAMÉN DISPOÑIBLES NA BIBLIOTECA MUNICIPAL)

A BIBLIOTECA REPARTIRÁ FLORES DE PAPEL RECICLADO E COLOCARÁ UNHA MOSTRA BIBLIOGRÁFICA

VENRES 11 FEBREIRO 20:00H
SALA DE EXPOSICIÓN DO AUDITORIO
INAUGURACIÓN MOSTRA VIKI RIVADULLA ROSALIANAS

RECITA: VIKI RIVADULLA, LUZ AIRADO E PILAR MASEDA

SÁBADO 12 FEBREIRO 13:00H
PARQUE ROSALÍA DE CASTRO
INAUGURACIÓN PARQUE ROSALÍA DE CASTRO

CONCELLO DE VILALBA E INSTITUTO DE ESTUDOS CHAIREGOS
RECITA: LOIS GAYOSO E CLARA BLANCO
POEMA MUSICADO: A.C. ANDRADE

SÁBADO 12 FEBREIRO 12:00H
ENTRADA DO AUDITORIO
RELATORIO DE ANXO ANQUEIRA PRESIDENTE DA FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

VENRES 18 FEBREIRO 18:00H
AUDITORIO MUNICIPAL
A VIAXE DE ROSALÍA ESPECTÁCULO DE MONICREQUES PARA PÚBLICO INFANTIL


DE BALDE / ENTRADASVILALBA.ES

SÁBADO 19 FEBREIRO 12:00H
PARQUE ROSALÍA DE CASTRO
AS ROSALÍAS SEMENTAN PENSAMENTOS
PRESENTADO POR PASTORA VERES
PARTICIPAN MULLERES POETAS DA NPG
MUSICA DE BMV ENSEMBLE

SÁBADO 19 FEBREIRO 20:30H
AUDITORIO MUNICIPAL
CORREDORES DE SOMBRA CONCERTO
DE BALDE / ENTRADASVILALBA.ES

MÉRCORES 23 FEBREIRO 18:00H
AUDITORIO MUNICIPAL
DÍA DE ROSALÍA O CALDO DE GLORIA
PARTICIPA O ALUMNADO DOS IES BASANTA SILVA E PEÑA NOVO E MOVEMENTO DE VILALBA

VENRES 25 FEBREIRO 20:00H
AUDITORIO MUNICIPAL
LECTURA DO MANIFESTO A CARGO DA ESCRITORA BEATRIZ MACEDA
IALMA CANTAN A ROSALÍA
CONCERTO
DE BALDE / ENTRADASVILALBA.ES



Abre a matrícula para exames dos cursos da Aula Mentor



Xa é posible matricularse ou examinarse nalgún dos máis de 200 cursos formativos homologados e a distancia que se ofertan a través da nova Aula Mentor do Concello de Guitiriz, con sede no edificio do Telecentro. Este proxecto está pensado para impulsar a formación, en diferentes ámbitos, entre persoas maiores de 18 anos, a través de iniciativas e sesións que se realizan de forma telemática con apoio da persoa administradora da aula de maneira presencial.

Os usuarios e usuarias poderán optar a diferentes cursos que viran ao redor de temáticas como:

iniciación á informática, Internet, ofimática, programación, redes e equipos informáticos, deseño e autoedición, deseño web, medios audiovisuais, enerxía, instalacións e control, saúde, educación, cultura e formación xeral, idiomas, ecoloxía, iniciativas empresariais, creación e administración de pemes, xestión de recursos humanos, tributos, hostalería e turismo, administración e xestión, servizos socioculturais á comunidade, madeira e márketing. Para máis información e inscricións no teléfono 982 370 062 ou no correo guitiriz@aulamentor.es.

A UNED Sénior abre a inscrición para o segundo trimestre

A Uned Sénior da Universidade da Coruña abriu o prazo de inscrición para as aulas que ten en Guitiriz para o segundo cuatrimestre do ano, proceso que se manterá activo ata o 14 de febreiro.

Ofreceranse en Guitiriz tres materias. Por unha banda, Cultura Musical, que se impartirá os martes de 17.30 a 19.30 hora na Casa Habane-

ra; inglés os venres de 18.30 a 20.30 horas na Aula Cemit, e Prevención do deterioro cognitivo os mércores de 17.30 a 19.30. horas no Taller Pilaria. A Uned Sénior vai dirixida a persoas que teñan polo menos 55 anos. Os que desexen máis información poden escribir a info@concellodeguitiriz.com ou telefonar ao Concello (982 370 109).

O Concello pide a transferencia da travesía urbana da N-VI

O goberno local de Guitiriz levou a Pleno unha proposta para solicitar desde o Concello ao Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana a transferencia da travesía urbana da N-VI ao seu paso por Guitiriz para mellorar e axilizar as diferentes xestións aos veciños.

A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, leva esta proposta a pleno tras constatar previamente, nunha reunión co xefe da Demarcación de Carreteras, Ángel González del Río, a receptividade da administración estatal, que se comprometería a entregar a vía en perfectas condicións, realizando os arranxos oportunos previamente. O obxectivo da transferencia é concentrar todos os trámites no Concello xa que na actualidade calquera obra, grande ou pequena, a facer nos edificios require da autorización municipal e estatal,



co conseguinte retraso que isto significa. Así, todos os particulares terán o mesmo tratamento independentemente de en que rúa se atopen.

Por outra banda, tamén beneficiará aos negocios de hostalería xa que poderán enmarcarse dentro da ordenanza de terrazas que ten previsto aprobar o goberno local e non terían que adaptarse á estrita

normativa estatal.

Marisol Morandeira explica que “queremos darlle un mellor e máis eficiente servizo á veciñanza e este cambio de titularidade permitirá reducir prazos e axilizar a concesión de permisos” e lembra que “cando teñamos a titularidade teremos que asumir o mantemento da vía pero é un custo asumible polos beneficios que traerá”.

As comunidades de montes presentan a súa iniciativa

A ORGACMMM celebrará o sábado 19 de febreiro, no concello de Guitiriz, a súa asemblea xeral. Na reunión presentarase a campaña para recabar as 10.000 sinaturas necesarias para avalar a Iniciativa Lexislativa Popular rexistrada recentemente pola organización no O texto da proposta de lei de montes veciñais foi elaborado en asembleas de comunidades de montes celebradas en todas as zonas de Galicia. “Os principios fundamen-

tais que motivan a presentación desta ILP son o reforzamento do carácter xermánico dos montes veciñais, a mellora do funcionamento asembleario e democráticos das comunidades, o recoñecemento da titularidade veciñal como unha mais e distinta das titularidades públicas e privadas, acadar un monte veciñal multifuncional e sustentabel, e unha fiscalidade axeitada a figura e as funcións dos montes veciñais”, explican.

Continúa Guitiriz en ruta o domingo 20

Continúa o domingo 20 a programación da cuarta edición do programa Guitiriz en Ruta. Comezará ás 10.00 horas saíndo da ponte medieval en San Alberte para percorrer a Ruta do río Requeixo. A andaina, de dificultade baixa, está aberta ao público en xeral. Para poder acudir é necesario anotarse antes do 18 de fe no Concello chamando ao 982 370 109.

Haberá unha andaina cada mes. As datas seguintes serán o 27 de marzo polas Fragas do Eume, o 24 de abril a Cova da Serpe e o 29 de maio ao Miradoiro da Terra Chá.



**LINER ARMADO RENOLIT
ALKORPLAN PARA PISCINAS**
Pida presuposto sen compromiso



**Especialistas en impermeabilizacións con láminas PVC
e láminas asfálticas, de aplicación en:**

Terrazas, cubertas, medianeiras, revestimento de canalóns

FACEMOS DEPÓSITOS PARA REGADÍO E PARA AUGA POTABLE

Miñones destaca o investimento na ETAP, a vivenda e o alumeadado

O delegado do Goberno en Galicia, José Miñones, repasou os investimentos realizados en Guitiriz. O delegado desprazouse ata as instalacións da Estación de Tratamento de Auga Potable, onde supervisou as melloras de eficiencia enerxética que impulsa do Goberno Local coa financiación do Ministerio para a Transición Ecolóxica. A achega ascendeu a 261.920 euros para unha obra que permitirá que a ETAP sexa máis eficiente e sostible diminuíndo a factura de electricidade que paga a administración local.

Estas mesmas axudas do Ministerio para a Transición Ecolóxica para mellorar a eficiencia enerxética tamén permitiron ao Concello acometer a renovación de parte do alumeadado público municipal. Neste caso, o Goberno concedeu a Guitiriz preto de 270.000 euros para desenvolver dous proxectos de instalación de luces tipo LED e renovación de instala-



lacións e cadros eléctricos. José Miñones destacou que “grazas a estas actuacións, xa finalizadas, o Concello de Guitiriz aforrará 45.000 euros anuais de factura da luz e rebaixará en 130 toneladas as emisións de CO2 á atmósfera”.

Xunto á mellora ambiental, o Goberno tamén incluíu a Guitiriz como beneficiado das axudas para rehabilitación de vivendas nas ARI ou Áreas de

Rehabilitación Integral. O delegado felicitou á alcaldesa pola inclusión de Guitiriz, por primeira vez, nos concellos beneficiarios desta última convocatoria do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021.

José Miñones tamén anunciou que Guitiriz se beneficia da primeira convocatoria do Programa ÚNICO-Banda Ancha do Ministerio de Asuntos Económicos e Avance Dixital.

O Concello dixitalizará o arquivo desde o ano 1836 ao 1959

O Concello de Guitiriz ven de adxudicar os traballos de dixitalización do Arquivo Municipal, un proceso que se leva a cabo co fin principal de garantir a preservación dos documentos que se conservan.

O obxectivo é: evitar o deterioro físico ocasionado polo manexo manual, conservar os contidos a longo prazo, identificar e describir os documentos dixitalizados cos seus correspondentes esquemas de metadatos, procurar o acceso a estes e poder difundilos a través da páxina web e, ademais, integralos no sistema de

arquivo electrónico do Patrimonio de Galicia.

O proxecto, valorado en 42.046,95 euros, permitirá dixitalizar un total de 59.913 páxinas e 416 expedientes. O material tratado é dun alto valor patrimonial e histórico xa que data desde o ano 1836 ao 1959. Entre os documentos poden atoparse algúns como: Construción dun cemiterio musulmán en Guitiriz (1937), Epidemia de gripe (1957), Desobediencia do alcalde de barrio (1926), Alteración da orde por cantar (1947), ou Consumos de cereais no 1919.

A ITV móbil de Turismos visita Guitiriz en marzo

A unidade móbil de inspección técnica de turismos estará entre o 4 e o 8 de marzo no Concello de Guitiriz, para atender a todos os veciños do termo municipal. A atención ao público será entre as 9.00 e as 13.30 horas e de 15.15 a 18.00, agás o día 8, que será só de mañá. A unidade estará situada no polígono industrial. Para solicitar cita previa hai que chamar ao teléfono 902 309 000 ou a través da web www.sycitv.com.

A feira de Parga prohibe o comercio de aves pola gripe aviar

A directiva da Feira de Parga comunicou aos seus visitantes e usuarios que recibiron un aviso dos servizos veterinarios da Xunta no que se indica que queda prohibida polo momento a concentración de aves debido ao brote de gripe aviar, polo que a feira do día 30 xa non contou con mercado de galiñas e demais aves. Advirten tamén que “o estricto cumprimento desta normativa ademais de estar vixiado por persoal dos servizos veterinarios tamén está vixiado e será sancionado polas respectivas forzas de seguridade competentes: Seprona, Policía Autonómica, Garda Civil, Policía Local, etc”.



EÓLICOS. Preto de 30 persoas acudiron á charla organizada polo Concello de Guitiriz no restaurante La Casilla para informar aos veciños sobre a instalación de novos parques eólicos no termo municipal. Os encargados de dar a charla foron José Antonio Diéguez e Jacobo Feijoo Lamas, da Asociación Ventonoso, unha entidade para a promoción e fomento das enerxías renovables e a conservación, promoción e defensa dos recursos naturais e do medio ambiente. O obxectivo deste encontro era explicar a situación na que se atopa cada un dos parques eólicos que afectan a Guitiriz e asesorar á veciñanza sobre as posibilidades que teñen.



JRoca
INMOBILIARIA



ROCA & PRADO
ABOGADOS

Mato Vizoso 6, Vilalba Edificio residencial 183m ²	75.000€
En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende casa unifamiliar formada por planta baja, dos plantas y bajo cubierta, en la que hay tres dormitorios, un baño y un aseo, sala y cocina. A su vez, en la planta baja tiene dos dependencias amplias que se les puede dar distintos usos. La vivienda se encuentra en las proximidades de la torre de Vilalba.	
N-634 40, Vilalba Casa / Chalet independiente 3 Dorm 2 Baños 182m ²	30.000€
Se vende casa en construcción en Marfían, municipio de Vilalba (Lugo), tiene 182 metros que pueden distribuirse a gusto del comprador.	
Basanta Silva 58, Vilalba Local 125m ²	120.000€
En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende cafetería-bar, local situado en esquina. Tiene una planta baja de unos 75 metros y un entresuelo un poco más pequeño. Necesita pocas reformas.	
Calle de Ribadeo 15, Vilalba Terreno / Urbano (solar) 1.378m ²	250.000€
Ofrecemos un solar muy céntrico de 1.378 metros, dando a dos calles, con edificabilidad para la calle Ribadeo de bajo, 4 plantas más ático y para la calle Lameirón, bajo, 3 plantas y ático.	
Magdalena s/n, Vilalba Terreno / Urbano (solar) 1.800m ²	45.000€
En Vilalba (Lugo), se vende parcela edificable, para vivienda unifamiliar de unos 1800 metros cuadrados.	
Casavella 4, Xermade Casa rural 0 Baño 160m ²	42.000€
En la parroquia de Lousada, municipio de Xermade (Lugo), a unos 20 km de Vilalba, a unos 15 km de As Pontes y a unos 30 minutos de las playas, se vende una casa con fachada en piedra. Tiene echada la placa del piso y del tejado y el resto hay que hacerlo. La casa tiene un garaje y una finca de unos 7.000 metros.	
Calvario 52, Vilalba Piso 4 Dorm 2 Baños 140m ²	80.000€
En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso de 4 dormitorios y sala, dos baños y trastero. Se trata de una vivienda muy luminosa y que dispone de calefacción individual. Esta a 30 minutos de Lugo y Ferrol y a 45 de A Coruña y de la costa de Lugo.	
Placido Peña s/n, Vilalba Local 500m ²	400.000€
En la calle Placido Peña de Vilalba (Lugo), ofrecemos un local de 500 metros, con dieciséis metros de fachada. El local está acondicionado; pero a mayores el solar es edificable, bajo, 5 plantas más ático.	
Villamartin - Róaveso s/n, Vilalba Casa / Chalet independiente 1 Dorm 1 Baño 102m ²	100.000€
A tres kilómetros de Vilalba (Lugo), en dirección Meira, ofrecemos una vivienda independiente, a terminar por dentro de unos 100 metros cuadrados. La casa tiene la fachada en piedra y se ubica en una finca de unos 4.000 metros cuadrados, la cual dispone de pazo de agua, fosa séptica y luz.	
Campo de Puente, Vilalba Piso 3 Dorm 2 Baños 115m ²	70.000€
En Vilalba (Lugo) ofrecemos en venta un piso de tres habitaciones y sala, dos baños y cocina amueblada. La vivienda tiene una terraza amplia, calefacción y ascensor. Tiene muy cerca un supermercado.	
Campo de Puente 100, Vilalba Piso 3 Dorm 2 Baños 125m ²	72.000€
En la localidad de Vilalba (Lugo), a 30 minutos de Lugo, y Ferrol y 45 minutos de A Coruña y de la costa lucense se vende piso de 3 dormitorios y sala, 2 baños, cocina, despensa y terraza. Dispone de ascensor y de trastero.	

Inmobiliaria JRoca Plaza Suso Gaioso - 27800 Vilalba, Lugo Tel.: 600 828 720

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco

Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal

Roca Abogados Carril de Catesol, 1 - 1ª, Lugo Tel.: 982 230 337 - 600 828 720

www.rocabogados.info

Convocan as actividades vinculadas á muller

O alcalde de Outeiro de Rei, José Pardo Lombao, e a concelleira de servizos sociais, María José Martínez Vigo realizaron a presentación das Actividades de Promoción da Muller 2022. Finalizada a mesma abriuse xa o prazo de inscrición ata o día 25 de febreiro para as seguintes actividades programadas para o primeiro semestre do ano. Entre as actividades que dan cozezo figuran varios obradoiros, como o de elaboración de xabóns e cosmética natural, xardinería e coidado da contorna, arte floral e un taller de reparación básicas do fogar. Todo isto completárase coa actividade De feira á feira de Melide e á Festa do Melindre. Por outro lado, con motivo da celebración do Día Internacional da Muller, o Concello coa fin de recoñecer e visibilizar o esforzo e traballo das mulleres do municipio realiza por primeira vez un vídeo

que baixo o título 8 M- 8 mulleres. Concello de Outeiro de Rei dará a coñecer a 8 mulleres do municipio, “mulleres que dalgunha maneira seguramente representan a outras moitas, e mulleres que nos permitirán ver a diversidade na que vivimos tanto no que se refire ao mundo laboral como aos distintos puntos de vista e percepcións que as mulleres teñen sobre a igualdade”, explicou o alcalde. A programación prevista para 2022 completárase, xa no segundo semestre do ano, con outras actividades como taekwondo, formación en novas tecnoloxías, obradoiro de muller e saúde e para conmemorar o 25N, a andaina popular contra a violencia de xénero. Pódese acadar máis información ou realizar as inscricións na Casa da Cultura de Outeiro de Rei ou no teléfono 982 393 408.

Inaugurada a Nave de Reciclaxe

A concelleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, subliñou hoxe a aposta do concello de Outeiro de Rei pola reciclaxe e a economía circular a través da posta en marcha dun novo espazo municipal para a autorreparación e o intercambio de obxectos e utensilios, un proxecto financiado en case un 80% pola Xunta a través dunha achega de 30.000 euros.

Durante o acto de inauguración da nave —localizada no polígono industrial, cunha superficie útil de 60,26 m2 distribuídos nunha soa planta e altura suficiente para facilitar o acceso de vehículos— a concelleira, acompañada polo delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, e o alcalde, José Pardo, recibiu unha explicación técnica sobre o funcionamento da instalación e os obxectivos que se perseguen coa súa posta en servizo.

Así, trátase dun espazo que permitirá recuperar utensilios depositados no punto limpo municipal, localizado ao carón da nave e con acceso directo á mesma, ou aqueles obxectos que



outras persoas acheguen á instalación de reciclaxe para intercambialos por outros do seu interese, xa sexan mobles, roupa, pequenos electrodomésticos ou xoguetes. A tal fin, o novo espazo tamén está dotado de ferramentas básicas para poder realizar pequenos arranxos e tarefas de autorreparación no propio lugar. Tras lembrar que o obxectivo do seu departamento ao apoiar aos concellos en proxectos deste tipo é contribuír a unha mellor e máis ampla xestión dos residuos de carácter especial, Ángeles Vázquez explicou

que, no caso concreto de Outeiro de Rei, o Goberno local beneficiouse da orde de axudas convocada en maio de 2020 para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal. Así mesmo, lembrou que desde o ano 2015 Outeiro dispón dun punto limpo fixo para depositar obxectos, electrodomésticos e outro tipo de materiais que polas súas características particulares, deben ser depositados en instalacións como esta, en cuxa construción, segundo indicou, a Xunta investiu uns 275.000 euros.

Buscan un logopeda de atención temperá

Coesco selecciona un logopeda para o servizo de atención temperá de Outeiro, que atende a nenos e nenas de entre 0 e 6 anos con trastornos no desenvolvemento. As responsabilidades consisten en dar resposta ás necesidades transitorias ou permanentes que presenten nenos e nenas con trastornos no desenvolvemento, facilitando a súa autonomía persoal e a inclusión social. Os interesados poden enviar curriculum a empresas@coescoformacion.com.



VIOLENCIA DE XÉNERO. O Concello acolleu a mesa local de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, coordinada por Rosa Muñiz, responsable técnica do programa de dinamización e apoio ás mesas locais posto en marcha pola Secretaría Xeral de Igualdade.

Remata o período de consultas do ERE da láctea Tegestacín

O comité de empresa de Tegestacín fixo público un novo comunicado no que indica que finalizou sen acordo o período de consultas do ERE proposto pola empresa láctea.

“Malia isto a empresa pretende forzar, con coaccións e sen garantías para o persoal, un acordo que lle lexitime o despedimento colectivo diante da Autoridade laboral”, indican dende o sindicato CIG.

Como sindicato maioritario “e o obxecto de non perxudicar á maioría do persoal afectado”, trasladoulle á empresa nesta reunión a non disposición a facilitar un acordo que non supera as condicións mínimas legais e que carece de garantías. Ademais, indicou a súa determinación de ter por finalizado o período de consultas

ó superar os prazos mínimos legais. “Tendo dende este intre a empresa toda a responsabilidade para exercer os despedimentos e garantir os pagamentos correspondentes de salarios, liquidacións e indemnizacións”, din. A empresa con esta actuación aproxímase a garantir o impago de dúas mensualidades, como subliñan os membros do comité.

Fracasou tamén a reunión prevista entre comité de empresa e Xunta coa empresa debido a que a dirección da planta de Outeiro de Rei pola incomparecencia da empresa. O comité de empresa iniciou varias accións de protesta e de reunións unha vez coñecida a convocatoria do ERE tralo anuncio de peche, feito oficial antes de Nadal.

O zoo de Marcelle abre dende este mes só as fins de semana

O zoolóxico de Marcelle abriu o día 5 as súas portas trala pausa invernal. O centro manterá un horario só de fins de semana, entre as 11.00 e as 18.00 horas, horario condicionado pola luz solar. Durante o resto da semana o centro permanecerá pechado ata a tempada alta, a primavera, cando abrirá de forma continuada.

Lembran a necesidade de uso de máscaras en zonas de interior e en visitas guiadas xa que estas se realizan en grupo. Tamén será obrigado no exterior sempre que non se respecten as distancias mínimas de seguridade.

Así mesmo, explican que no haberá que facer reserva previa da entrada.

construferr

MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN E MANEIXAMENTO
PABLO RABADE PAREDES

Saneamentos, construción e ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO) - Telf: 982 511 200

Monitorizados catro depósitos de auga

O Concello de Xermade rematou os traballos de monitorización dos depósitos de abastecemento de auga potable nas parroquias de Momán, Xermade, Roupar e Cabreiros. Estes traballos contaron cunha das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, do programa operativo Feder Galicia 2014-2020. As obras consistiron en dispoñer de dispositivos autómatas nos depósitos existentes para a monitorización telemática do nivel de auga nos depósitos, a concentración de cloro, a lectura do parámetro do PH e do nivel de cloro no depósito. O sistema está composto por un autómata ó que se conectarán os

distintos sensores. Colocouse un sensor de presión situado no fondo do depósito o cal se conectou ó autómata para rexistrar os datos de nivel do depósito. Ademais, debido a que o sistema de dosificación presente nos depósitos atópase cun mal funcionamento e mal estado en xeral na actualidade, substituíronse os actuais, por equipos novos de regulación de cloro, instalando unhas bombas recirculadoras da auga para o tratamento de dosificación e control do nivel de cloro e pH da auga en tempo real. Instaláronse tamén bombas dosificadoras de cloro entre outras medidas.

Convocada unha nova edición do premio Xermade na Historia

Un ano máis vén de convocarse o Premio de Investigación Xermade na Historia, a VIII edición, que organizan conxuntamente o Concello, a asociación de veciños de Cabreiros e a Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela, co patrocinio da Deputación de Lugo. Xa está aberto o prazo para presentar os traballos e este manterase ata o 29 de abril de 2022. Así mesmo, mantense un premio de 2.000 euros para o primeiro e un segundo galardón dotado con 1.000 euros. Os interesados en participar poderán facelo tanto de xeito individual como colectivo e con cantos traballos queiran



presentar, sempre que estes versen sobre temas relacionados co patrimonio etnográfico e cultural de Xermade: tradicións, ritos, festas, arte popular, memoria histó-

rica, costumes, arquitectura, etc. A organización establece tamén unha extensión mínima de 50 folios e un máximo de 400 e deberán estar escritos en galego. As investigacións deben remitirse por correo ao rexistro municipal e presentarse en impresos tamaño folio e cunha copia dixitalizada en CD. Irán acompañadas dun sobre pechado cos datos persoais do autor ou autores, así coma o seu currículo vitae, e do modelo de presentación que pode atoparse na web municipal, www.xermade.org, debidamente cuberto. A organización resérvase o dereito de editar as obras gañadoras.

Remata o proceso de compra dun camión contra incendios

O Concello e a Deputación asinaron un convenio de colaboración para a adquisición dun camión contra incendios o 30/12/2020. O prazo de xustificación remataba o 30/09/2021, pero foi solicitada e concedida unha prórroga ata o 30/11/2021, dadas as dificultades para adquirir un vehículo usado que cumprira os requisitos necesarios para satisfacer as necesidades municipais. Como informou o alcalde, en data 16/11/2021 solicitouse a modificación do obxecto do convenio, dado que o vehículo atopado tiña un prezo de 11.000,00 euros, e pretendíase destinar o importe restante a outro investimento, neste caso a adquisición da Casa Reitoral de Santa María.

O Concello celebrará de novo o tradicional concurso de disfraces

O Entroido chegará de novo a Xermade o luns 28 de febreiro coa celebración dunha festa na tarde-noite, despois dun ano sen esta actividade pola incidencia da covid. Os actos darán comezo ás 20.00 horas no pavillón polideportivo. Coa festa convócase de novo concurso de disfraces con premios para grupos, parellas e individuais, que oscilarán entre os 200 e os 50 euros para os adultos e de 50 a 20 para os

pequenos. Serán tres gañadores en cada unha das tres categorías para os veciños do Concello. Ademais, haberá unha categoría para a participación de persoas non empadroadas en Xermade con dous premios. O xurado estará formado por tres persoas voluntarias do público e un secretario vinculado ó Concello, con voz e sen voto, que certificará o cumprimento das condicións establecidas nas bases.

Organizan este mes un obradoiro de manexo de móbiles e outro de cerámica

O municipio xermadés contará este mes de febreiro con dous cursos que se repartirán polas parroquias. Así, o primeiro que está organizada será un obradoiro de manexo de móbiles smartphone, que se impartirá os sábados 12 e 19 de febreiro. Terá lugar polas mañás en Cazás, entre as 12.00 e as 14.00 horas na Escola do Calvario; e polas tardes en Roupar de Abaixo, na Escola da Criba, entre as 16.00 e as 18.00 horas. Neste curso os asistentes aprenderán a traballar cada un co seu propio dispositivo, empezando polas funcións máis básicas ata as máis avanzadas. Por outra banda, os domingos 13 e 20

será a vez dun obradoiro de iniciación á cerámica, no se que se elaborarán pezas de barro que se poderán levar para a casa. Na primeira xornada faranse as pezas e na segunda a decoración das mesmas. Polas mañás o curso terá lugar na Casa Escola de Cabreiros, entre as 12.00 e as 14.00 horas, e, pola tarde, en Xermade, na Nave municipal, de 16.00 a 18.00 horas. As inscricións poden facerse por whatsapp ao 678 744 178 indicando o nome, lugar de empadroamento e curso ao que se quere asistir ou no propio Concello. Teñen un importe de 15 euros.

XORNADAS DO COCIDO

Todos os domingos de FEBREIRO A MARZO DEGUSTA O MELLOR COCIDO

CASA ARAGATA
PENSIÓN • RESTAURANTE

Reservas en:
TORRE PEDROUZOS 54 - VILALBA Tel.: 982 511 201 / 676 507 692

GEOCLIMA ST
CLIMATIZACION - FRIO INDUSTRIAL
ENERGIAS RENOVABLES - CALEFACCION

SOLUCIONES PARA:

- Comunidades
- Garajes
- Hipermercados
- Hospitales y clínicas
- Hostelería
- Instalaciones Agropecuarias
- Locales comerciales
- Naves Industriales
- Oficinas
- Salas informáticas
- Turismo Rural
- Vivienda residencial

REALIZAMOS:

- Climatización
- Ventilación
- Instalaciones térmicas
- Protección contra incendios
- Maquinaria de Hostelería
- Calefacción
- Suelo Radiante
- Refrigeración
- Pailas para chimeneas
- Recuperadores de calor
- Calderas

INSTALACIONES Y MANTENIMIENTO

REFRIGERACIÓN CALEFACCION

SOLAR TÉRMICA BIOMASA

Rúa das Mercadorías, 121 - Pol. Industrial O Ceao. 27003 - Lugo
982 814 147 / 636 462 063 www.geoclimast.com

Adamo presentou o seu plan de implantación nas parroquias



Presentación do proxecto de implantación na Pastoriza

O salón de actos da casa da cultura da Pastoriza acolleu a presentación da implantación da rede fibra óptica no termo municipal a cargo da empresa Adamo. O representante da empresa, dentro das axudas do Goberno central para a instalación de banda ancha no rural, asegurou que chegará a todas as zonas da Pastoriza onde se teña demanda. De feito, dentro do programa de desenvolvemento de internet no

ámbito rural do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital a empresa Adamo segue co despregue de fibra nas parroquias de Gueimonde, Crecente e A Pastoriza, pero a empresa segue traballando para ofertar os seus servizos en máis parroquias. Actualmente estase traballando na Pastoriza e dende alí desenvolverase ao resto das parroquias nun prazo máximo dun ano.

Asapa equipa o local social da Pastoriza con calefacción

A Asociación de Empresarios da Pastoriza (Asapa) vén de iniciar as melloras no local social da veciñanza da Pastoriza, lugar que xestiona dende o día 1 de xaneiro.

O obxectivo do colectivo empresarial é ir equipando o local acolléndose a distintas axudas das administracións ou doazóns dalgunha empresa.

A primeira destas actuacións é a colocación dunha caldeira de pellets no local, grazas a un acordo que chegaron con BigMat Huertas de Pousada, unha parroquia deste Concello.

O local social carecía de calefacción, “e dadas as condicións climatolóxicas desta zona, creíamos que era o primeiro paso a dar para un mellor confort para as xuntanzas”, explica o presidente do colectivo, Marcos García Lombardero.

“Queremos dar as grazas a directiva do monte vecinal e os veciños pola confianza depositada en nós para levar a xestión do local, e dar as grazas tamen a BigMat Huertas,



A nova caldeira

que counha simple chamada fixo isto posible, tamen, por último, dar grazas ao albanel Paco, pola colocación de dita caldeira, que prestou voluntariamente. Somos unha asociación pequena, certo, pero con grandes retos para intentar que os nosos veciños e amigos disfruten do rural e disfruten da Pastoriza”, conclúe o presidente de Asapa.

Comezan as obras do parque de Bretoña e da rúa José Yáñez

Comezaron na pastoriza as obras de remodelación integral do parque infantil de Bretoña, que se realizan en función a un convenio entre o Concello e a Deputación de Lugo.

A Deputación de Lugo achega ao Concello 34.989,57 euros para a construción dun parque infantil na praza da Bretoña. A entidade local encargárase os proxectos técnicos, os terreos precisos e os permisos e autorizacións para levar a cabo as obras e actuacións necesarias.

O presidente subliñou que para a Deputación de Lugo “é unha satisfacción colaborar co Concello para a posta en marcha destas iniciativas que beneficiarán ás familias, dando alternativas lúdicas e de ocio para os máis pequenos, e darán a coñecer as características e a riqueza histórica e patrimonial do municipio, co que contribúen á promoción do territorio”.

Esta nova colaboración económica súmase ao investimento de preto de 330.000€ que a institución provincial inxecta no Concello a través do Plan Único. A Deputación ten como prioridade cooperar cos concellos da



Obras no parque de Bretoña

provincia para que poidan ofrecer máis e mellores servizos aos veciños e veciñas.

RÚA JOSÉ YÁÑEZ GARCÍA. O Concello da Pastoriza deu comezo ás obras na rúa José Yáñez García e que consistirán na renovación dos servizos e a construción de beirarrúas.

Os traballos levaranse a cabo en 70 metros de rúa e consistirán no cambio da rede de servizos de abastecemento de auga, telefonía, alumeadado público e rede separativa de augas pluviais e fecais.

Estas obras teñen un orzamento de 60.000 euros e están con cargo ao Plan Único do ano pasado.

Ademais, no Concello continúaase traballando nos labores de roza e limpeza, nestes últimos días en Fomina, Loboso e Baltar.

CRISTO DO FIOUCO. Finalizaron as obras de restauración do Cristo do Fiuco, situado no alto da parroquia de San Bartolomeu de Cadavedo. A Xunta de Goberno do Concello da Pastoriza foron os encargados de levar adiante esta intervención.

O CEIP recibe unha distinción por un proxecto conxunto cun centro rural de Zaragoza

O Ministerio de Educación e Formación Profesional recoñeceu o valor de 30 proxectos educativos na promoción da inclusión e a innovación educativa aos que concedeu axudas por valor dun millón de euros. A particularidade é que estes proxectos están desenvolvidos por agrupacións de centros públicos de distintas comunidades autónomas. Na provincia de Lugo o CEIP O Salvador da Pastoriza, en convenio co CRP Bajo Gállega, de Lecifena, Zaragoza, recibiron unha destas distincións polo seu traballo Sostibilidade, saúde e deporte en el medio rural.

Do centro lugués participaron 92 alumnos que manterán un programa de actividades vinculadas ao proxecto xunto ao centro rural aragonés.

En total, foron recoñecidos 105 centros de 15 comunidades autónomas, Ceuta e Melilla recibiron axudas de ata 10.800 euros para financiar estes proxectos colaborativos cuxo principal obxectivo é potenciar a equidade e a inclusión educativa, pero que tamén contribúen a fomentar iniciativas de innovación e investigación, contribuír ao desenvolvemento das competencias clave para a aprendizaxe permanente, desenvolver a capacidade de traballar en equipo, formar aos estudantes en contornas dixitais e virtuais de aprendizaxe, así como abrir os centros educativos ao exterior.

As agrupacións están formadas por dúas ou máis centros de diferentes comunidades ou cidades autónomas. Un equipo de docentes ou outros profesionais de cada centro participante elabora e desenvolve un proxecto de maneira conxunta cos centros que forman a súa agrupación. Á vez, cada centro realiza un proxecto específico que contextualiza o proxecto común á realidade dese centro.

EN BREVE

CONCERTO. O Hábitat Cultural Fogar de Maeloc acollerá o 19 de febreiro un obradoiro de percusión africana xunto a un concerto. Será de 5 a 7 e está dirixido a todas as idades, non é necesaria experiencia previa nin levar instrumentos. A aportación é de 10 euros e as prazas son limitadas por orde de inscrición. Unha vez finalizado o obradoiro, haberá un concerto no que se admiten doazóns. Os interesados en participar poden facelo no teléfono 622 913 968.

CLUB DE LECTURA. O club de lectura Entre Liñas organiza unha nova actividade aberta ao público e vinculada cos libros do seu programa. Así, o día 19 está prevista unha xuntanza co escrito Manuel Núñez Singala, autor de Camiño na Auga, co que se manterá un faladoiro a partir das 18.00 horas no Hábitat Cultural Fogar de Maeloc.

MEDICAMENTOS. O Concello en colaboración coa Escola Galega de Saúde organiza un obradoiro sobre o uso correcto dos medicamentos. Este taller será o 16 de febreiro en horario de 16.30 a 20.30 hoas na casa da cultura da Pastoriza e estará impartido por Enrique del Arco Herrero, licenciado en Farmacia e técnico en prevención de risco.

Miñones destaca en Rozas o apoio do Goberno ao sector aeronáutico

O delegado do Goberno en Galicia, José Miñones, destacou o apoio do Goberno para “situar a Lugo na vangarda do sector aeronáutico de Europa”. O delegado avanzou a aposta que realiza o Goberno para que Lugo ocupe un lugar destacado no sector aeroespacial durante unha visita que realizou esta mañá ao Centro de Investigación Aeroportada de Rozas, na que estivo acompañado pola subdelegada do Goberno na provincia de Lugo, Isabel Rodríguez; polo presidente da Comisión de Defensa do Senado, o senador César Mogo, e a directora do CIAR, Neves Seoane. José Miñones anunciou que o Goberno prepara un investimento público de 400 millóns de euros para o sector aeronáutico, ao que se dedicará en exclusiva un programa estratéxico dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. E adiantou que “queremos que o CIAR de Rozas e Lugo tamén sexan protagonistas deste Perte Aeroespacial”. O delegado anunciou que haberá moitas novas liñas do Plan de Recuperación enfocadas á innovación, ademais do Perte Aeroespacial, polo que “estamos ante unha oportunidade histórica para que Rozas e Lugo despeguen e consolidense como re-



ferencia europea á vangarda do sector aeronáutico”.

Pola súa banda, o presidente da Comisión de Defensa do Senado destacou que o CIAR “é unha aposta moi interesante polas posibilidades que presenta para Lugo, pero o mellor está por vir”, asegurou.

INVESTIMENTO. Miñones cualificou ao CIAR como “centro tecnolóxico pioneiro símbolo da nova Galicia, da transformación do modelo industrial e económico que impulsamos desde o Goberno”. Con este obxectivo, informou o delegado, o Goberno achegou 16,6 millóns de euros ao sector aeroespacial de Galicia só nos

últimos meses

O delegado asegurou que o CIAR de Rozas é un exemplo de “dous tipos de colaboración imprescindibles para avanzar, esenciais para que o Plan de Recuperación do Goberno teña éxito: a colaboración leal entre administracións e a colaboración público-privada con empresas innovadoras que sexan tractoras do novo modelo económico”.

A implicación do Goberno co sector aeronáutico tradúcese en importantes investimentos, destacou o delegado, que lembrou a participación en en o CIAR do Ministerio de Defensa, a través do INTA, e do Ministerio de Ciencia e Innovación.

Abre ao uso o campo de fútbol de herba artificial



Rapaces do CD Castro, adestrando no novo campo

O CD Castro fixo a estrea oficial das instalacións do anexo ao Municipal Arturo Pereiro, tras varias anos de obras.

Os partidos do equipo sénior e dos distintos conxuntos de base serviu para presentar estas novas instalacións, que tamén serían visitadas polas autoridades autonómicas.

O novo campo de fútbol de herba artificial de Castro executouse en dúas fases, que se prolongaron durnate os últimos dez anos e recibiron o financiamento de diferentes institucións. A última actuación foi precisamente a cobertura das instalacións coa manta

de céspede artificial, adxudicadas no mes de outubro do ano pasado por un valor de 131.164,00.

As obras empezaron no ano 2012 a través dun taller de emprego no que os alumnos executaron o valado.

Uns anos despois, en 2016, os veciños de Duarría cederon o material de recheo para a primeira fase das obras —movéronse 400 camións de jabre— e a Xunta destinou 50.000 euros para o enchido e a drenaxe do terreo.

No ano 2019 fíxose tamén a instalación das torretas de iluminación, antes de dar comezo á terceira e última fase.

CAMIÑADA. O BNG celebrou unha camiñada e unha concentración diante do centro médico en Castro de Rei pola recuperación dos servizos sanitarios deste concello. Neste sentido, a concelleira nacionalista destacou que a situación segue sendo a mesma dende hai máis dun ano “os anuncios de mellora da Consellería de Sanidade tras as mobilizacións do BNG, non se están vendo. Continuamos co centro médico de Castro de Rei pechado e o centro de saúde de Castro Ribeiras de Lea sen suficiente persoal sanitario para poder atender á veciñanza”.



O Entroido volve a Val de Francos o día 1 de marzo

Co seu humor característico, presentouse unha nova edición do Entroido de Val de Francos, que volve tralo parón da covid o día 1 de marzo, martes, para as parroquias de Ansemar, Balmonte e Goberno.

A festa dará comezo ás 16.00 horas coa actuación dos Valuros de Castro de Rei. Seguidamente realizarase a inauguración da exposición fotográfica dos 30 anos de entroido a cargo de Francisco Balado, alcalde do Con-

cello, e Xosé Manuel Blanco, escritor. Non faltará a chegada do Antroido ao Campo do Carril, a lectura do sermón e a queima do Antroido.

Ás 17.45 horas será tempo de música a cargo do dúo Estrellas e o sorteo de produtos típicos destas datas.

Ás 19.00 horas continuará a música coa actuación da recanteira Marta Pacín e o baile a cargo da orquestra Finisterre e o dúo Estrellas novamente, ata a madrugada.

MEMBER OF
Dow Jones
Sustainability Indices
In Collaboration with RobecoSAM



Changing
Tomorrow
Now

ya llevamos 14 años
cambiando hoy el mañana

edp

edp.com



Finaliza unha nova edición do Belén con 14.000 visitantes

Vén de darse por rematada a edición número 50 do Nadal de Begonte, iniciada o pasado 4 de decembro co pregón pronunciado polo bispo de Mondoñedo-Ferrol, Fernando García Cadiñanos.

En contraste coa anterior, esta simbólica tempada caracterizouse pola volta á presencialidade nas instalacións do belén, en grupos reducidos, rexistrados previamente a través de internet ou telefónicamente, atendendo tamén a quen acudía sen reserva na medida en que as disponibilidades de espazo o ían permitindo. Estímase en algo máis de 14.000 visitas as recibidas nos case dous meses de funcionamento do belén, ás que hai que sumar as 12.500 (algo máis de 200 diarias) visitas á páxina web desde diversos puntos do mundo, sendo maioría os españois e, dentro deles, os galegos.

PREMIOS. Tamén foron entregados de forma virtual os premios dos distintos certames. O xurado da XLVI edición do Certame de debuxo infantil e o de Poesía de Nadal,

convocados polo centro cultural José Domínguez Guizán de Begonte, presentaron aos gañadores dos concursos. O de debuxo infantil estivo dividido en dúas categorías, establecéronse varios primeiros e segundos premios. No grupo dos máis pequenos, ata dez anos, os primeiros premios foron para Lía Longarela Arias, de 9 anos e do CEIP O Cantel de Foz; Gael Santos Currás, de 6 anos e do CEIP n.º 1 Foz, e Isabela Rouco Otero (6 anos e do CEIP n.º 1 Foz).

Os segundos premios foron para Amine El Akraoui, de 9 anos e do CEIP O Cantel (Foz); Kenia Lousas da Costa, de 6 anos e do CEIP n.º 1 Foz; Marco Doce Moirón, con 7 anos (CEIP n.º 1 Foz); Lucía Río Díaz, de 9 anos (CEIP O Cantel), e Manuel Marqués Fernández, con 7 anos. (CEIP n.º 1 Foz). Na categoría de rapaces entre 11 e 15 anos, os primeiros premios recaeron en Miguel Fra Baltar (14 anos. IES Illa de Sarón, Xove); Daniel Ramos González (15 anos. IES Vilar Ponte, Viveiro) e Alba Torres López (13 anos. IES Vilar Ponte, Viveiro).

Nesta categorías os segundos premios foron para Jimena Fernández Reinante Pérez (13 anos. IES Dionisio Gamallo Fierros de Ribadeo); Emily Sofía Arenas Castañeda (13 anos. IES Vilar Ponte de Viveiro); Eva Deán Durán (12 anos. IES Illa de Sarón, Xove); David Salgueiro Varela (13 anos. IES Vilar Ponte) e Alba Rodríguez Bermejo (13 anos. IES Illa de Sarón, Xove).

POESÍA. No tocante ao de Poesía de Nadal, acordouse conceder o primeiro premio ao poema *Eran tempos de Nadal, era e foi hai moito tempo!* do que resultou ser autor Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero, residente en Xanceda-Mesia, A Coruña.

O segundo premio foi para o poema *O neno valuro*, presentado por Xosé Otero Canto, de Lugo.

Acordouse conceder cadansúa mención de honra aos poemas *Un río e unha pregaría*, presentado por Carlos López Fernández, residente en Vilalba e *O Belén de Begonte*, de Xoán Xosé Fernández Abella, residente en Teo (A Coruña).



Mero volveu gañar o certame de Poesía

Premio para Pablo Veiga

O último artigo que Pablo Veiga, colaborador deste xornal, publicou este mes en www.galiciaxa.com co título *Medio século de ilusión* fíxose co primeiro premio do concurso de xornalismo que convoca todos os anos o Belén de Begonte.

O premio está dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos.

O segundo foi para Santiago Rodríguez López e o seu traballo *O neno Deus naceu na cima da Guiza*, dotado con 300 euros e estatuíña.

Ademais, o xuado decidiu conceder dúas mencións de honra tamén pola calidade dos traballos a



Begonte, *Unha estrela dourada*, publicado por Xoán Neira; e *Detrás de cada ollada*, de Ruth Fernández.

O Concello fai este mes a recollida de residuos voluminosos

O Concello procederá durante este mes, á recollida de enseres domésticos voluminosos porta por porta. Os interesados no servizo deberán chamar previamente ó teléfono 982 396 143 para informar dos enseres a recoller indicando nome, dirección e teléfono de contacto.

A recollida realizarase a partir das 8.00 horas de forma domiciliaria, debendo estar depositados os enseres en lugares accesibles para a súa carga co camiión pluma. Entre os residuos que se recollen admítense electrodomésticos, mobles, sofás, protas, cadeiras, caixas e listóns de madeira, persinas, xoguete rotos, etc.

Non se recollerán escombros, sanitarios ou obxectos xerados por reformas de vivendas.

O CEIP Virxe do Corpiño fai na biblioteca a maior inversión ata a data

O CEIP Virxe do Corpiño de Begonte vén de rematar as obras de remodelación da súa biblioteca, na que investiu un total de 22.000 euros, 17.000 en mobiliario e outros 5.000 en libros. Trátase como explica o seu director, Eliseo Real Franco, “do maior investimento realizado na historia do centro con fondos propios”. Esta remodelación vén marcada pola inclusión deste centro no Plan de Mellora de Bibliotecas da Xunta e para continuar co seu programa de impulso deste servizo, “que xa era un polo fundamental do cole”, di o director.

As reformas, “unha aposta clara para darlle o espazo que merece á biblioteca”, consistiron nunha reforma

integral “para crear a biblioteca que nós cremos que é o modelo a seguir” e tamén é o modelo que propón a asesoría de bibliotecas escolares.

Trátase por tando dunha serie de mobles móbiles, poden transformarse os espazos rapidamente xa que a súa función é multidisciplinar, para ler, investigar en todos os soportes, traballar impresión en 3D, robótica, e outras moitas tecnoloxías.

A biblioteca está aberta ás familias, coa súa propia sección con libros de consulta. De feito, o obxectivo é abrir a biblioteca fóra do horario lectivo para que as familias podan coller libros, participar en contacontos ou distintos proxectos transversais que se están levando a cabo.



Na inauguración deste novo centro estivo o alcalde e representantes da Xunta, así como asesores de bibliotecas escolares. Pola mañá fíxose unha inauguración para os nenos cunha actuación de Uxía Lambona e pola tarde foi a celebración das familias. “Levábamos moitos anos soñando con esa biblioteca e facela realidade é un gusto”, engade o director. Este avanzou tamén que o centro vai retomar as actividades das familias, a Escola de Familias, que se levarán a cabo na biblioteca, e poñerá en

marcha o Consello Eescolar do colexio para que os pequenos podan trasladar as súas inxedanzas.

PORTAS ABERTAS. O colexio celebrará a semana do 21 ao 25 de febreiro unha xornada de portas abertas antes de que se inicie o ciclo de matrícula para o novo curso escolar que comezará en setembro. O horario de visita será entre as 16.00 e as 17.00 horas. Os interesados en participar deberán pedir cita previa no 982 870 089.

O gato con botas
zapatería
C/ Plácida Peña, 8 - Baixo
27800 Vilalba (Lugo)
Tel: 982516150

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas
Transformacións agrarias
Desbroces y plantacións de montes
Servicio de podas
San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

SERVICIOS AGROFORESTALES
SEOANE
SERVICIOS AGROFORESTALES

rábade

Rematan as melloras no tratamento da auga



O Concello de Rábade puxo en funcionamento os investimentos realizados na estación de tratamento de auga potable e na depuradora de augas residuais, segundo comunicou o equipo de Goberno.

As obras consistiron na execución do proxecto de renovación da tubaxe xeral de distribución e conexión das augas de lavado de filtros á rede de saneamento da ETAP de Rábade, cun investimento total de 45.865,30 euros; así como na ampliación e mellora da instrumentación e control da EDAR de Rábade cun investimento de 45.311,20 euros. “Coa execución destas obras pretendeuse mellorar e

modernizar o sistema de captación de augas e depuración e control dos vertidos na EDAR, acadándose unha mellora substancial no funcionamento de ditos servizos grazas á renovación do equipamento existente e a instalación de novos sistemas de control”, detalla o Concello.

Esta actuación foi financiada por Augas de Galicia con cargo á Resolución de 12 de marzo de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións a concellos destinadas a obras de abastecemento, saneamento e depuración, no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder.

Imparten un novo curso oficial de monitor de tempo libre

Xa está aberto o prazo para a inscrición no novo curso de monitor de ocio e tempo libre, que contará coa titulación oficial da Xunta de Galicia, que organiza Galwy xunto coa Asociación Galega de Custodia do Territorio e a Casa das Insuas, lugar no que se impartirá.

Esta iniciativa conta coa colaboración do Concello de Rábade e será impartido dende a Escola de Tempo Libre Bugallo.

Será un curso especial no que ademais se incluíra unha titulación a

maiores: Especialista en educación medioambiental. Faranse prácticas e entrarase nunha bolsa de emprego.

O curso desenvolverase entre o 12 de febreiro e o 3 de abril en intensivo de fin de semana: sábados e domingos en horario de 9.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 e 4 venres pola tarde. Cumpríranse todos os protocolos pola covid-19. A reserva de prazas ten que facerse en info@galwy.com ou no teléfono 982 804 773.

O curso ten un prezo de 300 euros e permite o pago fraccionado.

A Subdelegación dota de novos medios o posto da Garda Civil

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, informou de que a Garda Civil disporá de novos medios que lle permitirán prestar un mellor servizo aos veciños e veciñas da provincia. A subdelegada anunciou, en Rábade, que o Ministerio do Interior vén de dotar con 110 tabletas á Comandancia da Garda Civil de Lugo para que os axentes que prestan servizo na provincia poidan realizar o seu traballo de xeito máis áxil e eficaz.

Isabel Rodríguez, que visitou o posto

da Garda Civil acompañada polo coronel xefe da Comandancia, Miguel Ángel González Arias, e polo alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes, onde xa están en funcionamento as primeiras tabletas, agradeceu os pasos que está a dar o Ministerio do Interior para mellorar os medios humanos e materiais das forzas de seguridade da provincia de Lugo, co obxectivo de que os axentes poidan cumprir nas mellores condicións a súa misión de protexer aos cidadáns.

cospeito

A Festa da Filloa volve este 1 de maio e a Moexmu xa ten cartel

Tras dous anos, o Recinto Feiral Manuel Vila volverá acoller no 2022 presencialmente a Festa da Filloa de Muimenta–Festa de Interese Turístico de Galicia. Así o anunciaron os membros do comité organizador, os mesmos da Moexmu, aproveitando a celebración do Día da Crepe.

A festa volverá a Muimenta novamente o 1 de maio sempre e cando a situación sanitaria o permite nesta data en cuestión.



Por outra banda, xa se presentaron os carteis da Moexmu, que terá lugar os días 1, 2 e 3 de abril, acadando a XXXVIII edición da Mostra Exposición de Muimenta, o XXXVI Concurso de Gando Frisón, a XXXVI Exposición de Gando de Raza Rubia Galega e a XXVI Poxa de Gando Selecto.

Unha edición máis, Paula Francos Anllo, volve a ser a autora dos carteis da Moexmu e do Concurso de Gando.

Os rogos da oposición e a renuncia de Daniel Paz, focos do pleno

As preguntas e rogos do partido socialista e do BNG volveron centrar a celebración do Pleno no que o concelleiro Daniel Paz leu un comunicado para explicar a súa baixa do equipo de Goberno. Ambos partidos da oposición volveron insistir ante o equipo de Goberno en varios dos temas tratados nas sesións anteriores. Así, o PSOE insistiu na necesidade de facer unha intervención de urxencia na consulta do centro de saúde Feira do Monte mentres esperan a intervención do Sergas, ao que se comprometeu o alcalde.

Así mesmo, a voceira Rosa Morán insistiu na necesidade de actuar nas vías do Concello. “Entendemos que non se pode facer todo ao mesmo tempo pero hai anos que non se bachea en condicións e a xente queixase, e con razón, continuamente”, explicou para engadir que “non son cousas tan difíciles e as vías son un

desastre”. Castosa comprometeuse a actuar o máis pronto posible nas máis transitadas.

Os socialistas e nacionalistas preguntaron tamén polas alegacións ao parque eólico Ruliña e o alcalde, Armando Castosa, explicoulles que non se presentaron pero que contan cun informe negativo da Xunta sobre estes proxectos.

Respecto ás axudas a empresarios pola covid, os dous partidos na oposición constataron que un negocio quedou fóra malia cumprir cos requisitos porque non foi suficiente o orzamento destinado a esta acción. Yolanda García, a voceira nacionalista, insistiu en “abrir outra liña ou destinar fondos doutro xeito para que poda recibir o apoio económico o mesmo que o resto tal e como se falara no pleno no que se aprobaron”.

O PXOM tamén volveu se tema das

queixas, alegando que seguen sen información sobre como está a situación co cambio da empresa “nin se nos convocou aínda á comisión”. Dende o BNG preguntaron sobre as bonificacións do ICIO ás construcións que instalen paneis solares, unha das propostas este partido en anteriores plenos e que segue en estudo sobre a súa viabilidade sobre como dirixir a subvención

DANIEL PAZ. O Pleno finalizou coa comunicación oficial da renuncia do concelleiro de deportes, feiras, mercados, festas e participación cidadá, Daniel Paz, quen fixo un comunicado para explicar a súa saída do Goberno local. Afirmou que se trata “dunha interrupción temporal por razóns persoais” e asegurou que non houbo incompatibilidades co equipo de Goberno. Así mesmo non descartou seguir traballando na política.

MObelrias

REBAIXAS DO 7 DE XANEIRO AO 7 DE MARZO

EN EXPOSICIÓN, DENDE O 15% DE DESCONTO

PLAmoble Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

EN BREVE

MAZO DE FERREIRAVELLA. O Concello mantén aberta a oferta de explotación do Mazo de Ferreiravella, un complexo rural que conta con edificio para restaurante, con explanada de 800 metros de aparcadoiro e conxunto etnográfico adxunto. Ademais é un dos puntos do roteiro dos ferreiros. As persoas interesadas na súa explotación poden poñerse en contacto co Concello que estudará o seu proxecto de viabilidade e de futuro. Dependendo das ofertas presentadas farase unha licitación pública do mesmo pero en principio estudaríanse as ofertas de forma individualizada.

INSPECCIÓN DE SULFATADORAS. A unidade móbil da inspección técnica de equipos de aplicación de produtos fitosanitarios (ITEAF) estará o día 4 de marzo no Concello de Riotorto, para atender a todos os veciños do termo municipal. A unidade, a cargo da empresa Nagar, estará situada na explanada do lugar da Groba. Para solicitar cita previa hai que chamar ao teléfono 647 688 261.

O PSOE, en contra da compra dunha parcela para a planta de residuos

O voceiro Socialista, José García avanzou o voto en contra do Partido Socialista para a compra da parcela por parte do Concello de Riotorto co fin de cedela gratuitamente a Sogama, co para ubicar en Vilaseca a nova planta de residuos. “O PP quere instalar unha planta en Riotorto sen diálogo, nin consenso e contando só co criterio político do alcalde”. “Vamos a celebrar un pleno no que o alcalde quere aprobar a compra desta parcela ubicada preto da Cruz da Cancela, no lugar de Vilaseca, e propón gastar fondos municipais destinados a obras para esta transacción por un importe de 36.000 euros, iso si, con fondos de tódalas veciñas e veciños. Xa que da partida que existía no Concello para obras e que estaba dotada con 80.000 euros, agora con esta compra vese reducida aos 44.000 euros”, insistiu. “Os vias municipais das parroquias de Riotorto precisan de arranxos e melloras como vimos denunciando

do sistematicamente nos últimos anos, e tamén hai que realizar obras de saneamento no rural. Polo tanto non podemos permitir malgastar os recursos económicos do concello en obras alleas á vila”, espetou.

Ademais hai que lembrar que o PP sigue sen dar explicacións sobre cales son os motivos da súa insistencia en instalar unha planta de tratamento de residuos en Riotorto “a pesar da oposición veciñal e institucional a esta iniciativa”. Por iso criticou “a falla de diálogo e de consenso da Consellería con concellos afectados, e o máis importante, sen escoitar ao conxunto da veciñanza e dos alcaldes, para que entre todos falen para buscar o mellor empraçamento”.

José García tamén explicou que se dirixiu o día 13 de xaneiro, ás oficinas municipais do Concello de Riotorto para seguir realizando o seu traballo de concelleiro. “Estaba falando cun funcionario nunha oficina municipal



Protesta dos veciños contra a primeira ubicación da planta de residuos

interesándome pola tramitación de expedientes que tiña solicitados por rexistro, como fago habitualmente. Nese intre o alcalde entrou nesa estancia e díxolle ao funcionario, sempre segundo a miña versión: que aquí non realizaban escritos para o oposición. Esta é a faciana do alcalde do PP de Riotorto, caciquismo, prepotencia e chularía, cando foi o propio secretario do Concello quen lle ordenou ao funcionario realizar ese escrito. Así trata o alcalde aos empregados públicos municipais. Eu ordeno, eu mando”, criticou.

EXPEDIENTES. O voceiro Socialista acudiu ás dependencias muni-

pais para interesarse pola tramitación de expedientes solicitados no rexistro. “Concretamente unha solicitude con data de rexistro do 21 de setembro sobre o expediente de Sogama, outros dous escritos do 19 de agosto, relacionados coa adquisición de terreos para a residencia da 3ª idade e o saneamento de Mundin e Horto Vello, e por último un escrito do mes de maio sobre facturas relacionadas con bombas de abastecemento na Muxeira e Aldurfe”. “Esta é a democracia do PP de Riotorto, ocultar información aos concelleiros da oposición dende fai meses, e utilizar o concello con tintes caciquís”, espetou.

Riotorto celebrará este ano a I Baixada de Carrilanas en xullo



Presentouse a primeira baixada de carrilanas de Riotorto un evento que consiste na proba e baixada polas estradas riotortensas de vehículos de inercia e que terá lugar o domingo 30 de xullo de 2022.

A actividade está organizada pola Asociación de Carrilanas os Meiregos, un club formado por veciños e amigos de Meira e esta celebración ten o dobre obxectivo de reivindicar esta práctica e ao mesmo tempo traer turismo á zona e axudas aos negocios.

Esta proba convértese na primeira confirmada para este ano 2022 á espera de que Abadín e Meira tamén confirmen as datas de celebración das súas, e que previsiblemente sexan arredor desas datas para favorecer o turismo.

A provincia de Lugo xa conta con varias probas en diferentes concellos, como no de Meira, que chega a terceira proba, Abadín, que acollerá a XIX edición do seu famoso descenso, e A Pontenova, Alfoz e Ribeira de Piñín que serían as segundas edicións.



Expogrelo retrásase ao 5 de marzo polas xeadas

Os grelos de Abadín non están listos para a súa colleita e comercialización polo que a tradicional feira de Expogrelo retrásase en principio ata o 5 de marzo para poder realizar a feira de xeito presencial agora que a normativa covid volve permitilo. Segundo avanzou o alcalde, José María López Rancaño, a intención é recuperar a feira na súa esencia tradicional con postos de grelos acompañados de artesanía, polbo e música. “Agora mesmo estamos pendentes do grelo, que non está listo para a súa comercialización polo que nun principio retrasamos

a feira e tamén a posta en marcha da web de venda on line, que xa funcionou o ano pasado”, explicou Rancaño.

ENTROIDO. O alcalde tamén avanzou que este ano no haberá tampouco Entroido por temor á covid. “Sempre celebramos o desfile e a festa no interior do pavillón e non queremos que a aglomeración provoque un novo aumento dos casos polo que este ano suspendemos de novo e si faremos Expogrelo que é ao aire libre e moito máis seguro a nivel sanitario”, dixo.

abadín

O Concello investirá os remanentes do Plan Único do 2021 noutros camiños

A Xunta de Goberno autorizou solicitudes de dous concellos da provincia, Sarria e Abadín, para poder realizar novos investimentos con remanentes do Plan Único de Cooperación dos Concellos 2021 da Deputación. Con respecto a Abadín, o Concello investirá preto de 30.000 euros en acondicionar camiños nas parroquias de Abeledo, Corvite, Moncelos, Romariz e Seivane de Vilarente con fondos achegados pola Deputación do Plan Único 2021.

PSOE. Os socialistas presentaron unha proposta para o investimento dos cartos do Plan Único. Dende este grupo, presentaron unha moción para que esta asignación económica por parte da Deputación teña por obxecto desenvolver programas de fomento do emprego; servizos sociais dirixidos á xente maior, á infancia e as persoas dependentes; promocionar e fomentar os produtos agrícolas e gandeiros para incentivar o seu consumo e xerar riqueza, así como a celebración de feiras e mercados.

O Sergas proxecta a ampliación do centro de saúde e do PAC

O centro de saúde de Meira, que ten función de Punto de Atención Continuada (PAC) será reformado e ampliado polo Sergas en función a un orzamento de 300.000 euros.

Esta obra ten como obxectivo resolver as necesidades de espazo existentes nas instalacións, tanto para a atención aos pacientes como para o propio persoal, tal e como teñen demandado en varias ocasións usuarios do centro.

Así, a intención é habilitar máis consultas e melloras as existentes, ademais de crear un novo espazo de enfermería para pediatría e tamén unha sala de toma de mostras, outra para a realización de probas complementarias, e unha sala polivalente. O proxecto inclúe tamén o acondicionamento da área de admisión coa creación dun espazo para o uso do persoal, con sala de estar, biblioteca e vestiarios. Ademais, incluírase un novo almacén e un novo arquivo, así como dunha zona de oficio limpo e sucio, e a adaptación dos aseos.



No PAC tamén se realizarán melloras como a creación dun box para a atención a pacientes críticos.

Así mesmo, realizarase unha reforma das salas ampliando a zona de recepción e admisión de pacientes, a sala de espera dos usuarios ou a área de persoal, con melloras nos vestiarios ou o almacén.

POLÍGONO. O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, mantivo unha reunión co alcalde de Meira, Antonio de Dios, para informalo

dos avances nesta infraestruturas e tamén no relativo á ampliación do polígono industria.

Para ámbolos dous proxectos, o Goberno Galego xa consignou sendas partidas nos orzamentos de 2022, que destinarán 515.000 euros á nova fase para ampliar en máis de 23.000 metros cadrados o parque empresarial de Meira, e 300.000 máis ao proxecto que mellorará ás instalacións do PAC e do centro de saúde, que presta servizo a residentes doutros concellos veciños.

Aprobado o reparto dos fondos do Plan Único

A Xunta de Goberno Local aprobou o reparto dos fondos do Plan Único da Deputación do ano en curso, que ascenden a 225.000 euros. Aos que se suman 9.456,30 euros de achega municipal.

Así, decidiron dirixir 191.329,26 euros a obras para mellorar o saneamento, as pistas e a accesibilidade no municipio e outras obras como o saneamento da Praza do Concello, para dar saída aos desagadeiros da igrexa, o consistorio, a casa reitoral, incendios, os cabanóns ou o convento. A obra prevista consiste no cambio das tubaxes no tramo que vai dende a igrexa de Santa María de Meira ata o cruce co comenzo da LU-751 e conta cun orzamento de 14.569,21 euros.

Así mesmo, o Concello destinará 39.928,22 euros á adaptación de

beirarrúas no núcleo urbano. Engádesse tamén mellora da pavimentación nos accesos ao centro médico, á pista de pádel e ao núcleo de Val da Cal, por importe de 27.485,88 euros.

Outro dos destinos é o acondicionamento de accesos nos núcleos de Irimia Alta, A Cova e Seixosmil, cunha partida de 40.052,78 euros. Tamén se fará a canalización de augas en Riocabo e Muíño de San Xulián (28.279,01 euros) e co reemprazo de árbores no Paseo Central e o acondicionamento de aparcadoiros na avenida de Lugo e na rúa San Roque cun orzamento de 28.433,74.

Finalmente, investirán na compra dunha trituradora e desbrozadora para tractor, con 12.580 euros para o desbroce de camiños.

Volve o Entroido presencial o día 28 cun concurso de disfraces

O Concello de Meira volverá celebrar este ano o Entroido de forma virtual, tal e como explicou o concelleiro de Cultura, "xa que hai permiso das administracións para facelo" e despois do parón do ano pasado.

Así, a vila volverá contar co seu popular concurso de disfraces na tarde do luns, 28 de febreiro. A celebración terá lugar no pavillón municipal e falta aínda confirmar hora de inicio.

O concurso de disfraces contará un ano máis con 1.000 euros en premios. Así, as tres primeiras comparsas recibirán 300, 150, 100, 60 e 40 euros respectivamente. Por parellas haberá 120, 90, 70, 50 e 30 euros en premios. En individual os premios serán de 110, 70, 50, 40 e 30 euros. A entrega de premios terá lugar o día da Festa do Entroido amenizada por unha actuación musical.

O Pleno municipal aproba un orzamento de 2,7 millóns de euros

O Pleno de Pol aprobou na última sesión o seu orzamento para o ano 2022, que ascende a 2.789.736 euros.

No desglose de capítulos, o Concello destinará do total 1.668.976 a gastos correntes mentres que 1.066.331 irán para investimentos reais, é dicir, obras que se financiarán directamente dende o Concello. No capítulo de gastos destacan os 1.080.595 euros que se destinan a gastos correntes en bens e servizos e os 121.900 a transferencias correntes. Por outra banda tamén contan con 458.000 euros para o pago de gastos de persoal.

No capítulo de ingresos, a contía principal vén dos correntes, con 1.955.339, dos que 887.939 son de transferencias correntes, 560.400 euros de taxas e prezos públicos e 439.000 de impostos directos. Ademais, desglosa un apartado de 834.441 euros de

transferencias de capital.

Trala súa aprobación, o Concello de Pol mantén en exposición pública o documento durante quince días antes da súa aprobación final. As contas poden consultarse nas oficinas municipais durante quince días.

ESTRADA EN SUEGOS. O Concello someteu a información pública o expediente de expropiación forzosa do proxecto de mellora da estrada local de Cima de Vila á Capela das Neves, en Suegos.

Mediante acordo plenario de data 12 de novembro de 2021, a Corporación de Pol aprobou este proxecto que foi recollido no BOP do 5 de febreiro.

Polo tanto, queda sometido a información pública a efectos de que, polos posibles interesados, poidan presentar alegacións ao devandito expediente polo prazo de vinte días hábiles.

Convocada para o 16 de abril de novo a Ruta Trotamontes

Os club Trotamontes de Pol recupera a súa cita anual coa celebración da XIII ruta o 16 de abril arrancando desde Mosteiro, unha cita que anteriormente reunía arredor de 150 participantes.

A chegada de participantes está prevista ás 8.00 e as 9.00 horas dará saída diante do Concello de Pol, en Mosteiro. A partir de aí, realizarase a ruta que discurrirá por camiños e pistas forestais deste Concello de outros dos arredores, utilizando vías asfaltadas tan so para facer cruces ou como enlace entre tramos.

Para máis información pódese chamar ao teléfono 636 728 460 e 676 227 587. As inscricións pode facerse a través de facebook ou no email trotamontespol1@gmail.com

pol

Remata a impermeabilización do depósito de Grañanova

O Concello deu por finalizadas as obras de impermeabilización do depósito de auga potable de Grañanova, unha actuación subvencionada por Augas de Galicia e financiadas no marco do Eixe React-Ue do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 para o ano 2021.

O que se pretendeu coa realización deste proxecto foi a impermeabilización do interior do depósito de auga de Grañanova, co que se conseguiu

un maior volume de auga ao non haber filtracións, e a substitución das reixas de ventilación para dar unha maior seguridade o depósito.

A obra contou cun orzamento de 13.800,68 euros e completan ás actuacións e desenvolveuse a partir do mes de outubro, aproveitando o tempo de chuvias. Esta obra completou á realizada o pasado ano de dotar dunha estación de tratamento de auga potable (ETAP) no depósito.

- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA

CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCENTO EN VACINAS E MICROCHIPS

R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20
(O Ramal) Rábade

Telf. 982 871 103

URXENCIAS

24

HORAS

TERRACHÁ



Nuria Llamas, xunto ao delegado do Goberno

A nova coordinadora do proceso de transición xusta xa está incorporada

A axente que coordinará dende Galicia os procesos de transición xusta co obxectivo de que se materialicen no territorio os fondos comprometidos xa se incorporou.

José Miñones, delegado do Goberno, mantivo unha reunión coa técnica Nuria Llamas, que xa se atopa dende xaneiro en Galicia contratada polo Instituto para a Transición Xusta, organismo dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico. Esta profesional xa comezou a contactar cos 19 concellos (16 da provincia da Coruña e 3 de Lugo) que forman parte destes procesos en Galicia: o relacionado co peche da central de Meirama, en Cerceda, o vencella do ao peche da central térmica das

Pontes.

José Miñones lembrou que Galicia conta cunha asignación de 111 millóns de euros do Goberno para afrontar os retos socioeconómicos vinculados á transición cara á neutralidade climática. O obxectivo dos convenios de transición xusta é crear emprego, garantir a actividade nas áreas afectadas e fixar poboación. Para iso buscan identificar posibles proxectos, investimentos e oportunidades de emprego que garantan a reactivación da zona, baseada nun modelo produtivo diversificado e sostible, xerando novas oportunidades.

Os afectados pola central de Endesa, ademais das Pontes son os lugueses de , Xermade, Vilalba e Muras.

Presentado o novo sistema de balizas antinéboa no Fiuouco

O delegado do Goberno, José Miñones, presentou as novas balizas intelixentes que instalou a Dirección Xeral de Tráfico no tramo Mondoñedo-Abadín da Autovía do Cantábrico. O novo sistema, no que a DXT-Ministerio do Interior investiu 873.127,15 euros, executouse nestes últimos meses e permite reducir nun 78% o peche ao tráfico de O Fiuouco por impacto da néboa. “Con estas novas balizas de cada catro veces que a autovía estivo pechada nestes anos por néboa pasaremos a só unha”, explicou, ao que engadiu que se trata dun sistema pioneiro nas vías de toda Europa e que poderá ser extrapolable a outras situacións análogas.

O delegado lembrou que, agora, cando se alcanzan os 40 metros de limiar mínimo de visibilidade, o Centro de Xestión de Tráfico desvía automaticamente a circulación cara á N-634 desde a saída da Xesta ata Mondoñedo. “Coas balizas novas operativas, este limiar mínimo de visibilidade pasa a 30 metros, o que incrementa significativamente o tempo operativo da vía”.

Segundo os datos da Dirección Xeral de Tráfico, desde setembro de 2014, a novembro de 2021, a autovía permaneceu pechada neste tramo durante 3.281 horas. Coas novas balizas operativas, a afección reduciríase a 722 horas.



O delegado supervisa o novo sistema de balizas

O sistema consta de 372 balizas nas marxes externas en sentido ascendente e descendente e separadas 50 metros entre si. As balizas detectoras consisten nun corpo físico con dúas xanelas, a da parte inferior con leds ámbar e a superior con leds vermello, sobre un poste de 1,50 metros sobre a calzada.

Os bloques de luces leds ámbar e vermello que se van acendendo conforme pasan os coches, para advertir aos que veñen detrás á vez que sinalizan as marxes da vía. Así se sinaliza non só a vía senón tamén a presenza doutros vehículos na mesma.

SEGURIDADE. O delegado do Goberno insistiu na aposta do Goberno de España por facer da autovía do Can-

tábrico unha vía segura e aberta totalmente ao tráfico combinando as innovacións en seguridade viaria coa implementación das solucións experimentais de apoio á condución e de minimización das néboas: “unhas solucións marcadas por un denominador común: a innovación”, insistiu. Así, lembrou que desde o ano 2015 o Goberno investiu 10 millóns de euros en diferentes melloras da seguridade viaria neste tramo. O Ministerio do Interior, a través da DXT, investiu 4,4 millóns de euros en diferentes sistemas de axuda á condución e seguridade viaria, como o sistema automático de desvío, sensores meteorolóxicos, balizas led, pantallas de visualización, etc.

Adamo levou a fibra óptica a 65.000 vivendas da provincia

Adamo instalou a súa rede de fibra óptica en 65.000 domicilios da provincia de Lugo ao longo do últimos catro anos, entre 2018 e 2021. En concreto, por citar algúns exemplos, o operador de telecomunicacións ten a súa infraestrutura despregada na Fonsagrada, Alfoz, Begonte, Cervo, Xove, Barreiros, Lourenzá, O Valadouro ou Foz, entre outros concellos.

En total, a compañía levou Internet de alta velocidade a 856 localidades de 24 concellos lucenses no citado período. Para sufragar tan enormes traballos, Adamo investiu 20 millóns de euros na provincia de Lugo, así como fixo posible a contratación de 300 traballadores locais nos seguintes ámbitos: enxeñaría, despregamento, mantemento e comercialización.

Nese sentido, cabe destacar que, aínda que a empresa recibiu subvencións para a expansión da fibra óptica, os investimentos propios de Adamo na rexión superan os importes desas axudas públicas. “Cableamos concellos enteiros para instalar fibra óptica en toda a zona, non considerando unicamente entidades singulares subvencionadas. Como é lóxico, seguimos as directrices marcadas nas resolucións administrativas, pero non quedamos nesos límites: despregamos alí onde haxa demanda e sexa tecnicamente viable facelo. Lugo figura como unha prioridade no noso plan de expansión, seguiremos apostando forte pola provincia”, resume Martin Czermin, CEO de Adamo.

A finais deste ano, 80.000 vivendas conectadas

Aínda que o desenvolvemento logrado ata o momento é dunha magnitude considerable, aínda hai máis, xa que Adamo proporcionará Internet de alta velocidade a outros 14.000 fogares da provincia ao longo deste ano para sumar un total próximo aos 80.000 domicilios conectados antes de que conclúa 2022.

“É preciso subliñar que non se trata de calquera conexión, senón que Adamo fornece a fibra óptica máis rápida que se atopa hoxe dispoñible. Estamos particularmente orgullosos dos nosos 1.000 Mb, fomos os primeiros en poñer esta velocidade no mercado. Na actualidade, permite satisfacer a brutal demanda que existe de contar cunha conexión a Internet de calidade nuns tempos marcados polo coronavirus”, conclúe Martin Czermin.

Pol e Meira piden entrar no xeodestino dos Ancares Terras de Burón

Os plenos dos concellos de Meira e de Pol aprobaron a incorporación ao xeodestino turístico Ancares Terras de Burón, xunto a Ribeira de Piquín e outros 9 municipios da montaña luguesa. Tanto Pol como Meira formaban parte inicialmente do xeodestino Lugo-Terra Chá pero ao estar integrados no GDR3 Montes e Vales Orientais supoñía un problema á hora de implementar estratexias de promoción. Esta mesma entidade é tamén a xestora do xeodestino dende agosto de 2018 polo que pertencer a un GDR e a un xeodestino diferente estaba causando moitos problemas na xestión turística a ambos

os dous concellos. Separar o desenvolvemento turístico do Concello doutras dinámicas de desenvolvemento local da Montaña oriental, nas que participan, consideran que “non sería axeitado para acadar os obxectivos de desenvolvemento integral do territorio”. Engaden tamén que os recursos turísticos a promocionar e as características físicas e socioeconómicas destes concellos “concordan co resto de concellos que forman parte do xeodestino Ancares Terras de Burón. As peticións serán formuladas á autoridade competente en materia de Turismo.

De Terra Chá ata Kenia

Dous chairegos impulsan a través da ONG Amor sin Barreras un proxecto para a construción e mantemento dun centro educativo en Lokitaung

Kenia tamén ten un pedazo de Galicia. O CEI Pole Pole Olabide vén de abrir as súas portas neste país africano froito da colaboración da ONG Amor sin Barreras, da que forman parte dous chairegos, e o colexio vasco Olabide Ikastola, ademais de Aztivate Foundation. O pasado 17 de xaneiro deron comezo as clases neste centro escolar situado nunha das zonas máis castigadas do mundo polo cambio climático. O inicio coincide co comezo do ano lectivo, que en Kenia é en xaneiro.

Alberto Ferreiro, de Outeiro de Rei, e Lara Lozano, de Cospeito, como membros deste colectivo, formaron parte dun proxecto pioneiro no mundo da cooperación e que está a ser estudado como modelo a replicar na zona de Turkana Norte polo Ministerio de Educación de Kenia.

O que ten de especial este centro é que combina educación, intelixencia emocional, asistencia médica e un programa nutricional. Ademais, como un valor engadido, a construción deste centro serviu tamén como un revulsivo económico.

Sumerxidos completamente neste proxecto están Alberto Ferreiro, veciño da parroquia de Aspai, en Outeiro de Rei, vinculado á consultoría estratéxica, e Lara Lozano Aguiar, natural da parroquia cospeitesa de Goá e profesional da comunicación.

Eles vinculáronse ao proxecto a finais do 2019 e principios do 2020. Ambos eran amigos e tras coñecer a Ana Baz Moreno, presidenta da ONG e impulsora do proxecto, sumaron forzas a través da súa formación, Alberto como mentor estratéxico e Lara como comunicadora desta acción.

O PROXECTO. O proxecto xurde despois dunha viaxe de voluntariado a Nairobi por parte da fundadora

da ONG, que decidiu iniciar unha campaña para captar fondos destinados a darlles unha alimentación equilibrada aos nenos dun orfanato en Nairobi. Pouco a pouco foi colaborando con outras organizacións dedicadas a axudar a nenos (tamén en Kenia) para facilitarlles recursos económicos principalmente para a súa alimentación.

A ONG busca os recursos e coordina este centro educativo en Lokitaung (Norte de Kenia) con servizo de gardería e comedor para un grupo de 35 nenos de entre 2 e 4 anos. Colabora coa Ikastola Olabide para implementar un programa educativo, Fundación Aztivate para cubrir as necesidades sanitarias, a Universidade de Valencia que aporta o programa nutricional e o psicólogo Víctor Victoris que estará próximamente en terreo para aportar o seu programa de intelixencia emocional creado para o proxecto a tal efecto.

As tribus Turkana, que se adican principalmente ao pastoreo, afrontan situacións extremas nas graves sequías onde quedan a miúdo en risco de morte os máis pequenos ao non ter acceso a auga nin alimento. “Alí a principal pandemia e non ter que comer”, explica Lara Lozano, que xunto a Alberto estiveron en agosto en Kenia aproveitando as vacacións. De arriba a abaixo, as familias o día que se lles comunicou o seu ingreso, o equipo do CEI Pole Olabide e os pequenos no colexio

OS INICIOS. O proxecto xorde a raíz de poñerse en contacto Javier Corbo da Fundación Aztivate, que ten na zona unha clínica pediátrica, con Ana Baz de Amor Sin Barreras. A fundación Aztivate conseguiu os terreos para construír un centro educativo onde coidar os nenos máis vulne-

rables e estaba así buscando outra organización que se fixera cargo de construción e mantemento do centro. Posteriormente Amor Sin Barreras formulou un proxecto máis completo ao conseguir a colaboración da Ikastola Olabide, Universidade de Valencia e o psicólogo Víctor Victoris. Amor Sin Barreras lanzou a campaña Los 100 de Turkana dirixida a empresas para o mantemento do proxecto e antes fíxose a campaña Constructores de sueños para a construción do complexo.

A día de hoxe, a construción está rematada pero continúan buscando recursos a través de empresas. “Faltan 40 para chegar ás 100, e particulares, que poden colaborar de varias formas como facerse socios ou doazóns puntuais, para conseguir dar continuidade ao proxecto no tempo”, engade. “Temos un grandísimo reto por diante e o seguinte paso (na miña labor como mentor) é formular unha extratexia que axude a crear unha sinxela e respetuosa economía no lugar para que o proxecto e toda esa zona chegue a sosterse economicamente no tempo”, explica Alberto.

ALBERTO E LARA. Para Alberto e Lara este proxecto aportou un cambio significativo ás súas vidas. Han conseguido compaxinar as súas profesións e tempo libre con esta acción solidaria que necesita dun impulso onde a súa formación aportou moito. “Houbo que crear plan estratéxico a corto, medio e longo prazo, crear equipos de traballo en España e en Kenia, deseñar campañas para captar recursos, toma de decisións... etc, é moi parecido ao mundo das empresas e dos negocios”, explica el. Tras visitar o inicio das obras no verán, a intención é voltar de novo coa súa filla Carla, que viviu unha expe-



Arriba, os nenos no centro e, abaixo, Alberto e Lara na súa visita a Kenia

riencia moi especial.

“Se algo te ilusiona, fas por compaxinar todo! Levo catro anos no Land Rober e recentemente acabo de poñer en marcha a miña propia empresa Redeslla Comunicación. Na colaboración con Amor Sin Barreras adicámoslle horas e horas, pero con moito cariño porque somos un bo equipo que traballamos man a man”, engade Lara.

Apoiados pola súa familia e amigos neste proxecto, queren transmitir a todos que “é posible que con pequenos cambios... cheguen os grandes”, subliña Alberto.

“E unha vez pisas o lugar, botas 36 horas de viaxe, para chegar a unha realidade ben distinta da nosa, e descubres a esencia das súas xentes e o moito que nos poden aportar... é imposible non deitarte cada día sen pensar un pouquiño en Turkana”, lembra Lara.

UHA PROXECCIÓN DE FUTURO. Alberto: “Unha proxección... e tamén un soño. Unha das cousas máis impactantes que vas descubrindo a raíz de coñecer as tribus Turkana é que eles poden ter a clave de moitos dos problemas que temos os do primeiro mundo, unha vez estás alí chegas a sentirte moi estúpido e ignorante respecto das cousas máis importantes da vida; e sen lugar a dúbida os grandes mestres para explicarche isto son os nenos, e fano sen ter que decirche unha soa palabra”.

Lara: “O noso soño e que algún día algún dese nenos (ademais de axudar a darlle unha volta a súa realidade) veñan a visitarnos para contarnos algunhas das cousas que os occidentais fai moito tempo que esquecemos ao estar atrapados nun mundo de tolos. É posible que eles teñan a auténtica e única vacina que precisamos”.

REBAIXAS

12 MESES

Chama xa gratis ao
900 651 679

Fibra **1.000 Mb**
Móbil **50 GB**

30 €/mes
~~44 €/mes~~

30% de desconto durante 12 meses!

adamo
Fibra · Móbil · Fixo

Configura o teu paquete a medida en
www.adamo.es

A revolución da Wi-Fi chega con Adamo! Instalámosche gratis o mellor router do mercado

Oferta válida exclusivamente para novos clientes que non contrataran Adamo nos últimos 3 meses e que contraten entre o 10/01/2022 ao 28/03/2022, ambos inclusive. Non combinable con outras promocións. Internet FAST! + móbil limitado 25 GB coa promoción, durante os primeiros 12 meses, só pagarás 30 €/mes, despois PVP total 44 €/mes. Ademais, por contratar móbil 25 GB, levas de agasallo 25 GB adicionais para sempre. Prezo final con IVE e cota de liña incluídos. Promoción suxeita á permanencia dos servizos de Adamo durante 12 meses. Cota de activación 12,10 € (IVE incluído) que inclúe a instalación dun router premium. En caso de que o cliente solicite a cancelación do servizo e se dese de baixa antes de transcurrir 12 meses, terá un cargo da parte proporcional de 163,39€ (IVE incluído) en concepto de permanencia. Liñas adicionais limitadas a un máximo de 4 por cliente.

DEPUTACIÓN

Os dous candidatos do PSOE nas Primarias chegan a un acordo



Os candidatos ó proceso de primarias do PSdeG na provincia de Lugo, José Tomé Roca e Xosé María Arias Fernández, pecharon un acordo de candidatura única ó congreso previsto para o vindeiro 20 de febreiro. Tomé e Arias selaron o acordo este luns na sede socialista de Lugo ante a presenza do Secretario Xeral do PSdeG, Valentín González Formoso, que avala un consenso que garante a unidade e fortalece o partido, e que responde á sensibilidade maioritaria dentro da militancia da provincia de que non houbera proceso de votación e se lograse a integración como a mellor fórmula para darlle un novo impulso ó socialismo lucense.

José Tomé Roca liderará o Partido Socialista na provincia asumindo a Secretaría Xeral. Pola súa banda, Xosé María Arias terá un posto de máxima relevancia orgánica como é

a Vicesecretaría Xeral.

O presidente da Deputación de Lugo e alcalde de Monforte e o rexedor de Castroverde, que contan cunha ampla traxectoria e experiencia tanto no plano institucional como orgánico, e que demostraron sempre un compromiso firme co partido, confluíron na importancia fundamental de contar cun partido unido e forte, tanto para ter un mellor posicionamento á hora de defender os intereses da provincia, como para poder consolidar e seguir mellorando os resultados nas eleccións municipais do ano 2023, mantendo as actuais alcaldías e acadando outras novas, e renovando o Goberno da Deputación. Así mesmo, coinciden en que un partido unido e forte na provincia axudará a conseguir un cambio de Goberno na Xunta de Galicia e tamén a manter o Goberno de España.



CONCURSO RESERVAS DA BIOSFERA. As instantáneas admitidas no VII Concurso de Fotografía das Reservas da Biosferas Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá organizado pola Deputación poden verse nunha exposición virtual na páxina web da institución provincial. Esta edición do certame tivo como fío condutor as redes de rutas de sendeirismo e itinerarios e o conxunto de vías e camiños tradicionais, co obxectivo dar a coñecer e poñer en valor a riqueza natural, cultural e paisaxística destas dúas Reservas da Biosfera, xestionadas pola Deputación.

O Pleno urxe á Xunta a resolver o déficit de prazas de residencia

A Deputación de Lugo urxe á Xunta de Galicia a resolver o déficit de 14.331 prazas en residencias públicas da terceira idade que existe na comunidade galega. Unha decisión que foi acordada no Pleno ordinario de xaneiro ao aprobarse unha moción defendida polo PSdeG, que contou cos votos a favor de socialistas e nacionalistas, e en contra do PP.

A administración provincial insta a que se creen todas estas prazas baseándose no último estudo da asociación estatal de Directoras e Xerentes de Servizos Sociais, que constata esta realidade, tomando como referencia a media de 5 prazas de residencia por cada 100 persoas maiores de 65 anos que recomenda a Organización Mundial da Saúde (OMS).

COMPROMISO ÉTICO. O Pleno da Deputación de Lugo aprobou na sesión ordinaria do mes de xaneiro unha declaración institucional de integridade e compromiso ético, dando así cumprimento a un requisito imprescindible para concorrer e executar fondos europeos de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Os grupos políticos con representación no organismo provincial

-PSdeG, BNG e PPdeG- votaron a favor, quedando aprobada por unanimidade.

Na declaración, a Deputación expresa o compromiso co cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais e adhesión da institución provincial aos máis estritos principios de integridade, obxectividade e honestidade, cunha oposición á fraude e á corrupción en calquera das súas formas. Así mesmo, recalca que o obxectivo é impulsar e favorecer unha cultura que desalente toda actividade fraudulenta e que facilite a súa prevención e detección, promovendo o desenvolvemento de procedementos efectivos para a xestión dos supostos que poidan darse.

O deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, explicou que a pandemia da covid-19 deixou de manifesto que o modelo de atención das persoas maiores que ten en marcha a Xunta “é un fracaso”. “Son grandes residencias masificadas, pensadas na procura do beneficio económico das empresas privadas e que non garante nin a digna atención dos maiores, nin as adecuadas condicións laborais dos traballadores”.

Na súa intervención, Rivera Capón explicou que a iniciativa presentada ten como xermolo a defensa dos servizos públicos. Manifestou que é necesario “desenvolver unha rede de residencias públicas na comunidade”. Así mesmo dixo que “a Xunta ten que asumir as súas obrigas e competencias en materia social financiando a Rede Pública de Centros de Atención a Maiores da Deputación de Lugo”, e en terceiro termo matizou que é preciso que o Goberno galego “mellore o desenvolvemento do sistema de servizos sociais para garantir que os dereitos dos cidadáns se convertan nunha cobertura real das necesidades”.

Rivera Capón expuxo con datos do Consello Consultivo de Contas que en Galicia o tempo medio para obter unha praza nunha residencia pública galega é de 453 días. O deputado de Promoción Económica e Social subliñou que, mentres que a Xunta, con máis de 11.000M€, non creou nin unha soa residencia pública nos 12 anos de Goberno de Feijóo, a Deputación de Lugo, con 100M€ de presuposto, ten en marcha 7 centros públicos de maiores, máis que a propia Administración autonómica.

Adxudicado o subministro de sal para as estradas

A Deputación aprobou na Xunta de Goberno a adxudicación do contrato para o subministro de 1.600 toneladas de sal para a rede provincial de estradas por un importe próximo aos 160.000€ á empresa Ibérica de Sales S.A. O material fundente é para os 12 silos que a institución ten por toda a provincia co fin de afrontar as inclemencias meteorolóxicas propias do inverno, garantindo a circulación e a seguridade nas vías durante as tempadas deste 2022 ao 2024.

Así o anunciou a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, quen lembrou que, ademais de atender as estradas provinciais, a Deputación tamén facilita sal no inverno aos concellos que así o solicitan cando lles resulta necesario.

Tamén sacou adiante a licitación dos dous últimos lotes do contrato de subministro de equipamento para o Centro de Atención a Maiores de Navia de Suarna, correspondentes aos artigos médicos e cortinaxe.

Destinan 7,2 millóns de euros ao Plan de Subvencións do 2022

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou a actualización do Plan Estratégico de Subvencións (PES) da Deputación de Lugo para este ano 2022, que conta cunha dotación económica de 7,2M€, e que tal e como informou a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, poderá incrementarse en función do crédito dispoñible.

García Porto explicou que o Plan Estratégico de Subvencións, que é o instrumento que regula a concesión de axudas económicas da institución provincial ao conxunto do tecido asociativo da provincia, tanto de carácter nominativo como de concorrencia competitiva, “serve para manter o amplo e dinámico tecido asociativo co que contamos na provincia de Lugo e que dinamiza o territorio a nivel social e económico, e, ao mesmo

tempo, serve para contribuír ó desenvolvemento de proxectos que impulsen o emprego e os sectores produtivos, o benestar social ou a promoción do territorio e do turismo, entre outros ámbitos”.

Neste sentido, a voceira socialista do Goberno indicou que liñas de actuación como o Emprego contan cunha dotación de preto de 900.000€; promoción do Territorio e Turismo, de case 500.000€; Benestar, de 577.000€; ou Medio Ambiente, de 356.100€. Pilar García Porto sinalou que terán prioridade aquelas iniciativas que promovan a participación cidadá, potencien o patrimonio da provincia, aposten pola innovación, estimulen a formación e, entre outras condicións, axuden a fixar poboación no rural.

AGRO

González Formoso destaca a calidade da carne galega

O secretario xeral do PSdeG, Valentín González Formoso, destacou “a calidade da carne galega, recoñecida a nivel nacional e internacional” e considerou “desafortunadas” as declaracións efectuadas ao respecto nos últimos días polo ministro de Consumo, Alberto Garzón.

“Estamos falando dun sector estratéxico para Galicia, que aposta polas explotacións familiares e que a súa sustentabilidade depende de moitos factores, polo que debemos evitar plantexar calquera tipo de dúbidas aos consumidores”, afirmou González Formoso, que hoxe visitou unha explotación gandeira de produción de carne en Guitiriz acompañado polo secretario xeral de Unións Agrarias, Roberto García; a alcaldesa da



localidade, Marisol Morandeira, a secretaria de Desenvolvemento rural, Rosa Arcos; a secretaria provincial dos socialistas lucenses, Patricia Otero e o deputado autonómico Martín Seco.

“No PSdeG estamos por defender

o sector primario galego, o sector gandeiro que emprega a tantos miles de familias no entorno rural e se non queremos que se baleire definitivamente temos que ser moi coitadosos con preservar a actividade económica que lle dá vida”, afirmou.

ELISARDO BARCALA



Aberto o prazo para diferentes axudas vinculadas ao agro

Son varias as axudas que a primeiros de ano abren prazo de solicitude. Moitas delas están dirixidas aos concellos pero outras están directamente vinculadas ao particular.

PAC. O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou a orde da Consellería do Medio Rural que regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema Integrado de Xestión e Control, as coñecidas como axudas da PAC. Os gandeiros e agricultores galegos poderán presentar a solicitude única ata o 30 de abril, accedendo directamente cun certificado dixital á aplicación informática SGA ou acudindo ás distintas entidades colaboradoras.

AXUDAS PARA CAMIÑOS. Tamén foi publicada a resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, dependente da Consellería do Medio Rural, pola que se convoca o Plan Marco 2022-2023, que contempla preto de 18 millóns de euros en axudas para que os concellos galegos poidan mellorar os seus camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas. En concreto, a finalidade destas axudas é facilitar a ampliación, mellora ou mantemento dos camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas, incluíndo actuacións que supoñan un incremento da largura da vía, o reforzo do firme e terrapléns ou a limpeza das marxes. Porén, quedan excluídas as actuacións en rúas interiores, dentro

dos núcleos de poboación. O prazo de solicitude é dun mes.

ALDEAS MODELO. Saíu tamén a resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que convoca unha nova liña de subvencións dirixida aos concellos galegos para que poidan levar a cabo proxectos de creación, mellora e ampliación de servizos básicos en aldeas modelo e ámbitos territoriais vinculados aos instrumentos de recuperación da terra agraria.

Entre as actuacións que serán obxecto de apoio figuran a instalación, ampliación ou mellora das redes de alumeadado público; a construción, mellora, ampliación ou rehabilitación de espazos públicos como prazas, paseos, rúas ou parques infantís e a pavimentación de vías públicas municipais. Tamén se contempla a rehabilitación de elementos patrimoniais tales como fontes, lavadoiros, muíños ou hórreos; a implantación e mellora de servizos asistenciais para a infancia ou os maiores; a dotación ou mellora de servizos culturais ou a dixitalización de núcleos rurais, entre outras accións.

Os consistorios galegos terán un prazo de presentación de solicitudes dun mes.

ACTIVIDADES NON AGRÍCOLAS. A resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural recolle a convocatoria de 3 millóns de euros en axudas para proxectos de investimento en actividades non agrícolas.

Así, poderán beneficiarse destas axudas as microempresas e as pequenas empresas situadas en zonas rurais e persoas físicas que residen nunha zona rural e que estean suxeitas ao réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos. Tamén ten un mez de prazo.

PROXECTOS PILOTO. O DOG publicou a resolución, a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, pola que se convocan as axudas para o apoio de proxectos piloto, desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías, no ámbito agroforestal.

Así, os beneficiarios desta liña de subvencións poderán ser organizacións ou entidades relacionadas coa produción primaria en agricultura, gandería ou silvicultura e empresas ou industrias transformadoras destes sectores, así como da área de enerxías renovables de orixe agrícola

e forestal. Os interesados teñen de prazo un mes -contado a partir de mañá- para presentar de forma telemática as solicitudes.

GRUPOS OPERATIVOS. Xa está en marcha a convocatoria de axudas da Axencia Galega da Calidade Alimentaria para a execución de proxectos dos grupos operativos da Asociación Europea da Innovación (AEI).

Os beneficiarios destes fondos poderán ser agricultores, gandeiros, silvicultores e organizacións representativas destes, investigadores ou persoas que desenvolvan por conta propia a súa actividade no eido do medio rural. Tamén, empresas do sector agrícola, gandeiro ou forestal e as súas organizacións representativas, cooperativas agrarias e as súas asociacións e outras entidades que demostren intereses no fomento da competitividade da agricultura, na sustentabilidade dos recursos natu-

rais e do clima ou desenvolvemento das economías e comunidades rurais. Os interesados teñen de prazo un mes para presentar de forma telemática a correspondente solicitude.

FRONDOSAS. Foron convocadas tamén as axudas para a creación de superficies forestais con frondosas e coníferas en arredor de 4.000 hectáreas de monte galego. O orzamento para esta liña de subvencións achégase aos oito millóns de euros, concretamente dous millóns para o ano 2022 e 5,75 millóns para o ano 2023. A finalidade é fomentar a primeira forestación de terras non agrícolas unicamente con coníferas e frondosas, favorecendo o aumento tanto da diversidade como da superficie forestal arborada, ao tempo que se reduce o risco de incendios mediante a valorización dos terreos forestais.



DEPORTES

“Pasamos dun equipo masculino a un club de 100 persoas”

Carla Da Silva é a directora técnica do Fendetestas das Pontes

O Club de Rugby Fendetestas é unha institución nas Pontes. Ten a súa orixe no ano 1989 pero a súa historia tivo moitos altibaixos. Falamos con Carla Da Silva, directora técnica do club.

Cando naceu o club e que percorrido tivo nestes anos? Breve historia.

O CR Fendetestas naceu no ano 1989, despois de que se impartise nas Pontes un curso de formación de monitores de rugby. Ao mesmo tempo, un grupiño de nenos e nenas interesáronse por este deporte e demandaron adestramentos na vila dirixidos polo grupo de novos técnicos. Esta foi a xente que fundou o club, que lle puxo nome e que elixiu as nosas cores: verde e vermello, como a bandeira das Pontes. Os comezos foron moi exitosos: en poucos anos xa había equipo sénior masculino, infantil, alevín e benxamín participando nas actividades da Federación Galega de Rugby (FGR). Pouco despois formouse o equipo feminino, cun plantel moi novo, pero que competiu en categoría absoluta e chegou a participar nun campionato de España. Seguidamente creáronse os equipos xuvenil e júnior, mentres que as categorías que se presentaban á Liga ían variando de ano en ano. Durante estes anos, foron moitos os xogadores e xogadoras de toda a comarca de Ferrolterra que vestiron a camisola do CR Fendetestas. Tamén houbo presenza nas seleccións galegas e mesmo nalgún caso na española. Sen embargo, o despegue do rugby galego colleunos cunhas carencias estruturais e de medios que fixeron que resultase moi difícil manterse cada ano, mesmo tendo que trasladarnos a xogar fóra da vila. Pero sempre houbo rugby nas Pontes nas tres últimas décadas. Ben fosen o equipo sénior feminino ou o masculino, sempre un seguiu saíndo cada nova tempada.

Despois duns anos complicados, nos que só se mantivo o equipo sénior masculino, en 2017 escribiuse un novo capítulo no libro deste histórico club: a recuperación da Escola de rugby e a organización do primeiro campus de rugby. Desde entón, o CR Fendetestas vai medrando en cada tempada, resistindo e mesmo saíndo reforzado do confinamento provocado pola covid-19, no que nos mantivemos en activo organizando eventos e adestramentos virtuais.

A día de hoxe, contamos cunha Escola de rugby dirixida a nenos e nenas de 4 a 11 anos, cunha Academia de

rugby para rapazada de entre 12 e 18 anos, e cun equipo sénior masculino. Ademais, despois de 25 anos, o CR Fendetestas conta de novo cun equipo M14 competindo na Liga Galega, e estamos en plena campaña de captación para sacar equipo feminino na próxima tempada.

De que logros se senten máis orgullosos?

A nivel deportivo hai varios fitos no club, como unha Copa Galicia (cadete – 1993) e unha Copa Xunta gañadas (xuvenil – 1996), a participación do equipo feminino no Campionato de España (1994), o debut do equipo sénior masculino en Liga estatal (2009), a creación da Escola de rugby e a organización do primeiro campus (2017), o campionato da Liga Segunda territorial galega do equipo sénior masculino e o seu ascenso á Liga Autonómica (2018), a participación de 5 xogadoras no primeiro partido da Selección Galega feminina sub18 (2020), a organización do I Beach Rugby Vila das Pontes (2021) ou a volta do equipo M14 á Liga galega (2021).

Sen embargo, os logros que máis nos enchen o peito son aqueles que teñen de ver coa nosa familia verde: pasar de ter só un equipo masculino a un club formado por case 100 persoas en pouco tempo non é algo sinxelo, e que as persoas que fundaron o club fai máis de 30 anos estean agora a carón dos máis pequenos e pequenas. A organización do torneo de rugby praia o verán pasado foi unha evidencia de todo isto: conseguimos sacar adiante un evento coa colaboración de xogadores do equipo sénior, monitorado, familias e xogadores e xogadoras das categorías inferiores.

Cantos equipos e de que categorías tedes actualmente?

A día de hoxe, chegamos case ás 90 licenzas (a principio de tempada marcáramos un obxectivo de 70): o equipo sénior masculino que compite na

Liga Galega masculina (máis de 30 licenzas), 2 M18 e 4 M16 compiten con cesión no Muralla RC de Lugo, 13 xogadores e xogadoras M14 forman o equipo Alvac CR Fendetestas (xunto cos compañeiros e compañeiras da Escola de Rugby Astérix de Viveiro) e compiten na Liga Galega M14, e temos 30 xogadores e xogadoras nas categorías M6, M8, M10 e M12 que participan nas Concentracións de Escolas de Rugby da FGR. Ademais, todos os martes organizamos unha tocata (partido de rugby sen contacto) entre os xogadores do equipo sénior, a Academia (M14-M16-M18) e algunhas mamás e papás que se suman para aprender este deporte, chegando nalgunha ocasións ás 40 persoas participantes. E por último, temos un grupo dunhas 6 mulleres que están adestrando de xeito habitual co equipo sénior masculino.

Como se presentaba esta tempada? Que obxectivos había?

Esta tempada colleuse con moita forza xa que o ano pasado, por mor da covid, non puidemos sacar ningún equipo en Liga (malia que houbo varios xogadores e xogadoras cedidos noutros clubs galegos). Pero a volta dun equipo sénior reforzado con novas caras e mantendo as que sempre están, máis a participación en Liga do equipo M14, auguraban unha tempada chea de éxitos para o club. Sen embargo, sabíamos que estes éxitos non ían a ser a nivel deportivo, posto que a Liga Galega masculina ten un nivel altísimo e o equipo M14 era completamente novato. Así que encaramos a nova tempada cuns obxectivos claros como club: continuar medrando en masa social e promocionar o noso deporte co obxectivo de incorporar novos xogadores e xogadoras en todas as categorías. E sen dúbida, estamos conseguíndoo: cada vez se fala máis de rugby nas Pontes e cada vez hai máis xente que se achega ao rugby a través do noso club.



Seica están promocionando agora o rugby feminino. Que iniciativas teñen en marcha?

O proxecto da Escola de rugby naceu xa da man da perspectiva de xénero, e desde entón levamos a cabo varias accións para promocionar o rugby tanto en nenas como en rapazas e mulleres: charlas e sesións de iniciación con xogadoras sénior cedidas noutros clubs, visitas de xogadoras profesionais, difusión en redes sociais con perspectiva de xénero, promoción da formación para adestradoras e monitoras, conferencias en congresos sobre deporte feminino e incorporación de mulleres á xunta directiva, entre outras. Ademais, un grupo estable de mulleres está acudindo aos adestramentos do sénior masculino e este Nadal tomaron a decisión de tentar crear un equipo feminino de cara a próxima tempada. De momento estase a contactar con xogadoras que estiveron previamente no club (tanto en categoría sénior como en inferiores) e se está facendo unha campaña a través das redes sociais. Pero xa hai máis ideas rondando as cabezas destas mulleres, desde vídeos promocionais ata campañas en clave de humor. O importante é que a mensaxe chegue a todas as mulleres: non importa a idade nin a condición física, o único que buscamos son persoas con gañas de disfrutar dun deporte de equipo nun ambiente agradable e acolledor.

O CR Fendetestas é un club cun gran calado social nas Pontes. Como se consegue iso?

Pois estando presentes na sociedade. Por desgraza, o rugby é un deporte moi pouco coñecido, así que a única solución que nos queda é achegalo á comunidade. Para iso facemos xornadas de promoción nos centros educativos, tanto nas Pontes como nos arredores, organizamos xornadas de portas abertas, participamos en eventos organizados polo Concello (como o Día do deporte na rúa), facemos xornadas de convivencia, celebramos o Día da Familia...

Cales son os proxectos máis inmediatos de futuro?

De cara a vindeiras tempadas, gustaríanos ter un equipo feminino competindo na Liga Galega e tamén un equipo M16 da man da Escola de Rugby Astérix de Viveiro. Ademais,

queremos seguir a colaborar con outros clubs, como o Muralla RC, a través das cesións de xogadores e xogadoras para que todo o mundo teña a posibilidade de competir (se é o que quere). Por outra parte, queremos crear un equipo de Mixed Ability rugby, que é unha modalidade de rugby na que o equipo está composto por persoas con e sen discapacidade. A inclusión é un dos nosos valores principais, e queremos que o CR Fendetestas sexa un club no que todo o mundo atope o seu sitio.

Do mesmo xeito, na actualidade somos parte da rede galega Rugby no rural, que busca promocionar o noso deporte nas aldeas e vilas máis pequenas. A nosa idea é seguir apostando polo traballo coa base, tanto nas Pontes coma nos arredores, para que o día de mañá poidamos nutrir así os nosos equipos sénior. Outro punto clave é a organización de eventos: somos un club moi activo neste sentido, e mostra delo son os 8 campus que levamos organizados, e o primeiro torneo de rugby praia. De cara ao futuro, queremos darlle continuidade tanto aos campus coma ao rugby praia, e tamén nos gustaría organizar unha Concentración de Escolas de rugby na nosa vila. Por último, xa máis a nivel técnico, queremos continuar profesionalizando o club.

E necesidades?

A nosa necesidade máis prioritaria é a de ter persoal con experiencia e formación en rugby, que poida dirixir grupos de adestramento tendo por obxectivo a promoción dos nosos valores (por riba do plano competitivo). É certo que temos un grupo de monitorado amplo e estable, pero de cara a medrar e aumentar as categorías, é necesario que o número de persoas adestradoras se incremente. Tamén precisamos de instalacións para levar a cabo todas as actividades que plantexamos. É certo que desde a creación do campo de herba artificial Evaristo Puentes Durán mellorou moitísimo a calidade dos nosos adestramentos, pero este campo non conta con servizos (vestiarios, baños, almacén, gradas...), o que sen dúbida afecta directamente á nosa organización.

A entrevista completa en www.terrachaxa.com



Equipo sénior masculino do Fendetestas

Volven as carreiras

Xa hai data para moitas das citas de relevancia da programación anual

TRAIL DAS BESTAS. O Concello de Muras, organizador do Trail das Bestas, vén de convocar unha nova edición do mesmo para o 17 de xullo, domingo, mantendo a idea do cambio de adiantar a súa celebración ao verán e non en novembro como era costume. As inscricións abriranse en marzo e, como no podía ser doutro xeito, a proba contará cun protocolo especial para a proba que garante a seguridade de todos.

A que será a quinta edición soe ter un percorrido circular con saída e meta na Área Recreativa da Veiga despois de percorrer un circuíto marcado na Serra do Xistral no seu punto máis lonxano. A organización establece catro distancias diferentes para percorrer.

Tamén se establecen diferentes categorías, sénior masculino ou feminino -dende os 18 ata os 45 anos- e veterano ou veterana -a partir dos 46 anos-. Habrá trofeos para os tres primeiros de ambas categorías.

SAMURAI XTREME. A Samurai Xtreme Race Lago das Pontes xa ten data de celebración para este ano 2022 e será o 10 de xullo. Esta proba desafia aos participantes a conquistar obstáculos extremos nun terreo complicado. Será unha carreira duns 7 a 9 quilómetros de distancia coa saída e



a meta na praia do Lago das Pontes. Os obstáculos repartiranse por todo o percorrido cunha separación máxima entre eles de 500 metros, e a carreira partirá da zona sur da praia do Lago pasando pola zona cedida por Endesa ao Concello para penetrar na zona propiedade de Endesa.

As inscricións, que xa están abertas, realizaranse a través da páxina web de Champion Chip Norte

Cada participante recibirá unha camiseta, medalla, avituallamentos e agasallos ofrecidos polos patrocinadores. Habrá trofeo especial para os tres primeiros clasificadas, así como aos tres primeiros equipos que consigan o menor tempo.

Na Samurai Xtreme Race tamén hai

sitio para a diversión dos nenos e por iso os pequenos de 4 a 13 anos poderán desfrutar da Samurai Junior Race, que se realizará nas zonas verdes á beira da praia do lago.

GUITIRIZ TERMAL. O Concello guitiricense anunciou a celebración o próximo 2 de abril dunha nova edición da Carreira Popular Guitiriz Termal, que volverá ser presencial tralo paso da covid. Esta carreira ten fins solidarios polo que a recadación dos dorsais será para asociación Somos Unidos polo Cáncer establecéndose tamén unha fila 0 para donativos.

A carreira terá lugar no Campo da Feira de Guitiriz a partir das 17.00 horas en diferentes categorías segundo a idade. A última será a absoluta, que comezará ás 17.30 horas. A andaina, tamén repartida en dúas categorías, comezará ás 16.30 horas.

CAMPO A TRAVÉS. Área Recreativa da Madalena en Vilalba acollerá o sábado 12 de febreiro o Campionato Provincial Xogade de Campo a Través 2021-22. Habrá medallas para os tres primeiros clasificados individuais de cada categoría e sexo en cada unha das fases. No apartado de equipos haberá medallas para os tres mellores equipos clasificados de cada categoría e sexo.

O friolense Nemesio Gutiérrez faise con tres medallas no Campionato de España Máster

Gran actuación do representante do Atletismo Friol no Campionato de España Máster de pista cuberta disputado este fin de semana en Valencia e onde Nemesio Gutiérrez lograba un total de tres medallas.

O exitoso camiño de Nemesio comenzaba na proba dos 3000 metros lisos, onde conquistaba a medalla de prata na categoría M-65, mentras que nos días seguintes facíase coa medalla de bronce tanto nos 800 metros lisos como nos 1500 metros lisos. Esta triple condición de medallista aupou a Gutiérrez como un dos máis destacados atletas da delegación galega no campionato.

OURENSE E LUGO. Por outra parte, outros atletas do equipo friolense estiveron tomando parte neste fin de semana en probas de pista cuberta nesta fase da tempada invernal. Así, o sábado varios deportistas estiveron presentes na III Xornada da Copa Diputación de Atletismo que se disputaba no módulo cuberto do Estadio Gregorio Pérez Rivera, onde o máis destacado foi o triunfo de Noa Mouriz



na disciplina dos 60 metros valos dentro das categorías sub 16 e sub 18, mentras que a súa compañeira de equipo Mara Montes ocupaba a cuarta posición. Pola súa parte, Mencía Casanova gañaba o lanzamento de peso da categoría sub 18 e Leyre Santos ocupaba a segunda posición.

No día seguinte, na xornada de control de Ourense, Cristian Montecelo resultaba gañador absoluto dos 800 metros lisos cun tempo de 1.56 minutos, mentras que María Carballido era segunda na mesma proba cun tempo de 2.14, quedándose a escasas 80 centésimas para poder disputar o nacional absoluto. Nerea Lage gañaba a serie B dos 800 metros lisos cun tempo de 2.26 minutos.

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN
Concello: 982 50 80 21
Garda Civil: 982 50 80 11
Centro de Saúde: 982 50 81 22

A PASTORIZA
Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60
Garda Civil: 982 34 90 20
Centro de Saúde: 982 33 21 41

AS PONTES
Concello: 981 45 31 16
Policía Local: 981 45 31 91
Garda Civil: 981 45 00 05
Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

BEGONTE
Concello: 982 39 61 43
Garda Civil: 982 39 80 08
Centro de Saúde: 982 39 69 02

CASTRO DE REI
Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32
Garda Civil: 982 31 40 02
Centros de Saúde (cita previa) 982 21 10 18
Castro de Rei: 982 31 42 11
Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

COSEPITO
Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57
Garda Civil: 982 52 00 17
Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20
Feira do Monte: 982 50 34 69
Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

FRIOL
Concello: 982 37 50 01
Garda Civil: 982 37 50 02
Centro de Saúde: 982 37 10 98
Cita Previa: 982 37 10 05

GUITIRIZ
Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00
Garda Civil: 982 37 00 01
Centro de Saúde: 982 37 21 10
Parga P.A.C.: 982 37 05 00

MEIRA
Concello: 982 33 01 02
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 35 69 27
Cita previa: 982 33 02 40

MURAS
Concello: 982 50 00 01
Garda Civil: 982 50 00 20
Centro de Saúde: 982 50 01 23

OUTEIRO DE REI
Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55
Garda Civil: 982 39 00 05
Ambulancia: 982 23 16 13
Centro de Saúde: 982 39 25 98
Cita previa: 982 39 32 67
P.A.C.: 982 39 34 00

POL
Concello: 982 34 50 29
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

RÁBADA
Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52
Garda Civil: 982 39 00 05
Centro de Saúde: 982 39 01 01

RIORTORTO
Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

VILALBA
Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16
Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50
Garda Civil: 982 51 03 07
Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

XERMADE
Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27
Garda Civil: 982 50 10 08
Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

📞 Teléfonos: www.terrachaxa.com



Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062



TELÉFONOS DE INTERESE

TERRACHAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfonos: 661 464 323 - 673 903 924
E-mail: redaccion@terrachaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU-517-03
ISSN 2660-4507

COLABORACIÓN

Talento literario desde A Chaira (I)

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Brais chegara á casa dos seus avós sendo un meniño que aínda non andaba, metidión nun caixón feble e escanstrado, envolto nunha manta de liño. Así comeza a historia narrada por Xosé Manuel Felpeto Carballeira, este home nado en Cabreiros, concello de Xermade, inquieto, emprendedor e comprometido co seu berce o as súas xentes.

Xa hai varios meses que asistín á presentación desta novela, titulada *O pau de ferro*, pero non

foi ata agora cando me decidín a escribir sobre a mesma. En primeiro lugar, cómpre recoñecer o mérito do seu autor, de quen souben hai anos como un dos promotores das hoxe consolidadas Xornadas Interxeracionais Rurais que se desenvolven no propio lugar do seu nacemento. O mérito que ten a organización dunha actividade coma esa non se pode pasar por alto. As ponencias e demais actos que se realizan, os conferenciantes e o grao de participación e implicación dos veciños e forzas vivas da zona son a proba delo, de aí o seu éxito edición tras edición. Tamén constatei que no seu currículum acreditaba experiencia no mundo audiovisual e na

producción teatral, ademais das súas colaboracións como articulista na sección A Chaira, do xornal *El Progreso*. Pero faltaba dar un paso máis adiante e ese chegou coa publicación do seu primeiro libro.

Desde a primeira liña ata a última, a novela está chea de emoción e non deixa de impactar a quen a le. Unha Galicia Rural de hai varias décadas é a que se describe, sendo nela na que se desenvolven os seus personaxes. Unha época des escaseza e tamén dalgunhas inxustizas, pero esa dura realidade non impedía que aqueles que vivían nela se revelasen contra as penurias sufridas, procurando unha vida futura mellor. A cul-

tura do esforzo pódese deducir ó longo de toda a narración, superando o que sería unha negativa resignación.

O neno Brais vai medrando, coitado pola súa avoa, quen tivo que exercer de nai, xunto ós seus veciños e amigos, nun entorno reducido, pero ó mesmo tempo cheo de vida. Xosé Manuel sabe contar coma ninguén como era aquela época, sen luxos e sen máis redes sociais que a axuda mútua entre a veciñanza para os traballos duros do campo, ou cando aparecía algún imprevisto en calquera familia. Transmite con coñecemento de causa a infancia daqueles nenos e nenas, quen pasaban o tempo xogando a

carón do cemiterio, temerosos e ilusionados ó mesmo tempo polo seu propio porvir. Non podían faltar personaxes claves naquela Galicia profunda, pero ó mesmo tempo digna e orgullosa dos seus logros, como son o crego e a mestra. Os dous, aparte de cadansúa función, non dubidaban en convencer a uns recelosos proxenitores para que deixasen a eses mozos e mozas ir fóra para prepararse e poder ter unha vida máis próspera.

Resulta un motivo de orgullo e satisfacción que chairegos amosen o seu talento literario e sexan quen de contarnos vivencias de aquí, da nosa Terra, de onte, de sempre.

Filios do século XX

DE FOLIADA EN REIGADA



Moncho Paz

Lembro que foi nunha calorosa tarde, a mediados de agosto de 1998. Mentres descansaba no salón da miña casa en Compostela, de súpeto escoitei o teléfono. “Ola Monchiño, son Chao. Acabo de chegar de París con Manu, tras un longo periplo en motocicleta. Estamos gozando duns días en Bastavales e mañá achegareime ata aí para visitar ao meu irmán Pepe e recoller no Hostal a un vello amigo, a ver se podemos vernos sobre ás cinco”. E colgou. Ao día seguinte, puntual coma un reloxo, presenteime na porta do antigo hospital de peregrinos e inmediatamente divisei a Ramón, en compañía dun home alto e ben plantado; ao detectar a miña presenza, xesticulou co brazo para que me aproximase. A miña sorpresa foi ao recoñecer ao seu acompañante, pois non era outro ca Eduardo Haro Tecglen, o afamado xornalista madrileño. Os seus artigos no diario *El País* eran para min de obrigada lectura dende os meus anos de estudante na Universidade Complutense. Tras as presentacións oportunas, Ramón -exercendo de mestre de

cerimonias- afirmou con rotundidade: “Chameite para que me acompañes a dar unha volta con Eduardo polos xardíns do Auditorio de Galicia, onde esta tarde presenta o seu novo libro, *Hijo del siglo*. Despois iremos cear algo pola zona vella, a ver se podes reservar mesa para tres no restaurante Camilo”.

Durante a presentación do libro, Eduardo quixo mais ben manter un debate co público ca dar unha conferencia. Unha fórmula que, sen sabelo daquela, adoptariamos tempo despois Ramón e mais eu. Tras sufrir a súa primeira hemorraxia cerebral, como perdía o fío do discurso, pedíume que o acompañase por toda a xeografía peninsular cada vez que tiña un acto programado. E así o fixemos durante nove anos consecutivos; pero esta é outra historia.

Aquela tarde de charla foi un verdadeiro agasallo para min. Ramón evocou o comezo da súa amizade con Haro: “Coñecemos en 1967, cando eu aínda tiña un estatuto especial de colaborador exterior na revista *Triunfo*. A miña primeira conversa con el foi ao volver de Estocolmo, logo de asistir á entrega do Premio Nobel de Literatura a Miguel Ángel Asturias, a quen acompañara dende París. De regreso na capital francesa, non lembro agora se



quedáramos na terraza do Flore, ou na do Deux Magots, en Saint-Germain-des-Prés, pero o certo é que sintonizamos á primeira. Por alí andaban sempre Cortázar, García Márquez, Octavio Paz, Vargas Llosa, Cabrera Infante, Sarduy e outros, cando aínda non eran o boom”.

Eduardo escoitaba a Ramón cun sorriso afable, reflexo da súa mutua simpatía e complicidade. Como novo xornalista, recoñezo que Haro Tecglen impresionoume moito dende o primeiro momento: pola súa exquisita educación, o seu pensamento escéptico e a súa fina ironía. Para romper o xeo, confeselle a miña admiración pola obra do seu fillo Eduardo Haro Ibars, finado prematuramente

en Madrid dez anos antes e que me sorprendera co seu libro *El polvo azul* (*Cuentos del Nuevo Mundo Eléctrico*), inspirado no estilo de William S. Burroughs. Ao percibir emoción na súa ollada, decidín cambiar de tema, pasar a segundo plano e ser testemuña de excepción naquela tertulia de dous xigantes do xornalismo, a quen admiraba por riba de todo.

Ramón contaba que naquela época ía de París a Madrid dúas ou tres veces ao ano para asistir a reunións de redacción cruciais, “especialmente cando nos aplicaban a lei Fraga, suspendían a revista e había que elaborar estratexias xornalísticas e financeiras para seguir nos quioscos”. Pola súa banda, Eduardo mencionou a súa etapa como correspondente en Francia do diario *El Correo Español-El Pueblo Vasco*. “Nunha ocasión recibín un aviso do director xeral de prensa, Juan Aparicio, e viaxei a Madrid de inmediato, como era obrigado. Na sala de espera atopeime con Pedro Gómez, que era todo un personaxe naqueles tempos. Chamábanlle Pedrogó porque a xente apagaba a radio cortando o seu apelido cando se anunciaba a transmisión da súa crónica de política internacional. Aglutinaba na súa persoa unha morea de cargos, pois era director da

Axencia Efe, conselleiro do ministro de Asuntos Exteriores, profesor da Escola Oficial de Xornalismo, presidente da Asociación da Prensa e director de *Hoja del Lunes*”.

Haro Tecglen e Chao, homes dunha cultura inmensa, compartían unha mesma visión do mundo, da política e da música. Nunha das entrevistas que me concedería Ramón anos despois en París, aínda tiña referencias para o seu amigo, falecido en 2005: “A Eduardo débolle a práctica da escritura oblicua, técnica indispensable para burlar á censura e que trato de seguir aplicando, porque me parece moito máis eficaz que a directa”. Segundo Chao, Haro nunca se metía con ninguén nos seus artigos, senón que comentaba temas internacionais e, de esguello, enfocaba a actualidade española. Por exemplo, cando falaba dun xeneral que organizaba eleccións democráticas (De Gaulle), os intelixentes lectores das súas crónicas sabían que se refería a outro xeneral (Franco).

Chao Rego e Haro Tecglen foron dous xenios, dous grandes mestres do xornalismo cultural que nunca esquecerei. E aos que estarei eternamente agradecido, pola súa actitude de compromiso, a súa bondade e a súa xenrosidade.



Masustegi, o barrio galego de Bilbao

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

O barrio de Masustegi, lugar de moras ("masusta" en éuscaro), está colgado do monte Cobetas, ao lado do monte Caramelo.

Este barrio bilbaíno foi levantado entre os anos 50 e 60 do século pasado, de noite e casa a casa polos emigrantes galegos, que nun impresionante acto de solidariedade e irmandade axudábanse a subir primeiro os ladrillos, a area, o cemento e os outros materiais de construción, e cando xa tiñan todo o necesario para levantar unha casa, reuníanse todos e nunha noite eran capaces de erguer unha casa para os novos veciños. Cando amencía, xa a nova vivenda tiña catro paredes e un teito, un can e unha simple cama, aínda que fora sen xergón e sen roupa, porque eran os requisitos necesarios para que a policía non a puidese tirar nin botalos fora dela. Despois estas casas íanse reformando e ampliando pouco a pouco segundo as posibilidades económicas dos donos, ata que tiveran todas as comodidades posibles.

Era moi duro subir os materiais da construción por aquelas interminables costas e empinadas escaleiras, contando nada mais que coa axuda dos burros que lles alugaba un veciño coma se de coches se tratara. Pero non so fixeron as casas, senón que tamén foron eles os que tiveron que construír e procurar as infraestruturas de escaleiras e accesos; alumado, traídas de auga e outros elementos que non proporcionaba o concello, aínda que agora regularizouse a situación, sendo esa institución a que se fai cargo deles.

Sempre me sentín orgulloso dese traballo comunal que desenrolaron os nosos paisanos e paisanas; desa solidariedade, dese amor e

dese cariño que florecía e florece entre aqueles veciños e veciñas, polo que tamén me sinto moi identificado coa xente deste barrio que se estende por toda a ladeira deses dous montes. Desde o primeiro momento sentín un cariño especial por esas xentes que vivían como en calquera aldea de Galicia ao lado de Bilbao e chamábame moito a atención a utilización dos animais para salvar os accidentes xeográficos que supoñían aquelas costas. Lémbrome do burro que gravei en Súper 8 no ano 1981, cando subía o pan e demais mercancías polas escaleiras para a tenda de ultramarinos que había na metade da costa, gravación que logo utilizou Davide Cabaleiro na película "Sitio Distinto", sobre a emigración galega en Euskadi. A este precioso lugar é onde lles aconsello que vaian os rapaces que queren facer algún traballo ou estudio sobre a nosa diáspora en Euskadi.

Chama tamén a atención que, estando as casas unhas tan próximas ás outras, e incluso con estreitos pasos comúns, existe unha gran amizade e camaradería entre os veciños e unha ausencia total de conflitos veciñais. Son todos unha gran familia.

Alí, os da Asociación Cultural Rosalía Castro de Barakaldo temos organizado diversos actos culturais con motivo do Día das Letras, exposicións do libro galego e conferencias de todo tipo. O profesor Xosé Estévez en varias ocasións, Uxío Novoneyra, Marcial Gondar Portasany, Alfonso Blanco Torrado, Bruno Pena, André da Ponte (quen recuperou o Apalpador) e outros que pasaron por alí deixaron a súa pegada. Incluso eu tiven o gusto de disertar sobre a vida e a obra do meu amigo e veciño, Xosé María Díaz Castro.

Foi o 19 de maio de 1991 cando levamos a Uxío Novoneyra a dar un recital de poesía no local da Asociación de Veciños. Eu tiña certo medo de que houbera moito ruído, pois no local había bar e a


xente asistía ao recital e tomaba algo na barra ao mesmo tempo, pero tras da presentación do poeta polo profesor Xosé Estévez, tocoulle a quenda a Uxío Novoneyra e o silencio que había no ambiente era total, polo que Uxío puido deleitarnos coa súa voz, recitando poemas seus e unha escolma da poesía galega contemporánea.

O mesmo pasou na interesante conferencia de Marcial Gondar Portasany o 25 de maio de 1993, sobre un tema tan pouco apetitoso a primeira vista como "A Cultura da morte en Galicia", pero cando empezou a disertar o antropólogo a xente escoitou atentamente as sabias verbas do conferenciante. Sinto non haber levado por alí a Manuel María, quen houbera disfrutado moito vendo ese barrio e que houbera comparado cos curutos de Piapaxaro onde aniñan as aguías.

Como en calquera aldea galega que se prece non podía faltar un grupo de gaitas e un grupo de baile galego, así que Masustegi conta desde fai moitos anos co grupo "Agarimos", un grupo de gaitas e danzas, creado e dirixido polo veciño e mestre de gaiteiros, Xosé Losada Mella, mais coñecido por Pepiño, de quen falaremos tamén algún día nestas mesmas páxinas. Teño alí vellos amigos e coñecidos cos que gusto conversar, así que de vez en cando vou por este barrio no que o idioma que mais se fala probablemente sexa o de Rosalía. Podo asegurar que todas e cada unha das persoas que subiron as longas escaleiras que rematan no miradoiro, que está ao carón da Igrexa e do local da Asociación de Veciños, séntense como en calquera aldea de Galiza, porque Masustegi é un cacho da nosa terra desde o que se pode ollar Bilbao desde arriba, a vista de paxaro.


Quezas o gran poeta vasco Gabriel Aresti ao coñecer este barrio chego a propoñer, que nalgunhas zonas de Euskadi tamén o galego debía ser oficial.

a elección de...




Marcos García Lombardero
Presidente de Asapa, Asociación de Empresarios e Comerciantes da Pastoriza

un libro



El Quijote

un disco



En tus planes de David Bisbal

unha película



La Vida es Bella

un personaxe histórico



Manuel Fraga

un lugar para visitar



A Pastoriza

unha afección



Deporte e escoitar aos maiores

unha comida



Tortilla de pataca

unha bebida



Un viño Rioja ou unha Estrella Galicia

Consulta os eventos en:
www.terrachaxa.com



¡ Haz tus encargos !

San Roque 3.
Novo Cazón 12.

982510062
620417383

¡ Felices fiestas !

DE RUTA EN RUTA

Abadín: Ruta dos Muíños


Este roteiro, que transcorre por unha fraga, percorre as vellas edificacións do rego de Rodeiro e pasa xunto ao río Anllo

Entre as abundantes actividades de lecer pódese facer sendeirismo polos múltiples carreiros e camiños do municipio no que tamén pasa a ruta da costa do Camiño de Santiago. Nesta ocasión falaremos da ruta dos Muíños que é a ruta máis curta da rede de sendeiros da Terra Chá con só 5,7 km que transcorren polo interior dunha fraga, unindo no seu percorrido cinco muíños de auga construídos ao longo do río da Fraga. Ten un trazado lineal que comeza no Lugar da Laxe, xunto ao muíño fabril e restaurado de Corvite que data de inicios do século XX. A carón do muíño atópase o inicio do sendeiro.

O roteiro comeza nas antigas escolas de Corvite onde se poden contemplar as fermosas edificacións destas escolas e a Casa do Mestre, hoxe en relativo abandono. O camiño segue paralelo á canle do río Anllo cuberto por un bosque de ribeira. Logo cruza a estrada e discorre por un antigo camiño de carros que daba servizo á intensa actividade que se desenvolveu neste pequeno río.

O primeiro que se atopa é o muíño chamado do Mazo na Vesada, a medida que un se adentra no espléndido soto poderanse ver outro muíños como o de Trasón, da Fraga e Pequeno Escaravello en Foxacos, todos eles emprazados en lugares estratéxicos para o aproveitamento da forza da auga. Na última parte debe abandonarse a conca do río para chegar ata o final do sendeiro.

Dende aquí parte unha derivación que achegará aos sendeiristas ao muíño de Cabo da Vila que aínda conserva no seu interior todos os mecanismos de funcionamento. Ollo, porque ás veces os corzos cruzarán as fragas e acompañarán aos sendeiristas neste breve camiño que está incluído na interesante Rede de Sendeiros da Terra Chá, tamén hai que ter ollo coa climatoloxía pois durante a época de chuva o terreo estará anegado e pódese esvarar con bastante facilidade.



PR-G 152



1 h 40 min.



5,7 km.

Dificultade
baixa



CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos
- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

Cursos y Certificados



GRUPO FORMAT
formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
Telf.: 982 51 36 05